


CONCELLO DE TEO

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL

DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 27.01.10 DA CMATI



TOMO V




OFICINA DE
PLANEAMIENTO S.A.

ANALISE DO MODELO DE ASENTAMIENTO POBOACIONAL
ESTUDO DO MEDIO RURAL
ESTUDO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXISTICO

ABRIL 2010






Oficina de Planeamiento, S.A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña
E-mail opsa @ odepsa.com
Telf. 981 27 21 51 - 27 24 02
Fax 981 14 56 29

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE TEO

DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 27-01-10 DA C.M.A.T.I.

ABRIL 2010



Oficina de Planeamiento, S.A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña
E-mail: opsa@odepsa.com
Telf. 981 27 21 51 - 27 24 02
Fax: 981 14 56 29

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE TEO

DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 27-01-10 DA C.M.A.T.I.

ABRIL 2010

EQUIPO REDACTOR

Dirección de Proxecto e Coordinación:

José Díaz Sotelo. Arquitecto.

Luis Suárez-Carreño Lueje. Arquitecto.

Anxel Viña Carregal. Economista.

Consultoría de Dirección:

Juan Luis Dalda Escudero. Dr. Arquitecto.

Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.

Equipo Técnico:

José Díaz Sotelo. Arquitecto.

Miguel Díaz Varela. Biólogo.

Alberto Forján Roibal. Arquitecto.

Olga Fra Gálvez. Arquitecta.

M. Mar García García. Arquitecta.

Dolores Gómez Míguez.

Ana Marquina Torres.

Luis Suárez-Carreño Lueje. Arquitecto.

Anxel Viña Carregal. Economista.

Colaboradores:

Roi Feijóo Rey.

Roberto Fernández Ordóñez.

Estela Freire Pérez.

Concepción García García.

Diego García Mejuto.

Elisa Martínez de Ubago Algarra.

Ignacio Mendizábal Herrero.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE TEO

DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 27-01-10 DA CMATI

ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL **FEBREIRO 2010**

ÍNDICE

1	ENTIDADES DE POBOACIÓN	1
1.1	RELACIÓN DE ENTIDADES E DATOS DE POBOACIÓN	1
1.2	DISTRIBUCIÓN DAS ENTIDADES POR RANGOS DE POBOACIÓN.....	5
1.3	DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DA POBOACIÓN.....	6
1.4	ANÁLISE DA EVOLUCIÓN E DISTRIBUCIÓN DEMOGRÁFICA	11
2	PARROQUIAS	14
2.1	CARACTERIZACIÓN	14
2.2	RESUMO DE DATOS POR PARROQUIA.....	22
2.3	EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN PARROQUIAL	23
3	ASENTAMENTOS TRADICIONAIS	25
3.1	MORFOLOXÍA.....	25
3.2	TIPOS DE ASENTAMENTOS	26
3.3	CALIDADE AMBIENTAL DOS NÚCLEOS RURAIS.....	29
3.4	DISTORSIÓN DA ESTRUCTURA DE ASENTAMENTOS E TERRITORIAL	29
3.5	CONSTRUCCIÓN TRADICIONAIS	30
4	CLASIFICACIÓN DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN	35
4.1	BASES PARA A CLASIFICACIÓN	35
4.2	METODOLOXÍA DE CLASIFICACIÓN.....	35
5	ESTUDIO DOS NÚCLEOS RURAIS.....	48
6	DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL E A SÚA EXPANSIÓN	50
6.1	DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE ORIXE	50
6.2	DELIMITACIÓN DA ÁREA DE EXPANSIÓN DO NÚCLEO	51

1 ENTIDADES DE POBOACIÓN

1.1 RELACIÓN DE ENTIDADES E DATOS DE POBOACIÓN

No seguinte cadro recóllense as entidades de poboación que compoñen o municipio de Teo, así como os datos de poboación de dereito correspondentes aos Censos e Padróns actualmente publicados (á data de redacción deste documento, o Censo 2001 non se publicou aínda con datos por debaixo do municipio).

Cadro 1: Evolución da poboación por núcleo e parroquia, 1981-2003

Código INE ¹ e Nome Núcleo	Categoría Nomenclátor ²	P. Dereito 1981	P. Dereito 1991	P. Dereito 2001	% Variac. 1981-1991	% Variac. 1991-2001	Padrón 2003
0820101 A BARCIA	Aldea-D	23	14	31	-39,1%	121,4%	31
0820102 CACHEIRAS	Aldea-N	284	246	911	-13,4%	270,3%	1.293
0820103 COVAS	Aldea-N	108	115	154	6,5%	33,9%	171
0820104 COSTENLA	Aldea-D	40	36	32	-10,0%	-11,1%	27
0820105 AS CRUCES	Aldea-D	3	7	12	133,3%	71,4%	12
0820106 A DEVESEA	Aldea-D	25	26	34	4,0%	30,8%	32
0820107 FEROS	Aldea-N	77	101	170	31,2%	68,3%	185
0820108 GULDRÍS	Aldea-D	47	45	51	-4,3%	13,3%	60
0820109 A IGREXA	Aldea-N	86	76	93	-11,6%	22,4%	95
0820110 LAMAS	Aldea-N	52	71	92	36,5%	29,6%	93
0820111 MONTE	Aldea-N	48	47	74	-2,1%	57,4%	81
0820112 NOENLLES	Aldea-D	30	17	14	-43,3%	-17,6%	13
0820113 PEDROUSO	Aldea-N	78	75	92	-3,8%	22,7%	96
0820114 PENELAS	Aldea-N	111	127	133	14,4%	4,7%	133
0820115 A PÓBOA	Aldea-N	87	111	179	27,6%	61,3%	192
0820116 PROCELAS	Aldea-N	71	52	59	-26,8%	13,5%	57
0820117 RAXÓ	Aldea-N	80	62	86	-22,5%	38,7%	89
0820118 REQUIÁN	Aldea-N	52	42	51	-19,2%	21,4%	47
0820119 A RIBEIRA	Aldea-N	89	78	94	-12,4%	20,5%	102
0820120 SEBE	Aldea-N	136	167	197	22,8%	18,0%	201
0820121 O SISTO	Aldea-N	84	69	107	-17,9%	55,1%	103
0820122 A TORRE	Aldea-N	98	89	149	-9,2%	67,4%	150
0820123 TRAS DO EXO	Aldea-D	25	29	14	16,0%	-51,7%	13
0820124 VILAR	Aldea-N	76	74	75	-2,6%	1,4%	76
0820126 SAN SADURNIÑO	Aldea-N	-	-	432	-	-	490

¹ Inclúe os tres díxitos municipais (082), seguidos de dous de entidade colectiva (parroquia) e dous de entidade singular (núcleo/diseminado).

² Categoría de entidade (parroquia, aldea, lugar, etc.), e grao de agrupación da entidade singular (N: núcleo, D: diseminado).

Cadro 1: Evolución da poboación por núcleo e parroquia, 1981-2003

Código INE ¹ e Nome Núcleo	Categoría Nomenclá-tor ²	P. Dereito 1981	P. Dereito 1991	P. Dereito 2001	% Variac. 1981-1991	% Variac. 1991-2001	Padrón 2003
0820100 CACHEIRAS (S. Simón de Ons)	Parroquia	1.810	1.776	3.336	-1,9%	87,8%	3.842
0820201 ADRÁN	Aldea-D	35	34	40	-2,9%	17,6%	39
0820202 AMENEIRO	Aldea-N	155	181	264	16,8%	45,9%	274
0820203 BALCAIDE	Aldea-N	323	321	309	-0,6%	-3,7%	302
0820204 CABOVILA	Aldea-N	82	82	92	0,0%	12,2%	88
0820205 CARBALLAL	Aldea-N	123	136	166	10,6%	22,1%	165
0820206 O CASAL	Aldea-D	10	13	25	30,0%	92,3%	24
0820207 A CASALONGA	Aldea-N	272	271	252	-0,4%	-7,0%	244
0820208 CESAR	Aldea-N	100	99	104	-1,0%	5,1%	102
0820209 CORNIDE	Aldea-N	162	126	132	-22,2%	4,8%	130
0820210 O FARMELLO	Aldea-D	25	17	21	-32,0%	23,5%	18
0820211 FIXÓ	Aldea-N	245	251	234	2,4%	-6,8%	240
0820212 FOLGUEIRAS	Aldea-N	80	98	117	22,5%	19,4%	119
0820213 AS GALANAS	Aldea-N	118	181	251	53,4%	38,7%	256
0820214 A IGREXA	Aldea-N	84	84	91	0,0%	8,3%	92
0820215 MAZAS	Aldea-N	92	68	86	-26,1%	26,5%	90
0820216 MOUROMORTO	Aldea-N	149	135	143	-9,4%	5,9%	141
0820217 OSEBE	Aldea-N	216	211	221	-2,3%	4,7%	224
0820218 A PEDREIRA	Aldea-N	112	109	123	-2,7%	12,8%	129
0820219 RIOTINTO	Aldea-D	20	20	21	0,0%	5,0%	22
0820221 SAN DOMINGO	Aldea-N	82	98	146	19,5%	49,0%	138
0820222 SOCASTRO	Aldea-N	44	24	36	-45,5%	50,0%	42
0820223 SOLLÁNS	Aldea-N	233	256	303	9,9%	18,4%	298
0820224 TEXEXE	Aldea-N	133	137	155	3,0%	13,1%	151
0820225 VILA VERDE	Aldea-N	62	71	69	14,5%	-2,8%	66
0820228 VILAR DE CALO	Aldea-N	144	200	241	38,9%	20,5%	237
0820231 VILARES DE RÚA DE FRANCOS	Aldea-N	351	320	299	-8,8%	-6,6%	292
0820230 A XESTA	Aldea-D	33	37	41	12,1%	10,8%	39
0820200 CALO (San Xoán)	Parroquia	3.485	3.580	3.982	2,7%	11,2%	3.962
0820301 VEITUREIRA	Aldea-N	41	23	21	-43,9%	-8,7%	20
0820302 A AGRELA	Aldea-N	105	81	92	-22,9%	13,6%	92
0820303 MOSTEIRO	Aldea-N	67	55	51	-17,9%	-7,3%	53
0820304 A SILVA	Aldea-N	141	113	98	-19,9%	-13,3%	98
0820305 VILAR DO BISPO	Aldea-D	27	24	26	-11,1%	8,3%	28
0820300 LAMPAI (Santa María)	Parroquia	381	296	288	-22,3%	-2,7%	291

Cadro 1: Evolución da poboación por núcleo e parroquia, 1981-2003

Código INE¹ e Nome Núcleo	Categoría Nomenclá-tor²	P. Dereito 1981	P. Dereito 1991	P. Dereito 2001	% Variac. 1981-1991	% Variac. 1991-2001	Padrón 2003
0820401 CHAVES	Aldea-N	68	37	34	-45,6%	-8,1%	32
0820402 LUCÍ	Aldea-N	33	34	32	3,0%	-5,9%	38
0820403 PAREDES	Aldea-N	65	61	70	-6,2%	14,8%	72
0820404 PITE	Aldea-N	132	124	122	-6,1%	-1,6%	128
0820405 A RAMALLOSA	Lugar-N	177	169	279	-4,5%	65,1%	333
0820400 LUCÍ (Santa Mariña)	Anejo	475	425	537	-10,5%	26,4%	603
0820501 O AÍDO	Aldea-N	53	38	52	-28,3%	36,8%	48
0820502 BUSTELO	Aldea-N	136	111	122	-18,4%	9,9%	125
0820503 CANTOÑA	Aldea-N	22	14	13	-36,4%	-7,1%	15
0820504 CAXADE	Aldea-D	29	28	28	-3,4%	0,0%	28
0820505 ESPASANDE	Aldea-N	152	120	135	-21,1%	12,5%	127
0820506 A IGREXA	Aldea-N	105	82	83	-21,9%	1,2%	70
0820507 A INSUA	Aldea-N	71	66	79	-7,0%	19,7%	79
0820508 LOUREIRO	Aldea-N	72	50	49	-30,6%	-2,0%	44
0820509 NESPEREIRA	Aldea-N	73	77	90	5,5%	16,9%	88
0820510 PARAXÓ	Aldea-N	55	56	54	1,8%	-3,6%	55
0820511 QUINTÁNS	Aldea-N	44	30	31	-31,8%	3,3%	29
0820512 REGOUFE	Aldea-N	176	133	135	-24,4%	1,5%	125
0820513 TRASELLAS	Aldea-D	29	20	27	-31,0%	35,0%	27
0820500 LUOU (Santa María)	Parroquia	1.017	825	898	-18,9%	8,8%	860
0820601 AGOSO	Aldea-N	111	117	111	5,4%	-5,1%	106
0820602 CACHÓNS	Aldea-N	65	43	46	-33,8%	7,0%	42
0820603 CASTRES	Aldea-N	51	70	97	37,3%	38,6%	97
0820604 CEPEDA	Aldea-N	52	55	58	5,8%	5,5%	58
0820605 EIO DOS FERREIROS	Aldea-N	62	63	60	1,6%	-4,8%	57
0820606 EIO DOS MENECOS	Aldea-N	39	40	33	2,6%	-17,5%	32
0820607 GONDELLE	Aldea-D	9	-	-	-1	-	.
0820608 A ERMIDA	Aldea-N	23	85	80	269,6%	-5,9%	79
0820609 LAÑA	Aldea-D	2	5	5	150,0%	0,0%	4
0820610 O OUTEIRO	Aldea-D	47	34	36	-27,7%	5,9%	38
0820611 O PIRO	Aldea-D	43	35	36	-18,6%	2,9%	37
0820612 RIBAS	Aldea-N	92	82	113	-10,9%	37,8%	104
0820614 OS VERXELES	Urbaniz.-N	0	10	262	-	2.520,0%	282
0820613 VILANOVA	Aldea-N	53	39	35	-26,4%	-10,3%	38
0820600 OZA (Santa Baia)	Parroquia	649	678	972	4,5%	43,4%	974

Cadro 1: Evolución da poboación por núcleo e parroquia, 1981-2003

Código INE¹ e Nome Núcleo	Categoría Nomenclá-tor²	P. Dereito 1981	P. Dereito 1991	P. Dereito 2001	% Variac. 1981-1991	% Variac. 1991-2001	Padrón 2003
0820701 BOUÑOU	Aldea-N	82	55	78	-32,9%	41,8%	87
0820702 O CASAL DE REIS	Aldea-N	85	61	67	-28,2%	9,8%	55
0820703 A FLORIDA	Aldea-N	67	43	44	-35,8%	2,3%	39
0820704 FORNELOS	Aldea-N	167	153	159	-8,4%	3,9%	152
0820705 RARÍS	Aldea-N	144	91	107	-36,8%	17,6%	108
0820706 RIAL DO MATO	Aldea-D	23	21	22	-8,7%	4,8%	21
0820707 SESTELO	Aldea-N	138	83	66	-39,9%	-20,5%	70
0820708 VILELA	Aldea-N	65	42	41	-35,4%	-2,4%	38
0820709 BUELA	Aldea-D	39	19	26	-51,3%	36,8%	24
0820700 RARÍS (San Miguel)	Parroquia	810	568	610	-29,9%	7,4%	594
0820801 O CASAL	Aldea-D	31	30	26	-3,2%	-13,3%	24
0820802 CASALDOMIRO	Aldea-N	40	26	79	-35,0%	203,8%	81
0820803 A PEDRA	Aldea-N	135	113	152	-16,3%	34,5%	147
0820804 SEOANE	Aldea-N	63	55	61	-12,7%	10,9%	59
0820805 TARRÍO	Aldea-N	72	62	78	-13,9%	25,8%	75
0820806 VILANOVA	Aldea-N	112	106	127	-5,4%	19,8%	121
0820800 RECESENDE (San Xoán)	Anejo	453	392	523	-13,5%	33,4%	507
0820901 COIRA	Aldea-N	88	53	48	-39,8%	-9,4%	54
0820902 CHAO DO RIO	Aldea-D	30	29	29	-3,3%	0,0%	27
0820903 O FERREIRIÑO	Aldea-N	18	26	38	44,4%	46,2%	39
0820904 A FREIRÍA	Aldea-D	13	11	11	-15,4%	0,0%	11
0820905 FREIXEIRO	Aldea-N	67	55	44	-17,9%	-20,0%	41
0820906 A IGREXA	Aldea-N	65	47	47	-27,7%	0,0%	47
0820907 MONTECELO	Aldea-D	40	36	30	-10,0%	-16,7%	33
0820908 OLIVEIRA	Aldea-N	85	79	65	-7,1%	-17,7%	56
0820909 O OUTEIRO	Aldea-D	41	40	42	-2,4%	5,0%	42
0820910 PAZOS	Aldea-D	26	21	31	-19,2%	47,6%	34
0820911 O PIÑEIRO	Aldea-D	12	10	9	-16,7%	-10,0%	9
0820912 PONTEVEA	Aldea-N	89	99	124	11,2%	25,3%	126
0820913 A RIBEIRA	Aldea-N	131	92	102	-29,8%	10,9%	106
0820914 SAMAR	Aldea-D	41	29	27	-29,3%	-6,9%	29
0820915 VALIÑAS	Aldea-N	67	50	49	-25,4%	-2,0%	44
0820916 VIEIRO	Aldea-D	13	12	10	-7,7%	-16,7%	9
0820917 XERMEADE	Aldea-N	77	53	57	-31,2%	7,5%	58
0820900 REIS (San Cristovo)	Parroquia	903	742	763	-17,8%	2,8%	765

Cadro 1: Evolución da poboación por núcleo e parroquia, 1981-2003

Código INE ¹ e Nome Núcleo	Categoría Nomenclátor ²	P. Dereito 1981	P. Dereito 1991	P. Dereito 2001	% Variac. 1981-1991	% Variac. 1991-2001	Padrón 2003
0821001 AGROMAIOR	Aldea-N	64	31	35	-51,6%	12,9%	36
0821002 CAMPOS	Aldea-N	124	125	123	0,8%	-1,6%	120
0821003 FONTENLO	Aldea-N	91	76	70	-16,5%	-7,9%	71
0821004 MALLOS	Aldea-N	100	77	81	-23,0%	5,2%	80
0821005 NOCEDA	Aldea-N	39	39	43	0,0%	10,3%	43
0821006 VILACHAÍÑO	Aldea-N	36	21	16	-41,7%	-23,8%	18
0821007 VILAR	Aldea-N	119	84	66	-29,4%	-21,4%	57
0821000 TEO (Santa María)	Parroquia	573	453	434	-20,9%	-4,2%	425
0821101 O COTO	Aldea-D	24	23	19	-4,2%	-17,4%	20
0821102 A IGREXA	Aldea-D	11	13	11	18,2%	-15,4%	22
0821103 LAMAS	Aldea-N	101	82	77	-18,8%	-6,1%	77
0821104 MALFURADO	Aldea-D	11	7	9	-36,4%	28,6%	9
0821105 AS QUINTÁNS	Aldea-D	9	9	7	0,0%	-22,2%	7
0821106 REBOREDO	Aldea-D	34	22	25	-35,3%	13,6%	25
0821107 TRIBALDES	Aldea-N	128	90	92	-29,7%	2,2%	88
0821100 BAMONDE (Santa María)	Parroquia	318	246	240	-22,6%	-2,4%	248
0821201 CERDEIRA	Aldea-N	92	60	67	-34,8%	11,7%	73
0821202 VILARIÑO	Aldea-N	105	107	106	1,9%	-0,9%	103
0821200 VILARIÑO (San Tomé)	Parroquia	197	167	173	-15,2%	3,6%	176
0821301 PARQUE MONTOUTO	Urbaniz.-N	0	347	450	-	29,7%	454
0821302 OS TILOS	Aldea-N	0	2.112	2.406	-	13,9%	2.327
0821300 OS TILOS (San Francisco)	-	-	2.459	2.856	-	16,1%	2.781
TOTAL MUNICIPAL		11.071	12.607	15.612	10,7%	23,8%	16.028

Fonte: Nomenclátor 2003, Censos de Poboación 1981 e 1991, Padrón Municipal a 1-01-2003, elaboración propia.

1.2 DISTRIBUCIÓN DAS ENTIDADES POR RANGOS DE POBOACIÓN

Para unha interpretación dos anteriores datos resulta útil analizar a distribución das entidades segundo rangos de tamaño poboacional. No seguinte cadro reflíctese unha síntese da agrupación das entidades por rangos.

Cadro 2: Distribución das entidades segundo rangos de poboación

Ano	Nº núcleos	% s/ nº núcleos	Poboación	% s/ poboación
Núcleos menores de 15 hab				
1981	14	10,1%	93	0,8%
1991	14	10,1%	125	1,0%

Cadro 2: Distribución das entidades segundo rangos de poboación

Ano	Nº núcleos	% s/ nº núcleos	Poboación	% s/ poboación
2001	12	8,6%	115	0,7%
Maiores de 15 e menores de 50 hab				
1981	37	26,6%	1.234	11,1%
1991	43	30,9%	1.344	10,7%
2001	42	30,2%	1.397	8,9%
Maiores de 50 e menores de 100 hab				
1981	48	34,5%	3.530	31,9%
1991	48	34,5%	3.486	27,7%
2001	41	29,5%	3.073	19,7%
Maiores de 100 e menores de 200 hab				
1981	33	23,7%	4.290	38,7%
1991	24	17,3%	3.117	24,7%
2001	29	20,9%	3.913	25,1%
Maiores de 200 hab				
1981	7	5,0%	1.924	17,4%
1991	10	7,2%	4.535	36,0%
2001	15	10,8%	7.114	45,6%
TOTAIS				
1981	139	100,0%	11.071	100,0%
1991	139	100,0%	12.607	100,0%
2001	139	100,0%	15.612	100,0%

Fonte: Censos de Poboación 1981, 1991 e 2001, elaboración propia.

1.3 DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DA POBOACIÓN

Nos esquemas gráficos reflíctese a distribución espacial dos núcleos de poboación, representados de forma simplificada, de acordo á súa localización e dimensión aproximadas.




Gráfico 1: Localización aproximada das entidades de poboación, representadas mediante símbolo proporcional ao seu número de habitantes. Fonte: Padrón 1-01-03, elaboración propia.




Gráfico 2: Densidades poboacionais, segundo ámbito aproximado, por entidade. Fonte: Padrón 1-01-03, elaboración propia.




Gráfico 3: Variación de poboación de dereito entre 1981 e 1991 (excluídas entidades < 50 habs¹). Fonte: Censos poboación, elaboración propia.

¹ Tanto neste como no Gráfico 4 excluíronse as entidades por debaixo de 50 habitantes para evitar que variacións bruscas de poboación nas mesmas, relativamente importantes pero escasamente relevantes en termos absolutos, distorsionen o gráfico e a comprensión do modelo socio-espacial do municipio.





Gráfico 4: Variación de poboación de dereito entre 1991 e 2001 (excluídas entidades < 50 habs.). Fonte: Censos poboación, elaboración propia.

1.4 ANÁLISE DA EVOLUCIÓN E DISTRIBUCIÓN DEMOGRÁFICA

Como conclusións dos datos de poboación anteriores pódese sinalar:

1. Desde o punto de vista da distribución da poboación, os 16.026 habitantes empadroados en xaneiro do 2003, están repartidos nas 13 parroquias que agrupan 139 entidades de poboación. Unha poboación dispersa en múltiples núcleos de poboación, pero cunha certa xerarquía demográfica que se manifesta na significativa desigualdade no tamaño dos núcleos, con núcleos de varios centos de habitantes (e nun caso por enriba do millar), a partir de finais dos anos 80, e sobre todo na última década, debido tanto a un proceso de concentración de poboación nalgúns núcleos preexistentes, é dicir, por densificación de certas áreas, como a creación de urbanizacións ou promocións, de dimensións medias, en áreas de nova colonización.
2. En xeral a poboación do municipio de Teo creceu fortemente na última década censal, a un ritmo superior ao dobre da década anterior, e, aínda que como é lóxico ese crecemento non foi homoxéneo, si se pode constatar que de maneira xeneralizada, para a totalidade das parroquias do municipio, a década 1991-2001 presenta unha maior vitalidade demográfica que a anterior, pois incluso nos casos en que mantiveron saldos negativos (só tres parroquias, fronte ás 10 do período 1981-91), estes foron moito máis leves que os da década anterior, en todos os casos por debaixo do 5% de caída. Este mesmo fenómeno dáse a escala de entidade poboacional: As entidades que perden poboación pasan dun total de 94 no período 1981-91, cunha perda conxunta de 1.428 habs., a 42 no seguinte decenio, reducindo a súa poboación en só 259 habs.
3. Se ben o tamaño dos núcleos segue sendo moi variado, manténdose aproximadamente unha porcentaxe similar de entidades nos diferentes rangos considerados (agás no dos maiores de 200 habitantes, que representan o dobre de porcentaxe no último período), sen embargo, a poboación variou significativamente nos diferentes rangos de tamaño: Se en 1981 case o 44% dos habitantes residían en entidades de menos de 100 habitantes, esa porcentaxe descende por debaixo do 30% no 2001 (29,3%). E, o que resulta máis chamativo, a porcentaxe de habitantes en núcleos de máis de 200 habitantes pasa do 17,4% en 1981 a un 45,6% en 2001.
4. O tamaño poboacional medio dos núcleos, para o total municipal, pasou de 80 habs/núcleo en 1981 a 112 en 2001.
5. En canto á distribución espacial das entidades de poboación, o municipio de Teo presenta unhas importantes diferencias territoriais, reflectidas nos gráficos 1 e 2: Apréciase unha gradación xeral descendente, en termos de poboación, en sentido Norte-Sur no municipio, o que se comproba ao realizar unha división ideal deste en tres bandas (Norte, Centro e Sur), do mesmo ancho aproximado (como se reflicte nos gráficos), e cuantificar a poboación en cada unha delas.



O resultado é:


Cadro 3a: Distribución territorial da poboación municipal -1

	Nº de entidades de poboación	Poboación (2003)	% s/pob. total (2003)	Variación de poboación 1981-2001 (absoluta)	Superficie (km²)	Densidade poboacional (hab./km²)
Tercio Norte:	56	10.772	66,9%	+ 4.960	24,60	437,9
Tercio Centro	53	3.787	23,6%	- 57	36,04	105,1
Tercio Sur	30	1.519	9,5%	- 362	19,03	79,8

É dicir, mentres que nas entidades situadas no tercio Norte do municipio habitan dous tercios da poboación total, nas situadas no tercio Sur habita a penas unha décima parte da mesma. E, en canto á dinámica ou tendencia de evolución, o diferente comportamento global nas dúas décadas entre 1981 e 2001 é igualmente patente, segundo se aprecia na cuarta columna do cadro anterior.

Esta interpretación espacial debe matizarse, non obstante, con outros patróns apreciables: O maior despoboamento prodúcese nun arco diagonal ao Surlleste do municipio, contiguo a Padrón, que resulta aproximadamente de unir o punto de encontro do límite municipal coa N-550, ao Noroeste, e o entronque do río Sta. Lucía co Ulla, ao Surlleste.

Nos gráficos que seguen preséntase esta outra interpretación espacial da distribución da poboación que se sintetiza no cadro seguinte.



Cadro 3b: Distribución territorial da poboación municipal -2

	Nº de entidades de poboación	Poboación (2003)	% s/pob. total (2003)	Variación % de poboación 1981-2001	Superficie (km²)	Densidade poboacional (hab./km²)
Tercio Norleste	37	7.972	49,7%	+ 38,3%	17,68	450,9
Tercio Centro	77	6.840	42,7%	+ 2,2%	40,54	168,7
Tercio Sudoeste	25	1.216	7,6%	- 20,8%	21,45	56,7

O tercio NE, de menor superficie, concentra máis poboación e maiores crecementos, fronte ao tercio medio, menos poboado aínda que con crecementos moderados, e ao tercio SO próximo a Padrón, de baixa densidade e decrecente poboación.

6. En todo caso, de forma esquemática, pódense diferenciar claramente as dúas metades, setentrional e meridional do termo municipal en termos de grao de urbanización e poboación: Trazando a mediatriz en sentido Leste-Oeste, do territorio (liña equidistante dos extremos Norte e Sur), aínda que se obteñen dúas superficies similares (41,52 km² a metade Norte fronte a 38,15 km² a metade Sur), sen embargo na metade Norte habitan case 4 veces máis habitantes que na metade Sur: 12.762 fronte a 3.266 habitantes, segundo o Padrón 2003.

E por outra parte, como se aprecia igualmente nos esquemas gráficos, a localización das principais concentracións de poboación segue tamén determinados eixes de comunicación, e non só a latitude do territorio, particularmente as estradas N-550 e AC-841 (antiga C-541).

7. Con relación á evolución da poboación, o contraste entre os gráficos correspondentes aos decenios 1981-1991 e 1991-2001, resulta evidente, ilustrando o xa sinalado a partir dos datos censuais: No primeiro caso son escasos os núcleos con incrementos poboacionais (dunha magnitude sempre por debaixo do 50%), estando localizados estes sobre a N-550, fundamentalmente e, en menor medida en torno á AC-841, abundando en cambio as entidades con perdas de poboación, o que se dá de maneira xeneralizada na metade Sur do termo, con índices próximos ao -50%. Pola contra, no período 1991-2001, dominan os núcleos con saldo positivo, en magnitudes moi superiores (ata o +250%), e se concentran na metade Norte do municipio, especialmente na súa área máis oriental, ao longo da estrada AC-841, onde se presentan os casos de crecemento máis intenso.
8. En xeral, fronte á localización dos crecementos no período 1981-1991 fundamentalmente na franxa máis próxima ao bordo Norte do municipio, así como ao contorno do núcleo de Cacheiras e a algunha outra localización illada, o patrón espacial dos núcleos con crecementos máis fortes no período 1991-2001 segue un eixe virtual NO-SE que aproximadamente corresponde coa pegada e contorno das estradas CP-8202 entre As Galanas e Cacheiras, e AC-841 desde este núcleo cara o Sur, prolongándose cara o Leste sobre a CP-8201 e sobre as paralelas a esta máis ao Norte.

2 PARROQUIAS

2.1 CARACTERIZACIÓN




Gráfico 5: División en parroquias do municipio de Teo

O municipio de Teo comprende un total de 13 parroquias¹, cunhas características territoriais fundamentais que se describen a continuación, e cuns datos demográficos básicos que se recollen no cadro 4, ao final deste capítulo (2.2 RESUMO DE DATOS POR PARROQUIA).

Santa María de BAMONDE

Esta parroquia linda ao norte e leste co Concello de Vedra, ao oeste coa freguesía de Oza, sendo polo sur o seu límite tamén co Concello de Vedra e a parroquia de Teo.

¹ A partir do Padrón de 1996 créase unha parroquia nova, Os Tilos, que se inclúe neste estudo. Aínda que non se dispón da súa delimitación espacial exacta, delimitouse de xeito aproximado integrando os dous núcleos que de acordo ó Padrón inclúe (Parque Montouto e Os Tilos).

É unha das parroquias de menor extensión superficial do municipio (2,7 km²) e a súa estrutura territorial presenta a particularidade de desenvolverse nos vales dos ríos de Santa Lucía e Pereiro, separados por un estreito e disimétrico interfluvio. Estes vales configuran dous sectores parroquiais amplos e achairados por mor do importante recubrimento sedimentario; o occidental desenvolvido por debaixo da cota dos centímetros no val do río de Santa Lucía e o oriental por riba desta cota e no val do río Pereiro.

Destacan as extensas e fértiles veigas que constitúen fermosos espazos, ben dotados e cun notable aproveitamento agropecuario. Estas veigas están situadas entre os montes que cobren o interfluvio Santa Lucía-Pereiro, e os que se desenvolven nas zonas baixas de ámbolos dous vales xunto con gándaras e brañas, por mor da moi alta hidromorfía. Os montes presentan unha cobertura forestal salientable de piñeiros e caducifolias autóctonas mesturados, máis importantes estas nas proximidades dos ríos e nas abas de maiores pendentes.

Os asentamentos distribúense na rotura da pendente, entre o espazo cultivado e o monte a prol dun soleamento favorable, e seguindo os camiños rurais que percorren o val alto e os relacionan entre si e coa paisaxe agraria. O casal de Quintáns está asentado no interior da veiga do río de Santa Lucía onde a concentración parcelaria do seu contorno alterou a drenaxe natural.

San Simón de Ons de Cacheiras - San Francisco DOS TILOS

Está situada ao norte do termo municipal, linda polo O con Calo e Recesende e os seus montes fan a divisoria co concello de Santiago polo N. O Río de Santa Lucía fai a divisoria natural polo L cos municipios de Santiago e Vedra. As freguesías de Oza e Recesende son o seu límite meridional.

É a segunda maior parroquia do municipio en superficie (12,5 km²), despois de Calo. O seu territorio representa máis do 15% do termo municipal e nel pódense individualizar tres sectores en función das súas singularidades morfolóxicas e da diferente pegada que tivo a ocupación humana:

- No norte, o bloque levantado de Montouto-A Póboa, que individualiza o alvéolo de Santiago polo sur, e fai a divisoria de augas entre as cuncas do Sar e de Santa Lucía. Son montes achairados onde sobresaen por riba dos 300 m. a Pena de A Póboa (373 m.) o alto de Montouto (337 m.) e a Pena Redonda (341). É tradicionalmente un grande espazo de monte, con abas de forte pendente que resolven a transición coa superficie de aplanamento inferior e co río de Santa Lucía cara o sur e leste respectivamente.

Os seus solos, desenvolvidos fundamentalmente sobre rochas graníticas, permiten soamente a existencia de pequenos espazos cultivados nas estreitas valgadas. Na valgada do regato de Chaián, que drena o val cara a cunca do Sar, sitúase o núcleo tradicional de A Póboa. A cuberta forestal está constituída por masas de repoboación de Eucaliptos pero o que acada maiores superficies son as matogueiras formadas por toxais e queirogais.

Este sector caracterízase polos fortes crecementos actuais, aos bordos da estrada AC-841 e no contorno de A Póboa, en función da súa grande accesibilidade á cidade central de Santiago. Estes crecementos conforman urbanizacións e espazos industriais e de servizos mesturados e cun notable nivel de suburbanización.

- O sector oriental basculado cara o leste coas valgadas dos curtos regueiros de Covas e Procelas. Estes son tributarios do río de Santa Lucía que presenta un val cunha forte disimetría nas súas vertentes. Os núcleos tradicionais son pequenos casais que dominan o seu espazo cultivado. Os solos, ben desenvolvidos sobre materiais xistosos, teñen as pendentes corrixidas con bancais. Nas abas do río de Santa Lucía as fortes pendentes están cubertas por arboredo onde perviven restos da carballeira orixinal.

Na valgada do regueiro de Covas emprázase a meirande concentración urbana do termo municipal na urbanización dos Tilos coexistindo coa paisaxe do asentamento tradicional de Covas.

- O peneplano de Cacheiras domina os sectores meridional e occidental da parroquia. É unha ampla superficie de aplanamento drenada por numerosos regatos de orientación meridiana que deixan discretísimos interfluvios e sobre os que sobresaen, por mor da erosión diferencial, o monte do Castro de Osebe.

As aldeas salpican o interior do espazo agrario a intervalos regulares nunha densidade de poboamento moi elevada, por mor da amplitude e as escasas pendentes do solo cultivado e a súa elevada aptitude agrícola.

Os crecementos urbanos de Cacheiras, coas súas anárquicas extensións seguindo a estrada AC-841 e a nova trama ortogonal xerada polas pistas de concentración parcelaria, comezan a fagocitar os núcleos tradicionais. A suburbanización é manifesta no contorno dos asentamentos tradicionais de A Ribeira, Feros, A Torre, e Raxó que se atopan practicamente conurbados.

Conxuntamente ambas parroquias (Cacheiras + Os Tilos) teñen a maior poboación do concello, 6.623 habitantes (Padrón 2003), representando un 41,3% do total municipal, cunha densidade de 529,8 habs/km², o dobre da seguinte (Calo).

San Xoán de CALO

Delimita coas freguesías de Cacheiras e Recesende polo leste, Lampai, Luou e maila parroquia padronesa de Cruces polo sur. Polo oeste e norte son os concellos de Ames, Brión e Rois os seus límites. É a parroquia de maior extensión superficial, os seus 15,2 km² supoñen o 20% do territorio municipal e é, así mesmo, a parroquia tradicionalmente máis densamente poboada. Esta situación cambia a favor da de Cacheiras-Os Tilos no ano 1981, trala implantación das urbanizacións de Os Tilos e Parque Montouto.

O territorio parroquial desenvólvese sobre dúas unidades morfolóxicas, o val do Río Tinto, pertencente á bacía do Sar, e maila superficie de aplanamento que forma a estreita zona interfluvial entre as bacías deste río e o de Santa Lucía. A importancia da tectónica é fundamental para explicar as formas do relevo parroquial, subsidiario dos movementos que orixinaron a Depresión Meridiana.

- O Río Tinto discorre en dirección NNL-SSO polo occidente da parroquia e se encaixa progresivamente antes de penetrar de cheo na Depresión Meridiana, da que anticipa as súas características. O seu val constitúe unha das vías naturais de acceso a Santiago dende o sur de Galicia seguindo a citada depresión. Así foi seguido o seu curso polo camiño medieval, a estrada N-550, e o ferrocarril Santiago-Pontevedra, feito que condicionou, e segue a condicionar, (os proxectos de novas infraestruturas territoriais penetran por este espazo), os asentamentos. Os núcleos tradicionais sitúanse neste val a carón do camiño medieval (Rúa de Francos, Vilaverde, Osebe, A Pedreira, Balcaide, etc.) e a estrada nacional non chegou a xerar novos crecementos máis que nos cruces co viario preexistente (Ameneiro, A Casalonga, etc.).

A paisaxe agraria, intensamente humanizada, avanza as características do Val da Amaía. Nas súas achairadas veigas, cubertas dun notable recubrimento sedimentario aluvial, desenvólvese diversos aproveitamentos agropecuarios. A concentración parcelaria produciu a formación dunha urbanización agraria difusa e facilitou a penetración do residencial urbano actual nas veigas do Río Tinto. Crecementos urbanos que se incrementan progresivamente ligados á N-550 e aos asentamentos tradicionais de base.

- O sector oriental da parroquia caracterízase pola planitude propia das superficies de erosión. Esta suavidade é tamén aproveitada dende antigo polos camiños que desde o sur, e cruzando o Río Ulla en Pontevea, ascenden cara a Compostela. Os asentamentos sitúanse neste eixe viario (Reis-Luou-O Vilar de Calo), hoxe duplicado na estrada provincial CP-8202, e a súa proximidade e os crecementos intercalares fan que sexan, hoxe en día, auténticas conurbacións (O Vilar de Calo-Solláns-Mazas-San Domingo). Foi aproveitado tamén o interfluvio Santa Lucía-Sar pola autoestrada AP-9 para o seu paso cara o sur de Galicia.

Pequenos tributarios (regatos de Folgueiras, de Socastro, de Texexe) drenan esta superficie xerando microcuncas perpendiculares ao Río Tinto, pola súa marxe esquerda, nas que os seus espazos interfluviais son ocupados polos asentamentos. Entre estes destacan os outeiros redondeados de Castromouro e Santa Clara, auténticos bloques levantados pola tectónica, que presentan acusados desniveis cara o poñente e son o cerne das superficies forestais da parroquia.

O impacto de Santiago no eixe de crecemento tradicional da N-550 tradúcese na implantación de actividades urbanas terciarias e industriais, máis importantes nas proximidade do Milladoiro (Ames).

Santa María de LAMPAI

Está situada ao sudoeste do termo municipal, os seus montes fan a divisoria co concello de Padrón polo O e S, con Calo e Luou deslinda polo N e é tamén esta última freguesía o seu límite polo L.

É, con diferenza, a parroquia menos poboada do concello, cunha densidade de 45,4 habitantes por km² (frente á media municipal de 201,2 hab/km²), e tamén a parroquia de maior altitude, os seus asentamentos están situados por riba da cota dos 200 m. Sobresaen no occidente da parroquia os montes de Pena de Agrela, que cos seus 405 m. é a altura máis destacada do municipio e son parte do horst tectónico que forma o rebordo oriental da Depresión Meridiana. As súas abas de fortes pendentes, superiores ao 30%, están fundamentalmente cubertas de mato agás nas partes baixas e nos encaixamentos dos regueiros.

Presenta un número discreto de asentamentos, en resposta á extensión reducida das superficies labradas. A maior parte da superficie da parroquia está cuberta polo "monte", que cobre os amplos peneplanos (pertencentes aos niveis de arrasamento superior) dos altos de Outeiro Chao, As Xandras e da Estivada. Os seus solos, menos desenvolvidos sobre materiais graníticos, están cubertos na súa meirande parte por matogueiras. A parroquia está sucada por pequenos regueiros de estreitísimas valgadas tributarios do regato de Tarrío, afluente do Sar. Nas valgadas é onde se desenvolven os seus espazos cultivados. O núcleo rural tradicional de Veitureira sitúase no norte da parroquia dominando a súa propia agra. Esta está drenada polo regueiro de Manzanillo coa que conforma unha destacada paisaxe.

Os asentamentos son pequenos, ao ser menos favorables as condicións do medio, en relación ao seu contorno inmediato, sendo A Silva e A Agrela os maiores asentamentos. A densidade de poboación é a máis pequena do municipio e destaca pola súa dinámica regresiva e forte envellecemento, moi acusadas estas nos núcleos de Mosteiro e Veitureira.

Unha característica salientable é a forte ruralidade debido ao seu tradicional illamento. A estrada CP-6502 atravesa a parroquia polo núcleo de A Agrela, que, a resultas disto, ten unha certa funcionalidade a nivel parroquial.

Santa Mariña de LUCÍ

Parroquia antigamente filial de Vilariño e pertencente ao arceprelado de Ribadulla, os seus límites son ao N coas parroquias de Recesende e Oza, ao L coas de Oza, coa que linda mediante o Río Tella, e Vilariño, polo S tamén deslinda con Vilariño e coa freguesía de Reis, sendo a súa linde polo oeste as parroquias de Raís e Reis .

Ten unha pequena extensión superficial 3,4 km² , unha altitude media de 150 m e un número discreto de asentamentos. Destes tan só o núcleo rural tradicional de Pite e a capital do concello, A Ramallosa, superan a centena de habitantes, sendo os restantes moi pequenos.

O territorio parroquial está estruturado polos ríos Tella e Santa Lucía e predominan as formas suaves e redondeadas sobre materiais xistosos, agás nos pequenos encaixamentos dos ríos.

Os núcleos sitúanse na parte superior das vertentes, onde as pendentes fanse moi lixeiras, rexendo os seus propios espazos cultivados. Os matos dominan nos seus espazos a monte, onde sobresaen a silueta do Castro de Lucí. Sen embargo, existen pequenos ámbitos forestais no contorno dos núcleos, entre os que cabe salientar o arboredo autóctono do Souto de Pite.

O núcleo de A Ramallosa ostenta a capitalidade municipal en función da súa centralidade no territorio; trátase dun pequeno núcleo urbano de recente creación que está vinculado á estrada AC-841. A súa funcionalidade como centro institucional e dotacional refórzase progresivamente coa creación de novos equipamentos dotacionais.

A estrada A Ramallosa-Igrexa de Vilariño atravesa a parroquia e comeza a xerar, nas proximidades da capital municipal, novos crecementos residenciais en terreos gañados ao monte.

Nos aproveitamentos agropecuarios parroquiais adquire especial relevancia a granxa situada nas proximidades do núcleo de Paredes.

Santa María de LUOU

A parroquia deslinda ao N coas freguesías de Calo e Recesende, ao L tamén con Recesende e Rarís, sendo o seu límite S o municipio de Padrón e o occidental as parroquias tenses de Calo e Lampai.

Na súa superficie parroquial, 8,66 km², distribúense trece asentamentos que configuran, xa que logo, unha densidade de poboamento das máis elevadas do municipio.

Estes asentamentos sitúanse, prioritariamente, no interior dos espazos cultivados que se desenvolven na superficie de aplanamento dos 200 m. Estas superficies achairadas están drenadas polo Río de Sestelo, que discorre pola parroquia cara a cunca do Río de Santa Lucía con constantes cambios de dirección, e polo río de Augueira que drena o occidente da mesma cara a bacía do Sar. No pequeno interfluvio do río de Sestelo caracterízase pola disimetría do seu val no que as súas abas de maior pendente están cubertas por bosques e a súa rede hidrográfica secundaria, condicionada pola tectónica, está pouco xerarquizada.

Os materiais xistosos arrasados e os recubrimentos sedimentarios aluviais das veigas conforman un territorio caracterizado pola dificultade de drenaxe, onde é habitual a formación de áreas hidromorfas, entre as que cabe salientar as Brañas de Paraxó.

A estrada Pontevea-Luou-O Vilar de Calo cruza a parroquia seguindo o trazado dos camiños históricos que dende o sur, e cruzando o Río Ulla en Pontevea, ascenden cara a Compostela. Nos núcleos da parroquia vinculados a esta, Quintáns e A Igrexa prodúcense novos crecementos urbanos, se ben, a influencia da expansión urbana non é tan forte coma nas parroquias de Calo e Cacheiras, por mor da menor accesibilidade e menor proximidade aos eixes viarios funcionais.

A concentración parcelaria, de trazados viarios ortogonais e densos, nos contornos dos núcleos rurais tradicionais situados moi próximos entre si, conleva á formación de novas conurbacións (Nespereira-Paraxó-O Aído, etc.) ao aparecer crecementos intercalares en solos rústicos ou ben nas extensións dos núcleos seguindo as vías de comunicación.

Os asentamentos son en xeral pequenos, sobrepassando tan só a centena de habitantes os núcleos de Regoufe, Espasande e Bustelo.

Os usos agropecuarios son predominantes na parroquia, se ben, en tempos recentes minguaron pola expansión residencial.

Santa Baia de OZA

Delimita coas freguesías de Cacheiras e co municipio de Vedra (parroquia de Sales) polo norte. Bamonde e maila parroquia de Illobre son os seus límites polo leste. Polo oeste o Río Tella é a linde natural coa freguesía de Lucí. A parroquia de Vilariño é a súa linde meridional.

O territorio parroquial está estruturado polos ríos Tella e Santa Lucía e predominan as formas suaves e redondeadas sobre materiais xistosos.

Ten un tamaño superficial medio (5,87 km²), cunha densidade relativamente alta, 166,2 hab/km², só superada por Cacherías-Os Tilos, Calo e Lucí.

Os núcleos tradicionais son, en xeral, pequenos lugares acasados que dominan o seu espazo cultivado. Nestes os seus solos están ben desenvolvidos, e presentan nas valgadas as pendentes corrixidas con bancais. Os espazos interfluviais da parroquia presentan nas partes altas unha cuberta forestal notable, onde sobresaen os piñeirais. Nas abas do río de Santa Lucía as fortes pendentes están cubertas por arboredo no que perviven restos da carballeira orixinal.

Nas achairadas veigas do Río de Santa Lucía, cubertas dun notable recubrimento sedimentario aluvial, o aproveitamento agropecuario é salientable.

As condicións microclimáticas fan posibles unha grande diversidade de usos e aproveitamentos especializados. Exemplo desta especialización son os usos intensivos hortofrutícolas; a floricultura está representada en Agoso, o aproveitamento vitícola en Ribas e a fruticultura intensiva na Ermida.

A estrada CP-8201 cruza a parroquia e ao seu carón localízase o seu meirande asentamento na "illa" de urbanización dos Verxeles. Esta urbanización presenta o característico déficit de implantación e integración, social e espacial, común ao territorio periurbano santiagués.

Os núcleos tradicionais máis importantes son Agoso, cabeceira parroquial, e Ribas. Agoso ademais ten unha relevante funcionalidade pois presenta unha destacada dotación de equipamentos deportivos e socioculturais, e aglutina a actividade comercial da mesma.

No núcleo de Ribas, formado por varios casais moi próximos entre si, localízase a Capela de Santa Eufemia nun destacado conxunto patrimonial que xunto aos novos espazos de lecer confírenlle unha elevada calidade ambiental.

No contorno deste núcleo xorden novos crecementos residenciais aproveitando a infraestrutura viaria da concentración parcelaria e as estradas.

O casal de Gondelle atópase no sur da parroquia enclavado no interior das veigas do Río de Santa Lucía e rexendo un amplo espazo de monte e prados con grande calidade ambiental.

San Miguel de RARÍS

Parroquia pertencente ao arciprestado do Xiro da Rocha e que linda polo N coas freguesías de Recesende e Luou, o seu linde meridional o forma a parroquia de Reis e maila parroquia padronesa de Rumille. Polo oeste os seus límites son coa parroquia de Luou e a parroquia de Lucí é o seu límite oriental.

A estrutura territorial da parroquia está condicionada polos regatos de Fornelos e de Sestelo que con dirección NO-SL degradan a superficie de erosión dos 200 m e as estribacións do aliñamento montuoso occidental que ten as súas alturas máis destacadas nos montes da Costa (310 m) e Penacate (315 m).

A súa extensión superficial é media (7,3 km²), cunha densidade poboacional baixa (81,6 hab/km²), só superior á de Lampai.

Os seus estreitos espazos cultivados desenvólvense entre as abas de fortes pendentes deste aliñamento e o Monte de Eirís que cobre as abas do río de Sestelo que se encaixa progresivamente cara o sur. As superficies de monte arborado son importantes e nas do sur da parroquia existe o pequeno enclave de Rial do Mato.

A dificultade de drenaxe maniféstase pola formación de áreas hidromorfas sobre materiais xistosos e coa presenza de brañas entre as que destaca a Braña de Bouñou.

Os asentamentos distribúense na rotura da pendente, a media ladeira entre o espazo agrícola e forestal a prol dun soleamento favorable, ou ben sobre pequenos outeiros a carón dos ríos, pero sempre ocupando unha zona marxinal e deixando libre de asentamentos o maior espazo cultivado posible.

O hábitat é tipicamente rural predominando as dedicacións gandeira e forestal. Os núcleos son en xeral de pequena entidade agás o núcleo de relevancia histórica de Fornelos. A dinámica regresiva é bastante acusada e particularmente significativa no núcleo rural tradicional de Sestelo.

A estrada Pontevea-Luou atravesa a parroquia, feito que propiciou pequenos crecementos dos núcleos ao seu carón. A estrada AC-841 discorre preto do núcleo de A Florida propiciando a súa extensión cara o lugar do Chao do Río.

Os crecementos aparecidos aproveitando a infraestrutura viaria da concentración parcelaria, nos espazos cultivados do norte da parroquia, propiciaron o establecemento dun novo núcleo no lugar do Pazo.

San Xoán de RECESENDE

Parroquia antigamente filial de Cacheiras pertencente ao arciprestado do Xiro da Rocha. Delimita ao norte coa freguesía de Cacheiras, ao oeste coas de Calo e Luou, sendo as súas lindes polo sur Rarís e Lucí e polo leste as parroquias de Cacheiras e Oza.

O seu territorio desenvólvese nunha ampla superficie de aplanamento drenada por numerosos regatos de orientación meridiana que deixan discretísimos interfluvios e sobre os que sobresaen, por mor da erosión diferencial, o monte de Tarrío.

A súa extensión superficial é pequena (3,4 km²), cunha densidade poboacional media (149,4 hab/km²).

As aldeas, formadas a partir de pequenos casais moi próximos, salpican o interior do espazo agrario situándose, ben nas partes máis elevadas dos estreitos interfluvios por onde discorre o viario que os relaciona, ben a carón dos ríos. As pendentes nas valgadas están corrixidas por estreitos e longos bancais de uso agropecuario consonte a súa moi elevada aptitude.

Os recentes crecementos seguindo o corredor urbano que forma a estrada AC-841 orixinaron a formación de novas áreas residenciais. A nova trama viaria xerada pola concentración parcelaria produciu, así mesmo, a formación de novos tecidos, laxos e vinculados á explotación dos recursos no contorno dos núcleos de A Pedra e Tarrío e densos e de características urbano-residenciais no Castro de Vilanova.

San Cristovo de REIS

A parroquia delimita coas freguesías de Rarís e Lucí ao norte, o Río Ulla é o límite natural co que deslinda da parroquia estradense de Couso polo sur. Polo oeste deslinda co Municipio de Padrón, sendo as parroquias de Lucí, Vilariño e Teo os seus límites orientais.

Ten unha extensión parroquial media-alta (8,4 km²) e unha densidade de poboación media-baixa (91,2 hab/km²).

Destaca a baixa altitude e planitude dos espazos cultivados da parroquia (os seus solos están ben desenvolvidos sobre materiais xistosos) en contraste co aliñamento montañoso dos Altos de Cabanelas e Penacate de abas de acusadas pendentes.

A tectónica deixa unha grande impronta no territorio, así, o Ulla describe unha ampla revolta, ao ser obrigado a realizar cambios bruscos de dirección seguindo a marcada polas estruturas. Así mesmo, reflíctese esta na extraordinaria profusión da rede hidrográfica que resulta estruturada en microcuncas.

Esta é a parroquia de maior vinculación co río Ulla que, como se dixo, discorre polo sur da parroquia. Os núcleos tradicionais son pequenos, moitos deles sinxelos lugares acasarados, compactos e moi próximos entre si pero nidios na súa apreciación individual.

O núcleo rural de Coira atópase individualizado tras este aliñamento na súa propia subcunca e rexendo as súas agras. A situación deste núcleo tradicional é máis próxima aos núcleos da parroquia padronesa de Rumille que aos outros asentamentos da parroquia.

As condicións microclimáticas fan posibles unha grande diversidade de usos e aproveitamentos cunha especialización na hortofruticultura intensiva.

A concentración parcelaria acada a toda a súa extensión territorial estando, polo tanto, moi ben dotada a nivel infraestrutural.

A tradición forestal é importante, cunha significativa pegada da súa actividade industrial no lugar de San Xosé, que se reflicte na actualidade no serradoiro de Pontevea. A actividade repoboadora nos montes, trala concentración parcelaria, empeza a ser salientable.

O asentamento máis importante da parroquia é o núcleo urbano de Pontevea. Está vinculado á ponte medieval e aos camiños históricos que discorren por el e que o configuran como un núcleo con estrutura en ringleira e de orixe viaria. É a entidade poboacional maior da parroquia e presenta un papel relevante nas funcións comerciais do sur do municipio.

O efecto difusor da urbanización seguindo a estrada AC-841 ten a súa representación na parroquia nas proximidades de Pontevea. Esta expansión do hábitat residencial, de características urbanas, prodúcese na urbanización do Ferreiriño e no lugar de San Xosé que, xunto a servizos urbanos, acolle os diferentes espazos dotacionais da parroquia.

A perda acusada de efectivos poboacionais nas aldeas peor comunicados tradúcese nun aspecto decadente das mesmas, mais ás escasas distorsións e á súa intrínseca calidade ambiental engádese a presenza da viticultura tradicional, fornecendoas, xa que logo, de interese paisaxístico pola súa singularidade.

A estrada AC-241, que discorre próxima aos ríos Pereiro e Ulla polo sur da parroquia e á marxe dos asentamentos tradicionais, non xerou no seu contorno novos crecementos.

Santa María de TEO

A parroquia de Teo pertencente ao arciprestado de Ribadulla ten unha superficie de 4,6 km². Está situada ao surlleste do termo municipal, e o Río Ulla que discorre polo sur da parroquia fai a divisoria municipal e provincial co Municipio da Estrada. A súa linde setentrional está constituída polas freguesías de Bamonde e Vilariño coas que delimita nos montes do Pombal e do Castro de Santa Marta respectivamente. Polo L deslinda coa parroquia de Trobe pertencente ao municipio de Vedra e co río Pereiro que fai a divisoria natural entre os dous municipios. A parroquia de Reis é o seu límite polo oeste.

O territorio parroquial estrutúrase en torno aos vales dos ríos Ulla e Pereiro. O río Ulla discorre lixeiramente encaixado polo sur da parroquia, e os asentamentos esquivan o fondo do val para situarse no planalto superior e nas tendidas abas, basculadas cara o mediodía, do río Pereiro. Este no seu treito final tamén se encaixa considerablemente antes da desembocadura no Ulla, pasada a Ponte dos Canizos.

A amplitude do espazo cultivado é importante, dominando as aldeas as súas respectivas agras, hoxe transformadas pola concentración parcelaria. A paisaxe agraria é de grande diversidade por mor do seu favorable microclima e calidade edafolóxica e a presenza da vide nos núcleos e as lindes das parcelas. A aldea de Agromaior domina a súa propia agra, que se resolve en bancais cara a ribeira do Ulla e está rodeada dun interesante espazo forestal.

A concentración parcelaria acada case que toda a súa extensión territorial. A actividade repoboadora nos montes, trala concentración parcelaria comeza a ser salientable, nun espazo forestal dominado polos piñeiros pero nos que a presenza de frondosas autóctonas é destacada. Este espazo forestal distribúese a carón dos ríos, e nos estreitos montes interfluviais rodeando ao espazo cultivado.

A súa economía diversificada complétase coa agroindustria representada polas granxas situadas nas proximidades de Vilar e Vilachaiño.

Os núcleos sitúanse seguindo os camiños tradicionais que percorren o val do Río Ulla. A estrada AC-241 xerou novos e laxos crecementos dos núcleos de Fontenlo e Vilar, reactivados nos últimos tempos no primeiro caso seguindo a estrada CP-8201 e desvinculados da explotación dos recursos.

O emprazamento illado da sede parroquial, é coherente cunha organización orixinaria dispersa de pequenos casais próximos entre si sen un núcleo rector.

San Tomé de VILARIÑO

Parroquia pertencente ao arciprestado de Ribadulla que linda polo N coas freguesías de Lucí e Oza, o seu linde meridional son as parroquias de Reis e Teo. Polo oeste os seus límites son coa freguesía de Reis e a parroquia de Teo é o seu límite oriental.

É a parroquia de menor extensión do municipio (salvo, actualmente, Os Tilos), nos seus escasos 1,39 km² aséntanse os seus dous únicos núcleos de poboación.

O territorio parroquial está estruturado pola veiga do Río de Santa Lucía. Os asentamentos están situados nas partes altas das valgadas dos regueiros que cara el e en dirección SL-NO drenan a parroquia.

Os novos crecementos dos núcleos prodúcense en grande medida fóra dos ámbitos tradicionais e seguindo a estrada CP-8201 que cruza o leste parroquial.

O uso cunha maior significación na parroquia é o forestal.

2.2 RESUMO DE DATOS POR PARROQUIA

No seguinte cadro recóllense os datos demográficos básicos das 13 parroquias, cun desglose por núcleo ou entidade de poboación que se reflectiu no cadro 1.

Cadro 4: Datos básicos por parroquia

Nome Parroquia	Padrón 2003	% Variac. Pob. 1981- 1991	% Variac. Pob. 1991- 2001	Peso Relativo Pob. 1981	Peso Relativo Pob. 2001	Nº de Núcleos	Pob. x Núcleo (2003)	Superficie (Km²)	Densidade (Hab 2003/Km²)
CACHEIRAS (San Simón de Ons)	3.842	-1,88%	87,84%	16,3%	21,4%	25	153,7	11,953	321,4
CALO (San Xoán)	3.962	2,73%	11,23%	31,5%	25,5%	27	146,7	15,077	262,8
LAMPAI (Santa María)	291	-22,31%	-2,70%	3,4%	1,8%	5	58,2	6,416	45,4
LUCÍ (Santa Mariña)	603	-10,53%	26,35%	4,3%	3,4%	5	120,6	3,404	177,1
LUOU (Santa María)	860	-18,88%	8,85%	9,2%	5,8%	13	66,2	8,657	99,3
OZA (Santa Baia)	974	4,47%	43,36%	5,9%	6,2%	14	69,6	5,862	166,2
RARÍS (San Miguel)	594	-29,88%	7,39%	7,3%	3,9%	9	66,0	7,282	81,6
RECESENDE (San Xoán)	507	-13,47%	33,42%	4,1%	3,3%	6	84,5	3,394	149,4
REIS (San Cristovo)	765	-17,83%	2,83%	8,2%	4,9%	17	45,0	8,390	91,2
TEO (Santa María)	425	-20,94%	-4,19%	5,2%	2,8%	7	60,7	4,636	91,7
BAMONDE (Santa María)	248	-22,64%	-2,44%	2,9%	1,5%	7	35,4	2,695	92,0
VILARIÑO (San Tomé)	176	-15,23%	3,59%	1,8%	1,1%	2	88,0	1,389	126,7
OS TILOS (San Francisco)	2.781	-	16,14%	0,0%	18,3%	2	1.390,5	0,520	5.348,1
TOTAL MUNICIPAL	16.028	13,87%	23,84%	100,0%	100,0%	139	115,3	79,675	201,2

Fonte: Censos de Poboación 1981, 1991, 2001, Padrón Municipal a 1-01-2003, elaboración propia.

Nota: A superficie da parroquia Os Tilos estimouse aproximadamente, considerando os núcleos que inclúe de acordo ao Padrón 2003, pois non se dispón da súa delimitación exacta.

2.3 EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN PARROQUIAL

A distribución da poboación municipal de Teo, por parroquias, de 2001 indica a importancia das parroquias de Cacheiras -Os Tilos (39,7%) e Calo (25,5% da poboación municipal). Estas dúas parroquias concentran o 65,2% de toda a poboación municipal, dato importante se temos en conta que das dez restantes parroquias ningunha acada o 10% da poboación municipal.

Támén é significativa a proporción de habitantes que ten a parroquia de Cacheiras-Os Tilos, sendo a de Os Tilos de recente aparición (Padrón 1996), onde se ten localizada unha parte importante do crecemento poboacional do termo municipal. A actual parroquia de Os Tilos aparece por deslinde da de Cacheiras agrupando as urbanizacións de Parque Montouto e Os Tilos.

Na década 1981-1991 as parroquias que incrementaron a súa poboación son as de Cacheiras (que nesa década incluía aos Tilos), onde se produce un crecemento próximo aos 2.900 habitantes, superior ao crecemento de todo o municipio e que significou multiplicar por 2,6 a poboación inicial da parroquia, e, de modo moi moderado, as de Calo e Oza. As nove parroquias restantes perderon poboación destacando a de Rarís que sufriu un descenso do case 30%, así como Lampai, Teo e Bamonde (máis do 20% de diminución), e reducíndose a poboación do resto de parroquias (salvo as tres que creceron) en máis do 10%.

Na última década (1991-2001) prodúcese a situación inversa, crecendo a poboación en case que tódalas parroquias debido ás melloras infraestruturais e a continuación da atracción residencial, soamente diminúe a poboación nas parroquias de Lampai, Teo e Bamonde, pero nunha proporción moi baixa que non supera o 5% en ningunha das tres (entre as tres perden 33 habitantes).

O importante crecemento demográfico habido nos últimos 20 anos concentrouse significativamente na parroquia de Cacheiras-Os Tilos, (que máis que triplica no ano 2001 a poboación de 1970), sendo ademais a de maior crecemento absoluto no período 81-01 con 4.387 habitantes, preto do 95% do crecemento de todo o municipio neste período. Séguelle, a moita distancia, Calo (cun incremento da súa poboación de dereito de 497 habitantes no período 81-01), e Oza con 323 habitantes máis. Estas parroquias mencionadas concentraron o crecemento do período 81-01. O resto das parroquias tamén incrementan a súa poboación dun xeito máis moderado, excepto as tres mencionadas de Lampai, Teo e Bamonde que entre o 81 e o 2001 perderon aínda máis do 24% da súa poboación.

No relativo ao tamaño medio dos asentamentos, por parroquias, en liñas xerais coinciden as de menor dinamismo demográfico coas que presentan unha maior atomización dos seus asentamentos. Por orde crecente, as de menor tamaño medio por entidade son Bamonde, Reis, Lampai e Teo, que son as parroquias con crecemento negativo ou positivo máis baixo, todas elas situadas no tercio meridional do municipio, e con densidades poboacionais no rango máis baixo tamén.

En conclusión podemos falar dos seguintes puntos destacables trala análise dos datos demográficos.

- 1º. Na década 81-91 prodúcese un forte crecemento demográfico debido basicamente, á colonización das urbanizacións de tipo urbano de Os Tilos e do Parque de Montouto. As outras dúas parroquias que amosan valores positivos de crecemento son Calo pola súa boa accesibilidade e Oza pola aparición da urbanización Os Verxeles.
- 2º. No período 1991-1996 as parroquias con maior crecemento son novamente Cacheiras e Calo pola súa proximidade a Santiago. Na primeira segue o aumento demográfico de Os Tilos, aínda que dun xeito máis moderado que na década anterior (supón o 40% do crecemento parroquial).
- 3º. Desde o 96 ata hoxe, tamén se ten producido un forte incremento demográfico, localizado maioritariamente na parroquia de Cacheiras-Os Tilos cun aumento poboacional de 1.164 habitantes coincidindo co forte desenvolvemento do solo urbano sobre a estrada AC-841, sendo o crecemento dos Tilos pouco importante nese período (144 habitantes). O resto do crecemento repártese polo resto das parroquias sendo as de maior crecemento Oza (198 habitantes) e Calo (168 habitantes). Este período expresa basicamente os efectos das Normas Subsidiarias actuais.

Todos estes feitos fanse patentes a través dos estudos de densidades parroquiais. En 1981 superaban a media municipal as parroquias de Calo con 228,15 Hab/Km² e Cacheiras e Lucí con valores máis próximos á citada media (138,54 Hab/Km²).


En 1991 medra considerablemente a densidade de Cacheiras pola aparición das urbanizacións mencionadas. Trala colmatación dos ámbitos das urbanizacións, segue medrando a un ritmo acelerado na década, sobre todo nos núcleos a carón das estradas, o que deixa percibir tendencias de crecemento urbano nestes lugares. En Calo a situación evoluciona dun xeito máis moderado.

No ano 2003 a densidade de poboación de dereito de Cacheiras+Os Tilos acada os 529,8 Hab/Km² e a de Calo chega aos 262,8 Hab/Km², ámbalas dúas parroquias por enriba da media municipal (201,2 Hab/Km²).

3 ASENTAMENTOS TRADICIONAIS

3.1 MORFOLOXÍA

A morfoloxía dominante do territorio é suave cunha alternancia de extensos espazos forestados e cultivados. A orientación do territorio cara o mediodía faino moi favorable ao asentamento residencial. A estrutura agraria tradicional minifundista e de policultivo desenvólvese nas súas pendentes suaves e nos fértiles vales rexida por numerosas aldeas.



O espazo residencial ocupa as marxes ou o interior dos espazos cultivados que están situados entre os extensos bosques, característica propia da forma de ocupación do solo na Terra de Santiago.

Os asentamentos rurais tradicionais preséntanse no territorio en estruturas nucleares conformando un poboamento disperso e xeralmente denso, que define ao poboamento da Comarca de Santiago. A súa principal característica é que as construcións vincúlanse ás vías aparecendo espazos baleiros entre as edificacións, ocupados por patios, hortas, etc. A tipoloxía dos núcleos non é uniforme xa que vai a depender de factores como o tamaño, a trama viaria que os conforma, ou a súa localización.

Do recoñecemento territorial pódese concluír que a densidade e tamaño dos asentamentos está condicionada respectivamente pola extensión das superficies cultivadas e pola súa maior ou menor proximidade a Santiago e vinculación aos eixes viarios tradicionais.

Cando os espazos cultivados son amplos e elevada a súa aptitude agrícola as aldeas salpican o interior do espazo agrario a intervalos regulares nunha densidade de poboamento moi elevada.

Ó ser menos favorables as condicións do medio, e máis reducida a extensión das superficies labradas en relación ao seu contorno inmediato, preséntanse un número discreto de asentamentos. Os asentamentos sitúanse entre o espazo cultivado e o monte a prol dun soleamento favorable, e seguindo os camiños rurais que os relaciona entre si e coa paisaxe agraria.


Existe unha dualidade de asentamentos no municipio, en canto ao tamaño se refire; así os núcleos de poboación nas parroquias setentrionais, máis próximas a Santiago e os eixes viarios principais, son máis grandes fronte ás parroquias meridionais onde os núcleos tradicionais son pequenos.

3.2 TIPOS DE ASENTAMENTOS

Lugares ou casares

Moitos asentamentos, fundamentalmente nos vales da "Ribeira do Ulla", son sinxelos lugares acasados ou están formados por varios casares moi próximos entre si pero nidos na súa apreciación individual. Estes obedecen a unha capacidade de traballo directa das terras en torno ao casal pola unidade familiar, que en moitos dos casos os denomina e identifica. A presenza de emparrados nas hortas e patios obriga ás edificacións a distanciarse conformando, ás veces, estruturas moi laxas.

Na imaxe, Rial do Mato (Rarís).




Núcleos en torno a camiños históricos

As vías naturais de acceso a Santiago desde o sur de Galicia seguindo a depresión meridiana ou cruzando o Ulla en Pontevea fan aparecer ao seu carón unha grande cantidade de asentamentos tradicionais. As estradas construídas no século vinte poucas veces se superpoñen aos trazados dos camiños antigos, senón que, polo xeral, trátase de novos trazados que en pequenos treitos utilizan o viario preexistente.

O camiño medieval de Pontevedra a Santiago está hoxe en día duplicado na estrada N-550 pero non produciu grandes crecementos dos núcleos situados no "Camiño" agás nos cruces co viario preexistente. O camiño de Forcarei a Santiago por Pontevea, está hoxe duplicado na estrada Pontevea-Milladoiro, e neste eixe viario na parroquia de Calo produciuse un desdoblamento dos núcleos. A súa proximidade e crecementos intercalares forman actualmente auténticas conurbacións (Vilar de Calo-Solláns-Mazas-San Domingo).


O núcleo urbano de Pontevea vencellado á ponte medieval e a este camiño histórico configúrase como un núcleo de orixe viaria e con estrutura en ringleira. Estrutura compartida por moitos destes asentamentos e exemplificadas extraordinariamente nos asentamentos de Rúa de Francos (na imaxe, co Camiño de Santiago en traza de puntos), A Pedreira, etc.



Núcleos asentados en zonas de val ou con pouco terreo de cultivo

Os núcleos sitúanse na zona de transición (pé de monte, outeiros) entre as terras boas para o cultivo e as non aptas para ser labradas. As terras de cultivo están nas zonas de media ladeira, obrigando aos asentamentos ben a estenderse na rotura de pendente a carón do monte e de forma marxinal ao espazo agrario, ou ben en pequenos resaltes ou outeiros que resoven a transición cara as valgadas con pequenos bancais que os aproximan ás características da "bocaribeira". Mosteiro na parroquia de Lampai e Freixeiro e Outeiro en Reis constitúen bos exemplos.


Na imaxe: Freixeiro (Reis).



Núcleos centralizadores de servizos

Algunhas cabeceiras parroquiais, como centros históricos e funcionais do seu territorio, presentan unha dotación de equipamentos, educativos, deportivos ou socioculturais. Estas cabeceiras centralizan as actividades comerciais, relixiosas e de lecer do seu contorno e como consecuencia están mellor estruturadas e presentan un grao maior de urbanidade, tal sería o caso de Agoso (Oza), A Igrexa (Luou), Casal de Reis, Fontenlo (Teo), etc.


Na imaxe, A Igrexa (Luou).



Núcleos relacionados cos Pazos e Casas Grandes

A sociedade señorial agrícola instaurouse sobre estas fértiles terras constituíndo a súa presenza un fito relevante na configuración da súa paisaxe. Os dominios señoriais son menos abundosos no municipio que no resto da comarca pola grande proximidade e influencia de Santiago. Nas proximidades destes aparecen os seus pequenos asentamentos asociados e que presentan vencellos claros, Faramello, Buela, O Piro, etc.

Na imaxe Buela (Rarís), en gris claro a finca singular asociada.



3.3 CALIDADE AMBIENTAL DOS NÚCLEOS RURAIS

Os núcleos rurais manteñen elementos e usos tradicionais, nalgúns casos relacionados co cultivo da vide, que incrementan a súa xa elevada calidade ambiental. Os espazos relacionados cos cultos relixiosos e os Camiños a Santiago, os campos de festa, de feira e de romarías, as construcións e espazos vencellados coas sociedades agrarias estruturan e enriquecen os asentamentos e xunto cos conxuntos etnográficos en progresivo desuso conforman conxuntos patrimoniais de alta calidade cultural e ambiental. Cando a estes se engaden as pequenas dotacións públicas, tanto deportivas como culturais e de lecer, estes asentamentos tradicionais son quen de aglutinar e rexer aos núcleos do seu contorno.

A densidade de poboamento tan elevada fai que tanto as explotacións agrícolas como as forestais sexan moi accesibles desde os núcleos tendo en conta a mobilidade actual. As densidades de ocupación nos núcleos rurais tradicionais son moi baixas e a súa capacidade residencial está lonxe de estar esgotada, quedando solo de compleción, polo que parece factible continuar coa súa compactación.

3.4 DISTORSIÓN DA ESTRUCTURA DE ASENTAMENTOS E TERRITORIAL

A alteración da estrutura tradicional dos asentamentos prodúcese cun desdoblamento do núcleo, sempre en ringleiras de edificacións exentas en parcelas de grandes dimensións ao longo das estradas e camiños, e fóra do espazo físico orixinal dos núcleos. Cando isto se produce dunha forma intensiva resulta incluso complicado reconstruír a trama tradicional dos asentamentos.

Os fenómenos derivados da difusión urbana prodúcense en función da accesibilidade e proximidade coa cidade central (co matiz introducido pola xerarquía viaria), diminuindo co progresivo afastamento dos eixes tradicionais de crecemento urbano.

A meirande concentración urbana do termo municipal, a urbanización dos Tilos lindante co límite do municipio de Santiago, é claro exemplo disto.

Os fortes crecementos recentes, seguindo a estrada AC-841 entre Montouto e Cacheiras produce unha conurbación de actuacións inconexas e densas que, coa súa mestura cos espazos industriais e de servizos mal cohesionados, son orixe dun notable nivel de suburbanización.

Os espazos residenciais actuais, de pautas urbanas, forman estruturas moi laxas nas que predominan a diseminación das vivendas ao longo dos eixes viarios (novas estradas e pistas de concentración parcelaria) inseridas deficientemente no medio rural e que por desgracia son tan comúns na urbanización periurbana compostelá.

As positivas melloras da infraestrutura viaria rural convértese nun factor negativo de fomento da diseminación e suburbanización, ao aparecer toda clase de tipoloxías edificatorias urbanas nun medio antes non poboado por mor da súa escasa disposición para o hábitat tradicional (valgadas, montes, chairas de inundación, etc.) e polo tanto factores de degradación das súas intrínsecas características e potencialidades productivas e residenciais. A concentración parcelaria, de trazados viarios ortogonais e densos, nos contornos dos núcleos rurais tradicionais situados moi próximos entre si, conleva a formación de novas conurbacións ao aparecer crecementos intercalares en solos rústicos ou ben nas extensións dos núcleos seguindo as vías de comunicación.

A consideración dos viais da concentración parcelaria ou das estradas interurbanas como estruturas válidas para unha urbanización sen planificación nin verdadeiro contido urbano (espacios públicos, infraestructuras, dotacións, redes peatonais, etc.), exemplifica o "non urbanismo", é unha negación da ordenación e implica factores de empeoramento da calidade de vida e da calidade e expectativas do territorio. As estruturas residenciais resultantes son incapaces de xerar un verdadeiro tecido urbano. Este fenómeno da arquitectura executada por diante e a expensas do urbanismo e da ordenación do territorio (favorecida –no noso caso– polo planeamento vixente) é en definitiva a causante dos fenómenos de degradación ambiental que nos últimos tempos sensibilizan á opinión publicada de Galicia.

3.5 CONSTRUCCIÓN TRADICIONAIS

Identificáronse uns tipos edificatorios vernáculos tradicionais, que se describen nas seguintes fichas tipolóxicas.

TIPO 1: Vivenda entre medianeiras

ALTURA (número de plantas): 2

TIPO DE CUBERTA

Cuberta a dúas augas, vertendo cara a vía e á parte posterior, inclinación aproximada 20° . Revestimento de tella.

FACHADA

Mampostería de pedra a veces encalada. En ocos e esquinas aprécianse pezas máis grandes e traballadas.

OCOS

Dimensión aproximada 60x100 cm. Carpintería de madeira de dúas follas a faces exteriores. Ausencia de balcóns.

CERRAMENTO PARCELA

Mampostería de pedra cando exista cerramento de parcela.

OUTROS ELEMENTOS CARACTERÍSTICOS

Normalmente sitúanse dando fronte a unha vía en núcleos compactos.

FOTOS-EXEMPLO



TIPO 2: Vivenda illada con cuberta a dúas augas

ALTURA (número de plantas): 2+1

TIPO DE CUBERTA

Cuberta a dúas augas, inclinación aproximada 30° . Revestimento de tella.

FACHADA

Mampostería de pedra a veces encalada. Con sillería en esquinas e ocos.

OCOS

Dimensión aproximada 70x100 cm. Carpintería de madeira de dúas follas a faces exteriores. Ausencia de balcóns. 6 ocos en fachada longa.

CERRAMENTO PARCELA

Mampostería de pedra cando exista cerramento de parcela. Con emparrados frecuentemente.

FOTOS-EXEMPLO



TIPO 3: Conxunto de vivenda e edificacións agrícolas adosadas

ALTURA (número de plantas): 1, 2

TIPO DE CUBERTA

Variable segundo as edificacións adosadas, inclinación aproximada 20° . Revestimento de tella. As edificacións adosadas soen ser a dúas augas.

FACHADA

Mampostería de pedra que non soe estar encalada. Con sillería en esquinas e ocós.

OCOS

Dimensión aproximada 70x100 cm. Carpintería de madeira de dúas follas a faces exteriores. Ausencia de balcóns.

CERRAMENTO PARCELA

Mampostería de pedra cando exista cerramento de parcela.

OUTROS ELEMENTOS CARACTERÍSTICOS

Grandes aleiros formando espazos cubertos para uso agropecuario ou almacenaxe.

FOTOS-EXEMPLO



TIPO 4: Vivenda illada con cuberta a catro augas

ALTURA (número de plantas): 2

TIPO DE CUBERTA

Cuberta a catro augas, inclinación aproximada 20° . Revestimento de tella.

FACHADA

Mampostería de pedra que non soe estar encalada. Con sillería en esquinas e ocos, incluso no resto da edificación. Solainas e galerías frecuentemente.

OCOS

Dimensión aproximada 60x100 cm. Carpintería de madeira de dúas follas a faces exteriores.

Solainas e galerías frecuentemente.

CERRAMENTO PARCELA

Mampostería de pedra cando exista cerramento de parcela. Con emparrados frecuentemente.

OUTROS ELEMENTOS CARACTERÍSTICOS

Volumes cúbicos, normalmente sen edificación auxiliar adosada.

FOTOS-EXEMPLO



4 CLASIFICACIÓN DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN

4.1 BASES PARA A CLASIFICACIÓN

A clasificación a realizar comprende a totalidade de entidades catalogadas no nomenclátor estatístico oficial (INE), en concreto o correspondente ao ano 2003, entidades que se incluíron no cadro 1. Ditas entidades inclúen núcleos de carácter urbano e outros, a grande maioría, núcleos rurais clasificados como solo non urbanizable nas vixentes NNSS, con arranxo á anterior Lei do Solo de Galicia (Lei 1/1997). Unha limitación importante á hora de acoutar o ámbito deste estudo refírese á ausencia dunha identificación espacial precisa de cada entidade, posto que a referencia estatística non inclúe nin a delimitación nin a superficie territorial ocupada pola entidade en cuestión.

Para suplir este escollo, o estudio partiu da delimitación realizada no Avance do Plan, baseada nun primeiro recoñecemento da realidade, a partir das delimitacións das NNSS vixentes. Dita delimitación ten un valor puramente teórico como ámbito analítico, sen prexulgar a delimitación resultante da ordenación, que se reflicte nos planos e fichas correspondentes, a cal si se axusta aos criterios legais de clasificación de solo, así como ao modelo territorial definido polo Plan.

O obxectivo perseguido coa clasificación é o establecemento dunha xerarquía e tipoloxía de entidades que sirva de base para a clasificación do solo e a ordenación propostas, especialmente para a definición de intensidades edificatorias e áreas de centralidade e oportunidade (en solo urbano), e a delimitación dos novos crecementos (solos urbanizables, por unha parte, e áreas de expansión dos núcleos rurais por outra).

A clasificación parte da información dispoñible, tanto de carácter estatístico, extractada e incluída neste documento, como a resultante da análise realizada no marco de elaboración do Plan, reflectida na súa documentación informativa (ver documento de "Síntese da Información Urbanística"), e desenvolvida, para os núcleos rurais, con maior detalle nas fichas por núcleo rural que forman parte tamén deste documento.

4.2 METODOLOXÍA DE CLASIFICACIÓN

Empréganse dúas aproximacións complementarias á hora de clasificar as entidades poboacionais: Por unha parte un criterio de análise individual, entidade a entidade, en base a parámetros morfolóxicos (orixe, forma, posición, topoloxía) e funcionais (xerarquía, especialización), e, por outra parte, un criterio de análise colectiva, por afinidade entre entidades, en base ás características dos diferentes contornos territoriais en que se subdivide o municipio.

Criterio morfolóxico e funcional

Este criterio apóiase nunha tipificación teórica derivada da análise preliminar do territorio e a información urbanística, así como dos estudos similares realizados noutros municipios con certas semellanzas ao de Teo¹. Estes tipos descríbense, no que se refire aos asentamentos tradicionais no apartado 3.2 TIPOS DE ASENTAMENTOS, e inclúen os seguintes:

Asentamentos Tradicionais

- Lugares ou casares
- Núcleos en torno a camiños históricos
- Núcleos asentados en zonas de val ou con pouco terreo de cultivo
- Núcleos centralizadores de servizos
- Núcleos relacionados cos Pazos e Casas Grandes

¹ É dicir, municipios de estrutura territorial e socioeconómica fundamentalmente rural, pero baixo a influencia dun espazo metropolitano próximo.

Ademais, existen outros tipos de asentamentos, non tradicionais:

Asentamentos Non Tradicionais

1. Vivendas novas diseminadas, en moitos casos apoiadas na nova rede de accesos xerada pola concentración parcelaria, illadas ou agrupadas en pequenas promocións.
2. Centros urbanos de densidade media-alta, con variedade de tipoloxías, usos e actividades, xa sexa como resultado da densificación, expansión e transformación gradual de núcleos tradicionais, ou por operacións urbanísticas unitarias de certa magnitude, ou por combinación de ambos procesos.
3. Novas pezas urbanizadas relativamente illadas, surxidas mediante operacións urbanísticas unitarias, que non configuran ou forman parte de centros urbanos complexos. Poden apoiarse en núcleo(s) rural(is) preexistentes e na rede principal de comunicacións.


Criterio territorial

A partir de dita tipificación, o seguinte criterio consiste na agrupación de núcleos por áreas ou territorios, que marcan algúns trazos xeográficos medioambientais, culturais, etc, comúns. Esta agrupación realízase a partir dunha primeira zonificación do territorio municipal puramente instrumental nesta análise, sen ningunha pretensión globalizadora, sendo o ámbito unha mera aproximación ao territorio de influencia inmediata dos núcleos nelas incluídos, polo que ditas zonas non cobren a totalidade do termo municipal, entendendo que a parte deste menos humanizada non se acha baixo influencia directa de ningún núcleo en particular.

Como consecuencia da aplicación de ambos grupos de criterios é posible a caracterización individual de cada núcleo, asociándoo a un conxunto de parámetros que definen o seu tipo.

Seguidamente descríbense, ordenadas de NO a SE, as zonas delimitadas, os núcleos existentes no seu interior, así como os seus trazos comúns.

Zona 1: Cornixa Noroeste



Datos básicos

Poboación (2003): 1.407
 Nº de entidades de poboación: 10
 Nº de habitantes por entidade
 (promedio): 140,7
 Superficie aprox (km2): 4,37
 Densidade global (hab/km2):... 381,3
 Peso da zona s/ municipio
 Por poboación:..... 8,8%
 Por extensión:..... 5,5%
 Variación pob. 1981-2001:.... 43,33%

Características dos núcleos

Trátase de núcleos de diversa orixe pero suxeitos actualmente a un proceso de densificación e urbanización por influencia dos municipios próximos de Santiago de Compostela e Ames.

Desenvólvense sobre a N-550, CP-8202 e estrada municipal Milladoiro-Reis, distinguíndose entre núcleos de carácter xa marcadamente urbano (Vilar do Calo, Cabovila, As

Galanas, Adrán), e os que manteñen certa fisionomía rural (o resto).


O grupo presenta en xeral un dinamismo demográfico e inmobiliario considerable, se ben a costa de xerar disfuncións e déficits sobre as redes infraestruturais existentes, ademais dos impactos sobre a paisaxe e o medio natural. No caso do desenvolvemento sobre a N-550, maniféstase ademais unha mestura desordenada de usos residenciais con industria e almacenaxe.

Os núcleos situados ao Leste da AP-9 vincúlanse tamén ao espazo de grande dinamismo de Cacheiras, constituíndo conxuntamente con esta zona un arco de tensión urbanizadora importante en torno ao vértice Norte do municipio.

Relación clasificada de núcleos (entre paréntese a súa parroquia)

- a) Centros urbanos densos, por transformación de núcleo rural
 Vilar De Calo, Cabovila, As Galanas (Calo)
- b) Núcleos cunha orixe que é un casar lineal ou en cruce de camiños, sobre ladeiras altas/medias, actualmente evolucionado por expansión diseminada, en xeral sobre camiños rurais.
 Adrán, Carballal, Solláns, Mazas (Calo)
 Monte, Lamas, Guldrís (Cacheiras)

Zona 2: Cornixa Norleste



Datos básicos

Poboación (2003):	3.634
Nº de entidades de poboación:	5
Nº de habitantes por entidade (promedio):	726,8
Superficie aprox (km2):	3,9
Densidade global (hab/km2): ...	931,8
Peso da zona s/ municipio	
Por poboación:	22,7%
Por extensión:	4,9%
Variación pob. 1981-2001:	1.756,9%

Características dos núcleos

Constitúe a área de máis forte crecemento na última década, cunha configuración claramente urbana, a excepción do núcleo de Covas, e, en parte tamén do de A Póboa. Os


asentamentos principais, é dicir, Os Tilos, San Sadurniño e Montouto, realizáronse mediante actuacións urbanísticas unitarias de tamaño medio e grande, en tipoloxías diversas, incluíndo edificación residencial multifamiliar en bloque, así como usos non residenciais.

Desenvolvéronse ao longo e no contorno da estrada autonómica AC-841, que ofrece unha accesibilidade óptima en relación a Santiago de Compostela, vía sobre a cal se desenvolve, cara o Sur, o eixe urbano de maior potencia neste municipio.

Relación clasificada de núcleos (entre paréntese a súa parroquia)

- a) Centros urbanos densos, por actuacións urbanísticas unitarias ordenando solos anteriormente rústicos:
 - Os Tilos, Parque Montouto (Os Tilos)
 - San Sadurniño (Cacheiras)
- b) Núcleo cunha orixe que é un casar sobre ladeiras altas/medias, actualmente evolucionado por expansión de centros urbanos próximos:
 - A Póboa (Cacheiras)
- c) Casar en ladeira próximo a núcleos urbanos pero mantendo o seu carácter rural:
 - Covas (Cacheiras)

Zona 3: Eixe N-550



Datos básicos

Poboación (2003):	2.659
Nº de entidades de poboación:	19
Nº de habitantes por entidade (promedio):	139,9
Superficie aprox (km2):	10,41
Densidade global (hab/km2):	255,4
Peso da zona s/ municipio	
Por poboación:	16,6%
Por extensión:	13,1%
Variación pob. 1981-2001:	7,01%

Características dos núcleos

É un territorio vertebrado pola N-550, e sobre as vías que en peite saen desta estrada. Os asentamentos lineais ao longo da N-550 adquiriron un carácter

claramente urbano, tanto polas tipoloxías edificatorias como pola mestura de usos, o que se produce igualmente, cara o sur, nun grao máis leve, sobre as estradas municipais Luou-Balcaide, e, en parte, Milladorio-Reis, que, xunto á CP-0205 (cara o norte), conforma eixes de crecemento secundarios. Nestes ámbitos apareceron promocións ou actuacións urbanísticas en ocasións de certa dimensión (por exemplo a urbanización en bloques de vivenda colectiva entre Fixo e As Galanas).

Pola contra, nos núcleos máis afastados das vías principais, é dicir, os situados na zona máis meridional e occidental da zona, o carácter e fisionomía rurais seguen sendo dominantes, a pesar da expansión por edificación diseminada sobre camiños.


En xeral se dan crecementos máis importantes nos núcleos máis ao norte e norleste, pola súa proximidade ás áreas de forte dinamismo inmobiliario (norte de Calo e Cacheiras).

Relación clasificada de núcleos (entre paréntese a súa parroquia)

- a) Asentamentos urbanos lineais, por desenvolvemento sobre arteria de comunicacións, transformando e/ou absorbendo, no seu caso, núcleos rurais preexistentes:
Balcaide, Fixo, Ameneiro, A Casalonga (Calo)
- b) Asentamento con orixe en casar, evolucionado en centro de servizos con trazos urbanos:
A Igrexa, San Domingo (Calo)
- c) Núcleos rurais en ladeira, ligados a camiños históricos:
O Faramello, Vilares De Rúa De Francos, Riotinto, A Pedreira, Osebe (Calo)
- d) Núcleo rural en ladeira, con crecemento moderado en diseminado por influencia de estrada (CP-0205):
Vila Verde (Calo)
- e) Núcleos rurais en meseta, con expansión sobre vías de concentración parcelaria:
Folgueiras, Cesar, A Xesta, Socastro, O Casal, Mouromorto, Texexe (Calo)

- b) Asentamento con orixe en casar, evolucionado en centro de servizos con trazos urbanos:
- O Casal (Recesende)
- Sebe (Cacheiras)
- c) Núcleo urbano residencial en baixa/media densidade, de nova creación, sobre solos inicialmente rústicos:
- Os Verxeles (Oza)
- d) Núcleo rural en ladeira, con crecemento moderado en diseminado, nalgúns casos, sobre vías rurais, por influencia de procesos de urbanización no contorno:
- A Devesa, Raxó, A Torre (Cacheiras)
- Castres, Cepeda (Oza)
- e) Casar rural a penas evolucionado:
- A Ermida (vinculado a finca singular), O Piro (Oza)
- Chaves (Lucí)
- f) Núcleos rurais en meseta, con expansión sobre vías de concentración parcelaria:
- Feros, Pedrouso, Vilar, As Cruces, O Sisto, A Igrexa, Costenla, Requián (Cacheiras)
- Casaldomiro, Seoane, Vilanova, Tarrío, A Pedra (Recesende)

Zona 5: Vertente Sta. Lucía Leste



Datos básicos

Poboación (2003):	247
Nº de entidades de poboación:	5
Nº de habitantes por entidade (promedio):	49,4
Superficie aprox (km2):	1,8
Densidade global (hab/km2):	137,2
Peso da zona s/ municipio	
Por poboación:	1,5%
Por extensión:	2,3%
Variación pob. 1981-2001:	-3,5%

Características dos núcleos

Pequenos asentamentos vinculados á vertente do río Sta. Lucía e ás zonas de cultivo nas súas ladeiras, mal comunicados co resto do municipio, en fondo de saco da rede de camiños sobre os que se asentan. Soamente dous

deles (Procelas e Penelas) presentan unha certa estrutura como núcleo, sendo o resto basicamente casares minimamente evolucionados.


Estes núcleos quedan severamente afectados polas novas arterias: Autoestrada AP-53 Santiago-Ourense, AG-59 (autovía proxectada como alternativa á estrada AC-841/C-541), e nova autovía proxectada Cacheiras-As Galanas, de conexión entre a anterior e a N-550 (prolongación do cinturón Oeste de Santiago).

A perda de poboación na zona reduciuse no período 1991-2001 respecto á producida no de 1981-1991.

Relación clasificada de núcleos (entre paréntese a súa parroquia)

- a) Asentamento rural con expansión moderada no seu contorno:
 Penelas, Procelas (Cacheiras)
- b) Casar rural de dimensións reducidas:
 Tras Do Exo, Noenlles (Cacheiras)
- c) Casar en orixe evolucionado por moderada expansión no seu contorno:
 A Barcia (Cacheiras)

Zona 6: Meseta Oeste



Datos básicos

Poboación (2003):	1.490
Nº de entidades de poboación:	21
Nº de habitantes por entidade (promedio):	71,0
Superficie aprox (km2):	14,9
Densidade global (hab/km2):	100,3
Peso da zona s/ municipio	
Por poboación:	9,3%
Por extensión:	18,7%
Variación pob. 1981-2001:	-16,8%

Características dos núcleos

Os núcleos agrupados nesta zona, de tamaño en xeral pequeno (o promedio de habitantes é de só 71, fronte ao promedio municipal de 115), esténdense sobre a planicie central do municipio, en sentido NO-SE, nun gradiente de densidade ou concentración decrecente.

Son núcleos relativamente homoxéneos, en tamaño (oscilan entre os 25 e 150 habitantes, aproximadamente), e características

urbanísticas, conservando en xeral a fisionomía e carácter rural, con distinto grao de evolución ou distorsión pola proliferación de diseminados sobre a rede de camiños, especialmente os xerados no proceso de concentración parcelaria, que cubre aquí boa parte dos solos agrarios.

En moitos casos son núcleos cun trazado orixinal que amosa certa complexidade e dimensión, indicando a súa relativa importancia como asentamentos agrícolas, cunha xeometría que está condicionada pola rede de comunicacións na que se insiren, máis que polo relevo, que nesta zona non é, en xeral, especialmente pronunciado.

En conxunto esta zona mantivo a súa poboación estable na última década, tras fortes perdas no período 1981-1991.

Relación clasificada de núcleos (entre paréntese a súa parroquia)


- a) Asentamento rural de dimensións medias, con certas funcións de centro de servizos:
 - Cornide (Calo)
 - A Igrexa, Cantuña (Luou)
 - Rarís..... (Rarís)
- b) Asentamento de dimensións medias conservando a súa natureza rural, con algunhas expansións moderadas no contorno pola rede de camiños:
 - Bustelo, Quintáns, Espasande, Paraxó, O Aído, Nespereira, Trasellas, Regoufe,
 - Loureiro (Luou)
 - Bouñou, Sestelo, Fornelos (Rarís)

c) Casar rural de dimensións reducidas:

Vilela, Rial Do Mato, Buela(Rarís)

Caxade, A Insua (Luou)

Zona 7: Cornixa Oeste



Datos básicos

Poboación (2003):	291
Nº de entidades de poboación:	5
Nº de habitantes por entidade (promedio):	58,2
Superficie aprox (km2):	7,4
Densidade global (hab/km2):	39,3
Peso da zona s/ municipio	
Por poboación:	1,8%
Por extensión:	9,3%
Variación pob. 1981-2001:	-24,4%

Características dos núcleos

Pequenos asentamentos a penas evolucionados, vinculados a actividades forestais e agrícolas nas ladeiras altas situadas ao Noroeste do municipio.

Conéctanse ao resto do municipio e ao municipio colindante (Padrón), unicamente por medio da estrada provincial CP-6502, como vía de certa importancia, e pola rede de camiños rurais.


A maioría destes asentamentos son tendencialmente regresivos en termos de poboación, salvo A Agrela e

Vilar do Bispo, que no último decenio coñeceron un leve crecemento.

Relación clasificada de núcleos (entre paréntese a súa parroquia)

- a) Asentamento rural con expansión moderada no seu contorno:
 A Agrela, Mosteiro, A Silva(Lampai)
- b) Casar rural de dimensións reducidas:
 Veitureira, Vilar Do Bispo(Lampai)

Zona 8: Vales do Sur



Datos básicos

Poboación (2003):2.367
 Nº de entidades de poboación:47
 Nº de habitantes por entidade (promedio): ...50,4
 Superficie aprox (km2):24,3
 Densidade global (hab/km2):97,4

Peso da zona s/ municipio

Por poboación: 14,8%
 Por extensión: 30,5%
 Variación pob. 1981-2001: -16,4%

Características dos núcleos

Nesta zona localízase unha nube de asentamentos pequenos (por debaixo dos 130 habitantes en todos os casos, cun promedio de só 50,4, fronte aos 115,3 do promedio municipal), de carácter fortemente agrario, vinculados ás terrazas e vales cultivables nas cuncas dos cursos fluviais principais que transcorren polo sur do municipio: ríos Ulla, Sta. Lucía e Pereiro.

O sector atópase relativamente separado e diferenciado do resto do municipio, particularmente das áreas de maior dinamismo urbanístico no norte do municipio. Vertébrase en termos de comunicación e transportes por medio das estradas (en orde de importancia decrecente): AC-841 e AC-242/241 (autonómicas), CP-8201 (provincial) e Milladoiro-Reis (municipal). Sen embargo o seu carácter fundamentalmente agrario maniféstase nun patrón de localización que non se vincula principalmente a ditas vías, senón á dispoñibilidade de solos de cultivos. Así, non se aprecia unha relación directa entre tamaño e importancia do núcleo e proximidade ás principais vías, salvo no que se refire á concentración de certos servizos ou equipamentos públicos, que, loxicamente, si se da, con máis intensidade nalgúns núcleos sobre as vías estruturantes.

Se ben globalmente é unha área con perda neta de poboación entre os censos de 1981 e 2001, no segundo decenio estabilizouse (2.354 e 2.384 habs. de dereito en 1991 e 2001, respectivamente), sen que se poida identificar unha área ou patrón claro para os núcleos que crecen ou diminúen poboación. Entre os que aumentaron a súa poboación nos últimos anos se poden destacar, pola súa magnitude, Pontevea (Reis), O Ferreiriño (Reis) e Ribas (Oza), mentres que entre os que perden poboación destaca Lamas (Bamonde), Oliveira (Reis), Freixeiro (Reis) e O Vilar (Teo).

Relación clasificada de núcleos (entre paréntese a súa parroquia)

- a) Asentamento rural con certo desenvolvemento de servizos e dotacións que lle confiren funcións de centralidade:
 - A Igrexa, A Ribeira, Pontevea (Reis)
 - Agoso, Ribas (Oza)
 - A Igrexa (Bamonde)
 - Fontenlo (Teo)
 - Vilariño (Vilariño)
- b) Asentamento rural vinculado a terras de cultivo en ladeiras baixas próximas a canle, con expansión moderada no seu contorno:
 - O Ferreiriño, Xermeade, Oliveira (Reis)
 - Pite (Lucí)
 - Cerdeira (Vilariño)
 - Campos, Vilar (Teo)
- c) Asentamento rural vinculado a terras de cultivo en ladeiras baixas, sen a penas transformación ou expansión:
 - Eio Dos Ferreiros, Eio Dos Menecos, Vilanova, Cachóns, O Outeiro (Oza)
 - Tribaldes, O Coto, Lamas (Bamonde)
 - Noceda, Agromaior, Mallos (Teo)
 - Paredes (Lucí)
 - Pazos, Freixeiro, Samar, Valiñas (Reis)
- d) Asentamento rural vinculado a monte, en ladeira media:
 - Coira (Reis)
- e) Asentamento rural vinculado a vías de comunicación e terras de cultivo, en meseta ou ladeiras medias:
 - A Florida, O Casal De Reis (Rarís)
 - Chao Do Rio, O Outeiro (Reis)
 - Lucí (Lucí)
- f) Casar rural de dimensións reducidas:
 - Vieiro, Montecelo, A Freiría, O Piñeiro (Reis)
 - Laña, Gondelle (Oza)
 - As Quintáns, Reboredo, Malfurado (Bamonde)
- g) Casar rural de dimensións reducidas, vinculado a finca singular:
 - Vilachaíño (Teo)

5 ESTUDIO DOS NÚCLEOS RURAIS

De cara á realización deste Estudio do Modelo de Asentamentos, particularmente o Ficheiro de Núcleos Rurais que se adxunta, así como para poder cumprir cos requisitos que establece a Lei en canto á delimitación dos solos clasificados como Núcleo Rural, realizouse un estudo específico individualizado de cada un destes.

Loxicamente, dado que o fin principal deste estudo é xustificar a delimitación dos ámbitos clasificados como Núcleo Rural, o estudo exclúe as entidades de poboación que se clasifican neste Plan con outras clases de solo diferentes á de Núcleo Rural, é dicir, nalgúns casos, como Solo Urbano, e noutros como Solo Rústico.

A metodoloxía empregada nesta análise resúmese seguidamente.

1. Obxectivos da análise

A análise persegue como resultado último a delimitación do núcleo rural e a súa área de expansión.

2. Información obtida

2.1. Edificación

- Edificación tradicional (aprox. anterior a mediados s. XX), incluíndo a que fora obxecto de transformación ou rehabilitación posterior.
- Edificación nova, non reflectida na cartografía dispoñible, para actualizar esta.
- Alturas da edificación, comprobando a recollida na cartografía oficial 1:2.000.
- Tipoloxías constructivas características: Cubertas, fachadas, materiais, cerramentos das parcelas...
- Nº de vivendas, en particular a existencia de edificación residencial multifamiliar.
- Usos non residenciais, distinguindo uso agrícola, comercial/industrial, dotacional (co uso específico), u outros.

2.2. Inventario patrimonial de bens arquitectónicos, históricos, arqueolóxicos, etnográficos, etc., a protexer

- Comprobación de elementos xa inventariados.
- Identificación de elementos novos non inventariados previamente, incluíndo conxuntos a protexer como contornos tradicionais.
- Documentación do elemento: Fotografía, descrición, estado, titularidade, valores destacables, perímetro.

2.3. Outros aspectos

- Espazos libres/zonas verdes públicas.
- Rede viaria: Nome, tipo de pavimento e estado de conservación.

3. Fases do estudo

3.1. Preparación do traballo

- Deseño de fichas de núcleo e de catálogo (a partir do modelo do PPT-PXOM).
- Análise da información dispoñible: Cartografía e fotos históricas, inventarios de bens, documentación do Avance, etc.
- Deseño da ficha descritiva da edificación tradicional contendo os elementos a comprobar.
- Preparación do material por núcleo para rexistrar a información en campo.

3.2. Traballo de campo

Visítase cada núcleo e o seu contorno para recoller sobre plano, fichas e fotografía a información sinalada no punto 2.

3.3. Volcado e interpretación dos datos de campo

- Informatízanse os datos recollidos, incorporándoos á cartografía de diagnóstico e ordenación, así como aos ficheiros e bases de datos correspondentes.
- Delimítase o ámbito, no seu caso, a clasificar como Núcleo Rural e a súa zona de expansión, de acordo á Lei, aos datos de cada núcleo, e ao modelo territorial definido polo Plan, especialmente a delimitación dos solos urbanos e rústicos de protección. Complétanse os datos derivados da delimitación e recollidos no ficheiro de Núcleos Rurais.
- Descrición da tipoloxía tradicional por núcleo ou conxunto de núcleos, segundo a observación da mesma realizada en campo e a documentación analizada (fotos e planos).
- Realización do Catálogo de elementos a protexer.

6 DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL E A SÚA EXPANSIÓN

O estudo dos núcleos rurais conclúe na delimitación dos ámbitos que prevé a Lei (artº 13 LOUG), como parte do proceso de delimitación das clases e categorías de solo do municipio, no marco da elaboración do Plan Xeral.

Someramente, o proceso de delimitación é o seguinte:

6.1 DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE ORIXE

Unha vez restituída sobre a cartografía a edificación tradicional e o resto de información obtida en campo, tendo en conta as afeccións territoriais (solos rústicos de protección), así como a propia estrutura do asentamento, realízase unha primeira delimitación do núcleo de orixe, respectando en todo caso a distancia máxima de 50 m desde a edificación tradicional, e seguindo límites físicos ou de propiedade.

Delimitado o núcleo, realízase a análise do mesmo, apoiado, ademais de nos datos de campo, na documentación cartográfica (en particular o parcelario catastral) e fotográfica, incluíndo os seus principais parámetros urbanísticos:

a) Situación actual

Superficie (Has)

Nº vivendas unifamiliares

Nº vivendas multifamiliares

Nº de edificios multifamiliares

Usos non residenciais nin dotacionais - En edificación exclusiva

Usos non residenciais nin dotacionais - En edificación residencial

Superficie total de parcelas privadas (m²)

Nº parcelas privadas

Superf. media parcela (m²)

Densidade residencial (viv/Ha)

Superficie dos espazos libres públicos

Superficie dos equipamentos e dotacións públicas

b) Capacidade potencial

Nº parcelas libres

Nº parcelas (teito)

Nº vivendas (teito)

Densidade tecido (viv/Ha)

Grado consolidación (actual) respecto á capacidade potencial

Para a determinación das parcelas potenciais tense en conta, loxicamente, tanto a superficie mínima esixible (300 m² no interior do ámbito do núcleo tradicional, segundo a Lei), como a rede de accesos dispoñibles de cara a constatar a dispoñibilidade da fronte mínima a vía pública para ditas parcelas potenciais.

Debe sinalarse, non obstante, que a cifra así obtida é en todo caso meramente hipotética, se dela se derivara un incremento significativo do número de parcelas respecto ao actual, pois na maioría dos casos no interior do núcleo de orixe existe unha estrutura de propiedade moi asentada e estable, cunha configuración espacial que responde ás formas de vida e de actividade rural, e non á optimización do solo en termos de promoción

inmobiliaria. Isto é especialmente aplicable, no caso de Teo, á maior parte dos seus núcleos rurais, localizados fóra dos espazos urbanisticamente dinámicos do seu tercio Norte.

En función do resultado de dita análise, particularmente do grao de consolidación obtido, procédese, no seu caso, a reaxustar a delimitación do núcleo de orixe.

6.2 DELIMITACIÓN DA ÁREA DE EXPANSIÓN DO NÚCLEO

De acordo á caracterización do núcleo, especialmente a súa dinámica poboacional, á existencia de edificación diseminada, e aos condicionantes territoriais no seu contorno, procédese a delimitar a súa posible área de expansión, dentro do límite dos 200 m desde o perímetro do núcleo de orixe anterior.

Neste caso faise igualmente unha estimación dos parámetros e variables antes citados para o núcleo de orixe. No que se refire á capacidade potencial de acollida nas áreas de expansión, se aplica un procedemento similar ao do núcleo de orixe, é dicir, tamaño de parcela (neste caso superior a 600 m²), e fronte mínima a vía pública.

Ao igual que se sinalou para o núcleo de orixe, esa capacidade potencial adicional é meramente teórica, existindo neste caso, ademais, outro impedimento, de carácter urbanístico, para que puidera eventualmente producirse unha colmatación da capacidade potencial de parcelación do solo. Este vén dado polo requisito que establece o parágrafo 4 (introducido pola MLOUG) do artº 24 LOUG, no sentido de que non se permiten segregacións ou divisións de parcelas, nas áreas de expansións, en tanto no se aprobara un Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Mellora do Medio Rural.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE TEO

DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 27-01-10 DA CMATI

ESTUDIO DO MEDIO RURAL

FEBREIRO 2010

ÍNDICE

	PÁX
1. CARACTERIZACIÓN E VALORACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA DO TERRITORIO	1
1.1. XEOMORFOLOXÍA	1
1.2. HIDROLOXÍA	4
1.3. CLIMATOLOXÍA	6
1.4. EDAFOLOXÍA	9
1.5. USOS DO SOLO	10
1.6. VALORES AMBIENTAIS E PAISAXÍSTICOS	14
1.7. RECURSOS NATURAIS E POTENCIALIDADES DO TERRITORIO	20
2. O PATRIMONIO CULTURAL VINCULADO AO TERRITORIO	22

1. CARACTERIZACIÓN E VALORACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA DO TERRITORIO

1.1. XEOMORFOLOXÍA

No sector meridional da Terra de Santiago domina a morfoloxía suave de amplas superficies de erosión e profusa rede hidrográfica. O relevo do termo municipal artéllase en función do río Ulla que o percorre polo sur. As superficies de achandamento graduadas a diferente altitude e basculadas por mor da tectónica son degradadas pola intensa acción fluvial, sendo posible distinguir varias unidades morfolóxicas: un nivel superior sobre os 400 m, un segundo nivel sobre os 300 m e, por último, os vales fluviais do río Ulla e os seus tributarios.

A primeira das unidades desenvólvese ao norte e sudoeste do municipio, formando parte do horst tectónico que constitúe o rebordo oriental da Depresión Meridiana. No norte, o bloque levantado de Montouto-Póboa, que individualiza o alvéolo de Santiago polo sur facendo a divisoria de augas entre as cuncas do Sar e de Santa Lucía, preséntase cunhas superficies achaiadas onde sobresaen lixeiramente os altos de Montouto (337m), a Pena Redonda (341m) e a Pena de Póboa (373m). No sudoeste, desenvólvense as superficies achaiadas de Lampai nas que sobresaen os montes de Pena de Agrela, cos seus 405 m (altura máis destacada do municipio).

A superficie de achariamento dos 300 m esténdese no sector central do municipio con formas suavemente onduladas e valgadas amplas, a miúdo con apreciable recubrimento sedimentario aluvial, onde a importancia da tectónica é tamén fundamental para explicar as formas do relevo, subsidiario dos movementos que orixinaron a Depresión Meridiana. O planalto esténdese nun sector onde se asentan numerosas aldeas e agras, nunha superficie de aplanamento intensamente drenada, no norte, por regos de orientación meridiana, entre lixeiros e estreitos interfluvios, e no sur polo Río de Chao, que discorre cara a cunca do Río de Santa Lucía con constantes cambios de dirección, e polo río de Angüeira que drena o occidente cara a bacía do Sar. En Calo a superficie de aplanamento forma unha estreita zona interfluvial entre as bacías do Sar e do Santa Lucía. O Río Tinto, afluente do Sar, drena esta superficie cos seus pequenos tributarios (regatos de Fixó, de Carballal, de Texexe) que, pola súa marxe esquerda, xeran microconcas perpendiculares nas que os seus espazos interfluviais son ocupados polos asentamentos. Entre estes destacan os outeiros redondeados de Castromouro e Santa Clara, auténticos bloques levantados pola tectónica, que presentan acusados desniveis cara ao poñente.

Cara ao sur, a incisión dos álveos produce a degradación desta superficie aproveitando liñas de fractura, orixinando notables encaixamentos nalgúns treitos dos ríos Tella, de Santa Lucía e Pereiro. O Río Tinto, que discorre en dirección>NNL-SSO polo occidente da parroquia de Calo, vaise tamén encaixando progresivamente antes de penetrar de cheo na Depresión Meridiana, da que anticipa as súas características.

O río Ulla discorre polo sur do municipio recibindo os seus tributarios de Santa Lucía e Pereiro, estruturando o territorio nuns vales nos que escasamente se superan os 150 m de altitude. As formas, agás nos pequenos encaixamentos dos ríos, seguen a ser suaves e redondeadas sobre materiais metasedimentarios, e, fundamentalmente, nas achaiadas veigas, por mor do importante recubrimento sedimentario dos vales.

No val do Ulla destaca a súa baixa altitude (25 m en Pontevea) e planitude en contraste coa escarpa do aliñamento montañoso dos Altos de Cabanelas e Penacate, de abas de acusadas pendentes, que anticipan o encaixamento do val entre os bloques de Meda e Xesteiras. A tectónica deixa no territorio, de novo, unha grande pegada, así, o Ulla vese obrigado a realizar cambios bruscos de dirección seguindo a marcada polas estruturas, e describir unhas amplas revoltas. Así mesmo, reflíctese esta na extraordinaria profusión da rede hidrográfica, que resulta estruturada en microcuncas, e nos mananciais de augas termais.

Topograficamente, o máis destacado é, xa que logo, a baixa altitude sobre o nivel do mar e a súa relativa planitude, que só acada desniveis acusados nos rebordos dos banzos e, nas abas dos ríos, cando estes se

encaixan. As pendentes suaves son as predominantes, con grandes sectores das superficies de achariamento e do fondo das veigas que presentan pendentes moi suaves.

As chairas aluviais e veigas dos principais ríos aparecen recheas de sedimentos cuaternarios. Dadas as características morfolóxicas e dinámicas da rede hidrográfica, os vales de inundación actuais ocupan unha escasa extensión, destacando os depósitos dos ríos Ulla, de Santa Lucía e Pereiro. Os depósitos están compostos maioritariamente por fraccións de texturas finas procedentes da erosión fluvial: limos e arxilas, mais tamén existen áreas nas que os depósitos areosos son notables (chairas de inundación do río Ulla).

Os materiais xistosos arrasados e os recubrimentos sedimentarios aluviais das veigas, conforman un territorio caracterizado pola impermeabilidade e a dificultade de drenaxe, e onde é habitual a formación de áreas hidromorfas (Monte da Lagoa, Lagóns, Brañas de Bouño, de Paraxó, de Regoufe, de Quintáns, etc). Nas transicións entre banzos, como nas abas occidentais e orientais dos altos de Montouto-Póboa (Montes de Busía e Póboa, Montes de Covas), abas occidentais dos montes de Calo (Montes de Castro Mouro, Santa Clara, Espasande), nos Montes de Rarís e Reis e nos treitos encaixados dos ríos Tella, Chao, Santa Lucía e Pereiro, as pendentes son moderadas e, puntualmente, fortes. Nos maiores encaixamentos da rede fluvial (Santa Lucía en Noenlles, Ulla e Pereiro en Agromaior, Ulla nas Pesqueiras, etc), nas escarpas da Cruz do Xastre-Alto das Cabanelas-Penacate, así como nas abas dos Montes de Pena de Agrela as pendentes adoitan ser fortes ou moi fortes, incluso superiores ao 30%.

Xeoloxicamente, o territorio municipal encádrase no Dominio Xistoso da Galicia Central e Occidental. Formación descontinua que segue a dirección das estruturas hercínicas, caracterizada polo grao de metamorfismo e a intensa alteración. Está composta, esencialmente, por unha serie metasedimentaria e por ortogneis, máis ou menos migmatizados. Os afloramentos de metasedimentos que se localizan pertencen ao dominio migmatítico e das rochas graníticas (Grupo de Laxe). Os xistos representan zonas onde a migmatización sufrida non acadou o grao necesario para a transformación en rochas graníticas.

Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas (Grupo de Laxe)

Xistos con niveis de cuarcitas:

Corresponden a xistos e paragneis que se estenden no sector central e oriental do municipio presentándose normalmente migmatizados. De xeito xeneralizado entre os seus minerais principais atópanse seixo, biotita e moscovita. Tamén se poden presentar como minerais principais microclina e plaxioclasa e, en menores ocasións, sillimanita. O seixo dos xistos aparece con frecuencia como lentellóns e tamén como cristais illados, sendo estes máis frecuentes nos paragneises.

Rochas graníticas

Granito de dúas micas de gran medio a grosso con megacristais:

Afloran estas rochas graníticas na zona nororiental do municipio correspondentes á parroquia de Cacheiras. Están compostas por seixo, microclina, plaxioclasa, biotita e moscovita e presentan ademais apatito, circonio e sillimanita como principais accesorios. En canto ás texturas, predominan as de gran medio con megacristais de feldespato potásico. Nestes granitos é frecuente a presenza de enclaves de xistos e paragneis, cun grao de migmatización intensa, compostos fundamentalmente por seixo, biotita, moscovita, microclina e plaxioclasa. En ocasións a sillimanita e andalucita son tamén constituíntes principais.

Granitoides migmatíticos:

Na zona oeste afloran granitoides migmatíticos que presentan frecuentes restos da rocha orixinal (sedimentos e ortogneis glandulares), mais que, en conxunto, pódense asimilar a granitos de dúas micas, cun predominio da biotita. Na súa composición entran seixo, microclina, plaxioclasa, biotita e moscovita, con sillimanita, apatito, circonio, opacos e rútilo como principais accesorios.

Rochas filonianas

Seixos:

Preséntanse normalmente asociado a estas rochas en forma de filóns que cicatrizan fracturas e, a miúdo, non aparece cartografados nos mapas xeolóxicos, salientando o filón do alto de Montouto.

Cuaternario

Depósitos aluviais e fondos de valgada:

Os depósitos aluviais aparecen emprazados nas beiras dos leitos dos ríos, formando planicies que foron aproveitadas para a formación de pasteiros. Os máis destacados aparecen nas veigas dos ríos de Santa Lucía, Pereiro e Ulla, mais tamén aparecen en distintos treitos do río de Chao e no río Tinto. Estes depósitos están compostos por gravas heterométricas, de redondeadas a subredondeadas, e cunha matriz areosa-limosa-arxilosa parda, e os seus grosos son, en xeral, baixos. Nos regatos e demais leitos secundarios da rede hidrográfica son frecuentes os recheos do fondo das valgadas cun predominio dos materiais finos.

1.2. HIDROLOXÍA

O termo municipal de Teo pertence hidrograficamente á bacía do Río Ulla (marxe dereita). Este é un río da vertente atlántica, de longo percorrido, pendentes suaves e réxime pluvial, con máximos caudais nos meses de inverno.

O caudal fluvial máis importante é o Río Ulla que constitúe a súa fronteira natural polo sur. A rede hidrolóxica básica do municipio, segundo se recolle no Plano Hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC), é a constituída polos seguintes ríos.

Código	Río
244073	Río Pereiro
244090	Río de Santa Lucía
24409010	Rego de Cepeda
24409012	Río Tella
2440901201	Rego da Auga
2440901202	Rego das Laxes
24409014	Río do Chao
2440901401	Rego da Ramallosa
2440901402	Rego de Loureiro
2440901404	Rego de Sestelo
2440901406	Rego de Fornelos
24409016	Rego do Piñeiro
244094	Rego de Fontao
24410003	Rego de Cruxeira
24410013	Río Tinto
2441001301	Rego de Rodullo
24410013011	Rego de Fixó
24410015	Rego do Barranco de Manzanillo
24410019	Rego de Tarrío
2441001901	Rego de Mosteiro

A rede hidrográfica do Ulla é profusa, con abundantes ríos e regatos que recibe pola súa marxe dereita. No surlleste, recibe ao Río Pereiro que serve de límite co municipio de Vedra. O seu tributario que drena unha cunca máis ampla no termo municipal é o Río de Santa Lucía. Este discorre seguindo fendas de direccións NNL-SSO que cambian bruscamente e, en varias direccións no seu treito final, seguindo as estruturas, recibindo pola marxe dereita os seus principais afluentes, ríos Tella, do Chao e de Piñeiro, que teñen as súas fontes no territorio.

O occidente do termo está drenado polos afluentes do Río Sar, Ríos Tinto, Barranco de Manzanillo e Rego de Tarrío, que, así mesmo, nacen no termo.

En relación ás características das augas, estes ríos presentan augas de boa calidade dende o punto de vista químico. O seu interese ecolóxico é moi elevado, salientando o Río Ulla e os treitos baixos dos seus tributarios no municipio, Pereiro e Santa Lucía, declarados como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Ademais, as súas augas son destinadas ao abastecemento urbano polo que cómpre asegurar a axeitada preservación da calidade do recurso.

No Río Ulla emprázase o Couto de Pesca do Xirimbao-Couso, con límite superior na Presa de Couso (A Estrada-Teo) e límite inferior situado 100 m augas abaixo da Pedra de Fernández (A Estrada-Teo).

Dende o punto de vista hidroxeolóxico, existen dous conxuntos de terreos claramente diferenciados:

- Os terreos precámbricos e paleozoicos e rochas ígneas nas que a súa permeabilidade en estado fresco é practicamente nula e, en estado alterado, moi baixa e baixa, respectivamente. No tocante á contaminación das augas subterráneas, o Mapa de Vulnerabilidade á Contaminación dos Mantos Acuíferos encadra estes terreos dentro das zonas nas que a contaminación afectará, case que en exclusiva, ás augas superficiais, por non existir practicamente afloramentos de formacións permeables.
- Os sedimentos cuaternarios que presentan unhas condicións máis favorables para a infiltración e almacenamento de auga subterránea. A superficialidade dos posibles acuíferos, derivada do seu lixeiro grosor, implica que se vexan moi afectados polas variacións estacionais. Nas chairas aluviais poden presentar unha recarga adicional a prol dos caudais do río ao que pertencen. O Mapa de Vulnerabilidade á Contaminación dos Mantos Acuíferos defínenos como terreos onde os acuíferos son moi vulnerables a esta, e zonas nas que, polo tanto, é preciso extremar as medidas preventivas.

Zonas con Risco Potencial de Inundación

Segundo se establece no PHGC, no sur do concello localízanse dúas zonas con risco de enchente, nas que deberanse establecer limitacións á edificación:

Río Ulla, con prioridade mínima.

Río Ulla inferior, con prioridade media (treito do río incluído entre o Vao e a confluencia co Sar).

O Plan Especial de Protección Civil de Galicia define ao núcleo urbano de Pontevea e o seu contorno como área con "risco de inundación alto frecuente". O resto do territorio municipal aparece tamén dentro das áreas con risco de inundación na categoría baixo.

1.3. CLIMATOLOXÍA

Climaticamente a Comarca de Santiago está encadrada no dominio oceánico hiperhúmido. A influencia climática das Rías Baixas penetra polo val do Río Ulla e orixina un clima temperado todo o ano, con abondosas precipitacións de inverno e asomos de calor nos meses de verán. Destaca a moderación das temperaturas e as reducidas precipitacións estivais.

A climatoloxía do Municipio de Teo presenta unhas características, tanto en precipitación, coma en temperatura e estacionalidade, que a sitúan aproximadamente na media do conxunto de Galicia. En xeral, posúe un clima oceánico moi húmido, caracterizado por invernos suaves, veráns quentes e abundantes precipitacións. Na estación de referencia, Santiago de Compostela, a temperatura media anual non acada os 13° C. A oscilación de temperaturas entre o inverno e o verán non é moi acusada, dos 20° C de media nos meses estivais pásase aos 8° C do inverno.

Sen embargo, estas características presentan diversos matices por mor da súa posición meridional e menor altitude. Efectivamente, obsérvase a existencia dun gradiente morfoclimático, no que de norte a sur vaise incrementando o índice de termicidade. As baixas altitudes xunto coa citada influencia oceánica introducen un matiz mediterráneo na vexetación da "Ribeira do Ulla" que, na medida que se afasta dos principais ríos e aumenta a altitude, vaise minorando.

Precipitacións

A bisbarra de Santiago sitúase na fachada atlántica de Galicia e anterior á Dorsal Central Galega. Esta fachada atlántica considérase a porta de entrada dos fluxos dominantes do oeste cos que veñen asociadas as fronteiras que deixan as chuvias de outono e inverno. O volume de precipitacións aparece influenciado basicamente pola altitude dos diferentes puntos. Os datos da precipitación media mensual e anual son:

	Anual	Xan.	Febr.	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agost.	Setem.	Out.	Nov.	Dec.
Santiago	107.8	144	103.8	122.2	76.2	91.2	53.6	16.7	44.4	67.8	90.4	131.4	136.4

Precipitación media anual e mensual (mm). Fonte: "Atlas Climático de Galicia". Martínez Cortizas, A. *et al.* 1999

A estacionalidade é a típica das latitudes medias. Os meses de outono e inverno son os que presentan unha maior precipitación. Os meses de primavera e verán son os que presentan menores precipitacións e coinciden ademais coa época cálida.

	Outono	Inverno	Primavera	Verán
Santiago	358	370	221	129

Precipitación estacional media (mm). Fte.: "Atlas Climático de Galicia". Martínez Cortizas, A. *et al.* 1999

Segundo os índices de estacionalidade considérase que esta é moderada en comparación co resto de Galicia: é moi forte na provincia de Ourense e na bacía do Miño en Pontevedra, e feble ou moi feble no norte de Lugo, na Serra do Xistral.

A precipitación media en Galicia é de 1180 mm, oscilando os valores dende os 500-600 mm nos vales do Miño e do Sil ata os máximos de 1800-2000 mm nas serras litorais da Coruña e Pontevedra e na Dorsal

Galega. Comparando estes datos cos totais de precipitación da estación analizada podemos ver que presenta uns valores moi semellantes á media de Galicia.

Temperatura

Igual que na precipitación, formúlanse unha serie de gradientes que relacionan a situación de cada punto coa súa temperatura. De xeito análogo ás precipitacións o gradiente está marcado principalmente pola altitude, aínda que inflúe tamén a latitude. Así, para a zona de Santiago estímase que a temperatura varía coa altitude nunha relación de $-0.50^{\circ}\text{C}/100\text{ m}$.

	Anual	Xan.	Febr.	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agost.	Setem.	Out.	Nov.	Dec.
Santiago	13.7	8.3	9.1	10.5	11.8	14.3	16.7	19.5	19.6	18.5	14.7	11.4	9.4

Temperatura media anual e mensual ($^{\circ}\text{C}$). Fte.: "Atlas Climático de Galicia". Martínez Cortizas, A. *et al.* 1999

A temperatura media para Galicia é de 13.3°C . Comparando este valor co da estación de Santiago obsérvase que esta está lixeiramente por riba da media autonómica.

As temperaturas son agradables ao longo de todo o ano, os invernos son suaves (as medias mensuais máis baixas rexístranse nos meses de xaneiro e febreiro, con 8.3 e 9.1°C respectivamente) e os veráns non demasiado calorosos (as medias mensuais máis cálidas rexístranse en xullo e agosto), situándose a media anual entre os 13 - 14°C e a amplitude térmica media nuns 11°C .

	Outono	Inverno	Primavera	Verán
Santiago	11.9	9.3	14.3	19.3
Galicia	11	8.5	15	19

Fte.: "Atlas Climático de Galicia". Martínez Cortizas, A. *et al.* 1999

Sen embargo, tanto nos valores de precipitación como na temperatura existe unha gradación entre as terras baixas dos vales e mailas dos niveis de achandamento superiores.

Déficit hídrico

O déficit hídrico é a diferenza entre a precipitación e a liberación de auga á atmosfera que se produce nunha zona (evapotranspiración). Esta perda de auga vai depender de varios factores entre os que están a vexetación, a temperatura, a saturación do aire, a velocidade do vento ou a auga dispoñible ou retida polo propio solo.

Nas zonas baixas debido a que as temperaturas son maiores, e as precipitacións menores, hai un maior déficit hídrico, polo que hai posibilidade de seca durante o verán e incluso a primavera, sendo bastante probable nos meses de xullo e agosto. Nas zonas altas do municipio, sen embargo, as temperaturas son máis baixas, e son maiores as precipitacións polo que é máis difícil que se dean situacións de seca e en calquera caso sería unicamente nos meses de xullo ou agosto, que son os de maior rigor estival. Para as estacións de referencia temos os seguintes datos:

		Outono	Inverno	Primavera	Verán
Santiago	Precipitación	358	370	221	129
	ETP	115	42	210	334
	Déficit hídrico	243	328	11	-205

Precipitación, evapotranspiración, e déficit hídrico (mm). Fonte: "Atlas Climático de Galicia". Martínez Cortizas, A. *et al.* 1999. "Bioclimatología de Galicia" Carballera, A. *et al.* 1983

Rexións fitoclimáticas

A xeito de resumo e segundo a clasificación recollida no "Atlas climático de Galicia" (Martínez Cortizas, A. *et al.* 1999) a estación de Santiago podería ser considerada coma temperada subhúmda.

En Galicia as rexións máis comúns son a temperada subhúmda seguido da temperada seca e da cálida húmda.

Vento

Predominan as compoñentes S e SO que proporcionan temperaturas suaves, nubosidade e precipitacións abundantes. Cómpre salientar, así mesmo, as direccións N e NO, responsables da subida das temperaturas entre febreiro e outubro.

Radiación solar e nubosidade

A época de máxima radiación solar coincide cos meses de xuño, xullo e agosto, nos que se incrementa o número de horas de sol, sendo os meses con menor número de horas de sol os comprendidos nas estacións outonal e invernal.

1.4. EDAFOLOXÍA

As características fisiográficas e a natureza dos materiais xeolóxicos determinan, xunto co clima e maila actividade biolóxica, os solos que se atopan nun territorio. Na zona de estudio os principais factores que interveñen na súa formación son:

- O substrato xeolóxico, cunha diversidade de situacións ligada á variedade litolóxica. Ademais, o relevo actúa como principal factor, condicionando o grao de evolución do perfil e a profundidade, favorecendo a sedimentación nas áreas baixas e a erosión nas ladeiras escarpadas.
- O clima moi húmido deste sector que orixina solos cun contido elevado de materia orgánica e unha humidificación do tipo moder mulliforme ou mull.
- A vexetación que actúa como factor fundamental nas áreas inestables de pendentes fortes e en zonas con problemas de estabilidade derivados da falta de cohesión do substrato. A súa contribución á formación do solo débese tanto o seu labor de estruturación como á protección mecánica que supón, dificultando deste xeito os procesos erosivos.
- As tradicionais actividades humanas teñen, así mesmo, unha grande transcendencia, actuando como factor positivo no caso das áreas de cultivo, sobre as que tras longos períodos de labranza intensiva e aporte de materia orgánica, fóronse desenrolando solos de maior fertilidade. Por outro lado, actúa como factor negativo, no caso dos relevos residuais, nos que favoreceu os procesos erosivos ao deteriorar a cuberta vexetal e, polo tanto, atrasando a súa evolución.

Tendo en conta os materiais de orixe, os solos formados na zona teñen moi boas calidades agronómicas dentro do contexto de Galicia. Adoitan ser solos profundos con boa parte dos minerais primarios alterados.

Na distribución dos solos predominan claramente os cambisoles húmicos e, en menor medida, os ferrálicos, podéndose considerar como os solos en equilibrio coas condicións ambientais, é dicir, os solos clímax. En xeral, son solos profundos con boa retención de auga, grumosos, permeables e ben aireados.

No conxunto das rochas graníticas (granitos de dúas micas, ortogneis, granitos gneísicos) é posible atopar dende solos con escasa fondura e materiais edáficos acumulados ao longo das pendentes ata profundas saprolitas, presentando unha secuencia característica formada por Regosol úmbrico-Cambisol húmico-Cambisol gleico. As texturas areosas ou franco-areosas facilitan a drenaxe, polo que é frecuente a existencia de períodos de déficit de humidade no solo. A súa fertilidade química é baixa e teñen acusada acedume, precisando fortes emendas, especialmente orgánicas.

Nos xistos, ademais dos Cambisoles húmicos, poden aparecer tamén Cambisol ferrálico e, nas zonas de lenta permeabilidade, Gleysols. Polo xeral, trátase de bos solos de cultivo, non pedregosos, con notable espesor efectivo e, as texturas, xeralmente francas, garanten unha boa retención de auga.

Nos sedimentos aluviais que ocupan as chairas de inundación actuais, poden aparecer ademais faixas de Fluvisols úmbricos e dístricos.

1.5. USOS DO SOLO

O municipio está encadrado dentro da Rexión Urbana de Santiago, e, en particular as parroquias setentrionais, dentro do seu primeiro aro de influencia como centro residencial e industrial de servizos. A situación privilexiada destas, en relación á cidade central, tradúcese nos maiores índices de crecemento, tanto de poboación como de número de vivendas, e a súa influencia vai condicionar os usos e as intensidades con que estes se producen no municipio. Paralelamente ao dinamismo das parroquias do norte e noroeste, as parroquias do sur seguen coa súa progresiva perda de efectivos e avellentamento. Nestas parroquias é onde a persistencia e vixencia dos sistemas agropecuarios é máis destacada.

A segregación espacial dos distintos usos (agropecuarios, forestais e residenciais) é a característica da forma de ocupación do solo na Terra de Santiago, e aínda reflicte o mantemento da estrutura herdada do sistema tradicional. Así, pódese establecer unha secuencia de usos dende os vales ata os montes de menor accesibilidade. O espazo residencial ocupa as marxes ou o interior dos espazos cultivados en función da súa amplitude e fertilidade (mais sempre próximo aos ríos). As agramas están situadas entre os extensos espazos forestais; que están relacionados entre eles co fío conductor das correntes fluviais.

Os usos forestal e agropecuario, cos novos matices introducidos pola extensión da concentración parcelaria e a especialización pecuaria comarcal, son os característicos do territorio do Termo, outros, como o industrial, implántanse sen planificación previa e de forma espontánea. O uso forestal preséntase nas cotas máis altas, nas pendentes acusadas e, en xeral, nas zonas marxinais aos usos agropecuarios e tradicionalmente cubertas de mato.

Do recoñecemento territorial do Termo conclúese a notable difusión polo territorio de procesos edificatorios espontáneos de moi baixa densidade (vivendas unifamiliares exentas en parcela), apoiada nas infraestruturas viarias, mesmo a miúdo nas desenvolvidas nos procesos de concentración parcelaria. Esta difusión é cada vez máis extensa, proliferando de xeito anárquico e indiscriminado nas distintas zonas antano dedicadas á produción agraria. A propagación deste uso de orixe urbana e, polo tanto, sen vinculación coa actividade productiva, prodúcese fundamentalmente nas desmesuradas extensións dos núcleos rurais e nos seus curtos espazos intercalares (sobre unha base parcelaria de maior superficie), así como nos solos rústicos. A intensidade do fenómeno vai conformando ben auténticas conurbacións rexidas por este uso e tipoloxía ou ben unha urbanización "agraria" difusa. Con diferente grado de intensidade, a realidade é que, en amplos sectores das parroquias setentrionais e nos contornos dos corredores urbanos, estas zonas vense hoxe seriamente ameazadas pola presión da edificación individual.

Usos e producións

A distribución das terras, segundo os distintos aproveitamentos que aportan as fontes estatísticas, indican que o espazo cultivado representa a metade da superficie forestal, correspondendo ás terras labradas pouco máis da cuarta parte das totais. A superficie agraria útil (SAU), segundo o Anuario de Estatística Agraria de 1996, supón o 32% da superficie municipal, valor lixeiramente inferior á media comarcal.

SUPERFICIE TOTAL (HA)	SAU (HA)	SUPERFICIE CULTIVADA (HA)
7.964	2.616	2.166

Fte.: Anuario de Estatística Agraria/1996

A estrutura agraria caracterizábase (1989) pola súa elevada parcelación, sendo o tamaño medio da explotación agraria menor ás 3 Ha, e menos do 10% das explotacións tiñan máis de 10 Ha. Nas últimas décadas xeneralizáronse os procesos de reestruturación da propiedade coa extensión da concentración parcelaria a tódalas parroquias. Esta, na actualidade, abarca a case que todo o termo municipal ao estar en proceso a concentración parcelaria dos seus espazos a "monte".

A histórica dedicación agraria de policultivo asociado a un réxime autárquico (onde non faltaban patacas, legumes, hortalizas e vides no contorno dos núcleos) segue a ser a básica, si ben, nos últimos tempos os aproveitamentos evolucionaron cara ás forraxes e pasteiros, pola progresiva especialización pecuaria comarcal e incrementáronse as producións especializadas.

A distribución superficial (Ha) das terras cultivadas segundo os diferentes aproveitamentos que se producen no municipio amósanse no cadro seguinte.

Trigo e Centeo	Millo	Prados e pasteiros	Pataca	Forraxes	Hortalizas	Froiteiras	Viñedo
60	904	450	337	674	54	29	106

Fte.: Anuario de Estatística Agraria/1996

Neste reflíctese que son o millo e as forraxes os principais cultivos ocupando máis do 60% das terras cultivadas. As dedicadas a prados e pasteiros non deixan de medrar ao mesmo tempo que diminúen as dedicadas a cereais para grao, pois as actividades agrarias están supeditadas ás necesidades pecuarias.

É salientable a existencia dunha agricultura especializada e de altos rendementos, tendo en conta o amplo mercado urbano, horticultura e floricultura representadas nun apreciable número de explotacións (algunhas delas con producións intensivas en invernadoiros) nas parroquias meridionais. A fruticultura intensiva tamén está representada na parroquia de Oza e con base nas grandes propiedades. Trátase de explotacións de froiteiras aliñadas e guiadas. As novas plantacións de viveiros de árbores ornamentais, emprazados nas veigas do Río de Santa Lucía e en Agoso, son un claro exemplo desta especialización.

Un uso característico e de ampla significación histórica é o do cultivo da vide. Este está vinculado á Comarca Vitícola da Ulla e, basicamente, mantense o seu cultivo tradicional en parras e orientado prioritariamente ao autoconsumo. Segundo o Catastro Vinícola e Vitícola (MAPA 1983) eran 106 Ha. as dedicadas ao viñedo, que non acadaban o 5% da superficie labrada, sendo a porcentaxe de híbridos produtores directos (HPD) superior ao 99%. A caste autóctona Albariño ocupaba só 0,40 ha, e 0,58 ha, a caste Alicante. O Anuario de Estatística Agraria de 1996 recolle que o número de hectáreas dedicadas a este uso non variou. Os recentes procesos de reestruturación e reconversión do viñedo, coa eliminación dos HPD e o feito de que a zona fose recentemente amparada para a produción dos viños protexidos pola Denominación de Orixe Rías Baixas, Subzona Ribeira do Ulla, indican que a súa expectativa de crecemento e rendibilidade futuras poden ser moi importantes. A Subzona Ribeira do Ulla inclúe no seu territorio ás parroquias de Baamonde, Lampai, Oza, Rarís, Reis, Teo e Vilariño.

A orientación gandeira das explotacións reflíctese nunha cabana bovina que conta con 1.696 reses de razas pardo-alpinas e supón menos do 1% do total provincial. A porcentaxe de vacas de muxido é moi superior ao das dedicadas á produción cárnica, representando as primeiras máis do 80% das totais, valores que están en consonancia coa especialización leiteira do seu contorno inmediato.

A evolución da cabana bovina no TM de Teo reflíctese no seguinte cadro:

Ano	Nº de explotación	Nº total de vacas	Nº total de reses	Nº de vacas de leite	Nº de vacas de carne	Reses por explotación
1996	443	1.517	1.912	1.355	162	4,31

Ano	Nº de explotación	Nº total de vacas	Nº total de reses	Nº de vacas de leite	Nº de vacas de carne	Reses por explotación
1999	310	1.291	2.000	1.098	193	6,45
2000	262	1.095	1.696º	931	164	6,47

Fte.: Consellería de agricultura, gandería e política agroalimentaria.

C S G. Anuarios de Estatística Agraria/1996/1999/2000. Elaboración propia.

A mellora das estruturas agrarias está sendo seguida paulatinamente pola modernización das explotacións; así, as explotacións que superan a decena de vacas vanse incrementando, contando estas con máis da metade da cabana. O número de explotacións continúa diminuíndo nos últimos anos, feito que garda estreita relación co estímulo institucional ao abandono da actividade agropecuaria e coa redistribución da cota leiteira entre as explotacións máis grandes.

A cabana porcina era moi destacada no contexto provincial (vinculada á proximidade da aglomeración urbana santiaguesa), concentrándose en explotacións gandeiras industriais. Nos últimos anos o número de prazas diminuíu fortemente, fundamentalmente no tocante aos porcos en cebo, manténdose ás reproductoras.

A cabana gandeira complétase cunha estable cabana ovina que rolda as 1.600 cabezas.

En función destas importantes producións agrícolas e gandeiras e da modernización das estruturas agrarias establécese unha notable agroindustria asociada, na que non falta a industria agroalimentaria elaboradora de produtos de calidade e comercializadores por xunto de materias primas e elaboradas.

O monte é o uso do solo de maior extensión, de xeito similar ao que acontece no resto da comarca con nidia vocación forestal. A superficie forestal acada o 60% da municipal, destacando, así mesmo, pola continuidade das masas. A súa localización non está exclusivamente condicionada pola pendente ou pouca aptitude agraria dos solos, senón que está en estreita relación coas necesidades tradicionais das explotacións, nas que as parroquias dedicaban porcentualmente ao "monte" a maior superficie. Na actualidade trátase, nunha elevada porcentaxe, de bosques madeireiros, formados por masas repoboadas nas que as especies dominantes, nas partes baixas son os piñeiros (*Pinus pinaster*) e mesturas destes con eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) nas situadas a maior altitude. Nestas masas as porcentaxes de frondosas autóctonas son nalgúns sectores importantes (particularmente nos vales e valgadas), así como a súa recuperación nos terreos marxinais e, como substrato, baixo as masas repoboadas máis maduras. As masas de frondosas autóctonas máis destacadas sitúanse nas abas e veigas do río de Santa Lucía e dos seus tributarios nos treitos inferiores, así como asociadas aos vales encaixados do Ulla, Pereiro e dos regos que drenan a parroquia de Lampai.

Nos esgrevios cumios e nas áreas castigadas pola reiteración dos lumes están cubertos por matos sobre solos cunha boa aptitude forestal e singular interese para a conservación do solo e a paisaxe.

O espazo forestal está fortemente dotado de melloras estruturais pois está inserido nos procesos de concentración parcelaria. A actividade repoboadora empeza ser salientable e diversificada, observándose non só nos montes senón que tamén se produce a reforestación de terras agrarias e veigas, nas que estase a realizar fundamentalmente con frondosas (*Quercus rubra*, *Populus nigra*). Sobre terreos de matogueira as especies dominantes nas repoboacións seguen sendo piñeiros (*Pinus pinaster* e *Pinus radiata*) e eucaliptos (*Eucalyptus globulus*), mantendo, no sotobosque, os toxais-queirogais.

Existe tradicionalmente unha notable e variada actividade forestal local que abrangue dende a súa explotación directa no monte, ata a súa transformación (serras, carpinterías, moblerías), constituíndo unha das bases da actividade industrial tradicional do municipio.

Usos urbanos e industriais

Os usos urbanos residenciais son progresivamente os que maior peso van adquirindo no municipio, por mor da súa especial disposición ao hábitat alternativo a Santiago. Hoxe en día, esto prodúcese non soamente no eixe tradicional de crecemento urbano (N-525), senón que a influencia directa da cidade central é bastante

máis acusada na estrada AC-841 na que a súa pegada e dinámica fanse patentes. A partir dela, difúndense polo territorio novas e discontinuas urbanizacións dependentes da cidade, que constitúen auténticos barrios periurbanos de Santiago. Isto está producindo a formación dun continuo residencial urbano á marxe dos patróns de asentamento tradicionais e coa única lóxica marcada polos criterios de accesibilidade e funcionalidade.

Nestes sectores, mesturados coa edificación residencial, emprázanse pequenos enclaves industriais e de servizos cunha deficiente implantación e carentes do máis mínimo nivel de urbanización e integración territorial. Ademais, a importancia dos fenómenos pendulares así xerados, repercute nunha saturación do viario.

Continúa, xa que logo, o proceso de concentración do crecemento urbano nos novos agregados con maior dinámica poboacional e segue a aumentar a diferenza existente entre as densidades poboacionais das parroquias do norte fronte ás meridionais. Nestas concéntrase xa o 85% da poboación municipal.

Un uso industrial de especial significación no territorio, polas súas intrínsecas características de implantación, é a explotación da canteira de Santa Clara. Esta explotación ten unha elevada intrusión visual e supón un importante impacto paisaxístico nun contorno suxeito a planeamento especial (Camiño de Santiago), que debería ser obxecto dos pertinentes tratamentos de restauración paisaxística e integración ambiental.

Equipamentos e dotacións

O equipamento das parroquias rurais descansa parcialmente na capacidade de execución das entidades veciñais e complementáse, en moitos casos, coa implantación de dotacións subsidiarias da concentración parcelaria. Así, en xeral, estas están suficientemente equipadas, a pesar de que o seu mantemento e a súa calidade arquitectónica e urbanística non pareza ser a axeitada. É moi significativa a carencia de equipamentos socioculturais e deportivos de calidade de ámbito municipal.

A actuación pública concentrouse no acondicionamento de pequenas áreas verdes e espazos libres, espazos sen planificación urbanística conxunta, e faltos da imprescindible integración, coordinación e ordenación ambiental.

As infraestruturas de saneamento e depuración das augas residuais urbanas son moi deficientes, particularmente na subconca do Río Tella, onde a limitada capacidade de depuración das infraestruturas existentes, obrígalles a verter directamente ao río, sen tratamento, parte das augas residuais que recibe, producindo unha acusada degradación no mesmo. Este insuficiente sistema de saneamento e depuración, non adaptado ás últimas esixencias de calidade medioambiental das augas emanadas das directivas europeas e das directrices expresadas polos organismos autonómicos segue a ser, polo tanto, unha das grandes carencias do municipio, debendo converterse, a súa axeitada dotación, en urxente e prioritaria.

Usos singulares e afeccións

O único uso singular localizado dentro do termo municipal corresponde a unha importante empresa Pirotécnica emprazada no lugar de Mazás da parroquia de San Xoán de Calo. A súa situación é pouco axeitada polos riscos que a propia actividade implica nun contorno inserido na dinámica de crecemento e expansión residencial, polo que sería recomendable unha nova localización.

Ademais, existen unhas áreas no municipio nas que se localizan usos industriais que polas súas características ocupan unha grande superficie de solo. Entre estas cómpre destacar a Canteira de Carballal en Santa Clara, e mailo grande serradoiro de Pontevea.

1.6. VALORES AMBIENTAIS E PAISAXÍSTICOS

O territorio está situado, desde un punto de vista bioxeográfico, no sector Galaico-Portugués (subsector miñense), provincia Cántabro-Atlántica da Rexión Eurosiberiana.

A vexetación potencial desta zona pertence á serie acidófila colina galaico-portuguesa do carballo (*Quercus robur*), denominada *Rusco-Querceto roboris sigmetum*. Na súa etapa madura ou clímax, esta correspóndese cun bosque denso de carballos (*Quercus robur*) que pode levar unha certa cantidade de cerquiños (*Quercus pyrenaica*), castiñeiros (*Castanea sativa*), e sobreiras (*Quercus suber*)., e na que son frecuentes os arbustos laurifolios, acivros (*Ilex aquifolium*), loureiros (*Laurus nobilis*). No sotobosque da carballeira, ademais dun bo número de herbas nemorais esciófilas, existe un estrato arbustivo, máis ou menos denso, no que se poden achar elementos mediterráneos coexistindo con outros vexetais caducifolios eurosiberianos ou de área máis ampla. É frecuente que en moitos territorios o carballo coexista co castiñeiro (*Castanea sativa*), debido ao ancestral cultivo da especie, que, na actualidade, se atopa naturalizado e se reproduce espontaneamente.

No municipio os bosques naturais foron modificados polo home e substituídos por cultivos agrícolas e repoboacións forestais, polo que a superficie ocupada por especies representativas do bosque climácico da zona é baixa, manténdose nos lindeiros e zonas agrarias marxinais, así como nos sotobosques dos cultivos forestais.

A diferenza do que acontece coas carballeiras, outros bosques autóctonos cunha boa representación son os constituídos polas comunidades riparias. As ripisilvas características do territorio son as pertencentes á asociación *Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae*, ameneiral ribeiro claramente termófilo e de influencia mediterránea.

Os ecosistemas acuáticos son elementos chave na biodiversidade do territorio, tanto pola grande incidencia espacial como pola súa variada tipoloxía. O sistema hidrográfico actúa de corredor natural para a fauna e flora silvestre, penetrando nos eidos e montes, e introducindo, así mesmo, a natureza nos asentamentos. Os ríos e regatos cumpren un papel importante na conservación dos recursos hídricos e, asociado a eles, existe un destacado patrimonio etnográfico e cultural, constituíndo, ademais, espazos de lecer fundamentais.

As ripisilvas teñen unha esencial importancia ecolóxica, xa que contribúen a mellorar a calidade das augas, evitando a erosión das ribeiras e fornecendo de alimento e acubillo a unha numerosa comunidade de organismos. Os ríos e a súa vexetación ribeirega presentan os máis elevados valores de biodiversidade do municipio.

Os ecosistemas fluviais de Teo presentan diferentes especies de flora e fauna raras ou ameazadas, e as súas características físicas e biolóxicas son soporte de diversos hábitats naturais e especies cuxa conservación é de interese comunitaria. Estes acollen numerosas especies endémicas do noroeste, tanto de flora como de fauna, singularmente invertebrados, anfibios e réptiles.

Os principais valores ambientais do territorio están, polo tanto, constituídos por unhas extensas e profundas redes fluviais que manteñen áreas con moi alta naturalidade e conservan ámbitos perifluviais cubertos polo bosque autóctono, carballeiras e fragas representativas do bosque climácico.

O Sistema fluvial Ulla-Deza, integrado na Rede galega de espazos protexidos, é o espazo máis sobranceiro en función dos seus valores ecolóxicos, abrangendo na comarca, ademais do Río Ulla, aos cursos baixos dos Ríos Pereiro e de Santa Lucía.

Á alta calidade ambiental do ecosistema fluvial do Río Ulla hai que engadir a presenza de amplas e continuas superficies forestais en contacto co río, mesmo coa presenza destacable de frondosas autóctonas (carballos, sobreiras) no interior dos extensos piñeirais. Nas chairas aluviais dos seus tributarios, sobre solos dunha elevada hidromorfía (*fluvisoles* e *gleisoles*), desenvólense comunidades freatófitas de distinto grao de madurez, brañas, salgueirais e ameneirais, de portes arbustivos e arbóreos. Nas abas de maiores pendentes persisten pequenas fragas.

Os materiais xistosos arrasados e os recubrimentos sedimentarios aluviais das veigas, conforman un territorio caracterizado pola impermeabilidade e a dificultade de drenaxe, e onde é habitual a formación de pequenos

humidais, entre os que destacan as Brañas de Bouñou polos seus valores ambientais e paisaxísticos (prados húmidos da clase *Oxycocco-Sphagneteta*).

Nos treitos do Río Tella e do Rego da Auga próximos á súa confluencia nos Verxeles, lixeiramente encaixados e, polo tanto, máis enérxicos, prodúcese unha sucesión de cachóns e fervenzas, cun contorno onde se conserva a estrutura dunha serie de muíños, nalgúns casos moi próximos. Este espazo constitúe un ámbito cun notable interese ambiental e paisaxístico polas súas intrínsecas peculiaridades xeomorfolóxicas e ecolóxicas e, xa que logo, cunha grande potencialidade como espazo de lecer vencellado ao patrimonio fluvial. Desafortunadamente, este é o treito fluvial coa peor calidade da auga xa que os sistemas de depuración das augas residuais urbanas son insuficientes, circulando esta, augas abaixo das depuradoras, cunha elevada polución orgánica que orixina un grave deterioro ambiental.

Os montes ocupan unha destacada superficie no municipio, desempeñando funcións fundamentais para a conservación da natureza, e constituíndo, a pesar da súa baixa diversidade, un importante patrimonio natural e paisaxístico (son hábitats indispensables para moitas especies, constitúen as cabeceiras dos ríos e, xunto coas súas funcións productivas, cumpren diversas funcións sociais e ambientais). Sen embargo, os sistemas forestais do municipio están a sufrir diversas agresións, entre as que cómpre salientar a frecuencia, reiteración e incidencia dos lumes e a excesiva proliferación das infraestruturas viarias da concentración parcelaria e o seu discutible dimensionamento (orixinando unha excesiva accesibilidade e fragmentación nos montes).

En canto á cuantificación e caracterización dos lumes forestais no termo municipal, os datos aportados polo Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais da Consellería de Medio Ambiente, indican que no breve período abranguido entre os anos 2000 e 2004 se produciron 43 incendios nos que arderon preto das 275 ha, das cales aproximadamente a metade eran de superficie arborada. As parroquias onde a frecuencia, reiteración e incidencia dos lumes foi maior son as de Cacheiras (Montes de Póboa e Montouto, Campo de Feros), Calo (Altos de Santa Clara), Luou (Montes de Loureiro, A Raxeira) e Lampai.

Os lumes nos montes constitúen unha grave perturbación ecolóxica que causan o empobrecemento e a perda dos seus valores e recursos ambientais, e teñen profundas repercusións socioeconómicas.

Espazos Naturais Protexidos: Ríos Ulla, Santa Lucía e Pereiro

O Río Ulla e os cursos baixos dos ríos Pereiro e de Santa Lucía foron declarados como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais* "LIC Es 1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza".

LIC Es 1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza:

Cursos fluviais pertencentes á Rexión Bioclimática Atlántica con importantes poboacións piscícolas, entre as que destacan o Salmón atlántico (*Salmo salar*) e a Lamprea (*Petromyzon marinus*).

Os hábitats que caracterizan este LIC son:

Esteiros

Pasteiros de *Spartina* (*Spartinion maritimi*)

Uceiras secas europeas

Uceiras ortomediterráneas endémicas con toxo

Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*

Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)

Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*

* Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

No territorio municipal inclúen diversos hábitats de interese comunitario (Bosques aluviais, Carballeiras galaico portuguesas, etc), acollendo unha notable fauna asociada aos ecosistemas fluviais. Entre as especies animais destacan:

Rato de almizcre (*Galemys pyrenaicus*)

Lontra (*Lutra lutra*)

Martiño peixeiro (*Alcedo atthis*)

Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*)

Sábalo (*Alosa alosa*)

Zamborca (*Alosa fallax*)

Lamprea (*Petromyzon marinus*)

Salmón (*Salmo salar*)

Presentan ademais diferentes especies de fauna, como o Mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*) e a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), e de flora, como a bulbosa *Narcissus cyclamineus*, endémicas do noroeste e de gran vulnerabilidade.

No treito municipal do Río Ulla o Inventario de Humidais de Galicia (IHG) inclúe varias illas e cordóns fluviais. Humidais de augas correntes, cunha interesante diversidade de hábitats, que posúen excepcionais valores naturais polo seu papel no control hidrolóxico e no mantemento da diversidade biolóxica.

Código IHG	Nome do humidal	Sup. (Ha)	UTM X fuso 29T (m)	UTM Y fuso 29T (m)
1110297	A Figueira	3,15	540099	4733953
1110298	O Bao	5,02	539089	4733601
1110299	As Pías	1,49	537600	4733700
1110300	Castro de Conso	5,87	536171	4734230

Fte.: Inventario de Humidais de Galicia. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia

O Río Ulla conta, no termo municipal, con paraxes singulares asociadas ao curso fluvial caracterizadas pola súa diversidade de recursos ambientais e patrimoniais. Entre estas cómpre salientar a Burga e a Ponte medieval de Pontevea, a Carballeira das Areas e mailo Couto de Pesca do Xirimbao.

- A Burga atópase a escasos metros do Río Ulla rodeada dunha notable arboredo de uso público, e, ao seu carón, existen as ruínas dunha pequena construción, antiga e modesta Casa de Baños. O manancial, de augas moderadamente frías, ten un caudal tamén moderado e, as súas augas sulfuradas-cloruradas sódicas, son recollidas nunha singular pía circular para o seu tradicional aproveitamento medicinal.
- A Ponte Medieval situada no contorno do núcleo urbano de Pontevea, importante fito paisaxístico vencellado ás rotas xacobeas.
- A Carballeira das Areas, arboredo perifluvial sobre sedimentos aluviais situado na desembocadura do Santa Lucía, nas proximidades de Pontevea.
- O Xirimbao, Couto de Pesca con presa (cun negativo impacto ambiental no couto salmoeiro), ponte colgante e Refuxio de Pescadores nunha área dotada de elementos de uso público e salientable arboredo alóctono. A paraxe que anticipa o progresivo encaixamento do río entre os montes Xesteira e Meda,

emprazada nun contorno fluvial de salientable arboredo autóctono de Rusco-Quercetum, xeralmente con sobreiras, abeirando ao río, constitúe un espazo cun notable interese paisaxístico.

Análise paisaxística

As paisaxes insírense no contexto comarcal e paisaxístico da Terra de Santiago, onde no seu sector meridional domina a morfoloxía suave de amplas superficies de erosión e profusa rede hidrográfica, que ten como resalte e destacado fito paisaxístico, ao filón de seixo do Pico Sacro.

Topograficamente, o máis destacado é a baixa altitude sobre o nivel do mar e a súa relativa planitude, que só acada desniveis acusados nos rebordos montañosos e nos encaixamentos da rede fluvial. Os montes de Lampai e Cacheiras, coroados polos altos de Pena Agrela e Póboa, representan as elevacións máis importantes do municipio, e teñen interese paisaxístico pola súa condición de miradoiros naturais.

Climaticamente, a Comarca de Santiago está encadrada no dominio oceánico hiperhúmido. A influencia climática das Rías Baixas penetra pola depresión meridiana e polo val do Río Ulla, orixinando un clima temperado todo o ano, con abondosas precipitacións de inverno e asomos de calor nos meses de verán. Destaca a moderación das temperaturas, a temperatura media anual (Santiago) é de 12,9 °C, e as reducidas precipitacións estivais.

O caudal fluvial máis importante é o Río Ulla que constitúe a fronteira natural do municipio polo sur, e que recibe pola marxe dereita ao Río Pereiro e, augas abaixo de Pontevea, ao Río de Santa Lucía. O sistema fluvial do Río de Santa Lucía drena a meirande parte do territorio municipal e o seu tramo medio encáixase lixeiramente en gorxas de acusadas pendentes, onde van recuperándose vizosas fragas, para logo abriarse nunha ampla veiga. Os ríos discorren por vales de fondos achaiadas, seguindo fendas de direccións>NNL-SSO que cambian bruscamente e, en varias direccións no seu treito final, seguindo as estruturas. Numerosas fracturas, primeiro de dirección meridiana e que posteriormente cambian a NO-SL, son ocupadas por ríos de curto percorrido, Tella, de Chao, etc, tributarios do anterior, producindo unha sucesión de valgadas paralelas separadas por pequenos interfluvios, e que compartimentan notablemente o territorio.

Os fenómenos dinámicos erosivos e sedimentarios contribúen á planitude dos vales e valgadas, pois estes atópanse recheos de sedimentos fundamentalmente arxilosos.

A paisaxe é de grande diversidade pola alternancia de extensos espazos forestados e cultivados, nos que nos últimos tempos predominan os piñeirais e as praderías. Esta alternancia, herdeira dunha antiga tradición cultural, xunto coa sucesión de superficies horizontais e vales encaixados, tradúcese nunha orixinal e contrastada beleza paisaxística. Numerosos asentamentos rexen o espazo agrario, a orientación cara ao mediodía e a súa calidade ambiental, faino moi favorable ao asentamento residencial.

A extensión da concentración parcelaria e mailos procesos productivos modernos polo territorio son factores uniformizadores das paisaxes, sen embargo, en amplos sectores do termo municipal permanece vixente o mosaico de cultivos e aproveitamentos, así como a paisaxe en "semibocage" mantida pola entretecida orla de vexetación das ribeiras e as lindes. É posible, polo tanto, albiscar a singular integración paisaxística do seu hábitat tradicional, típica paisaxe de agramas na que se produce a transición e corrección do desnivel, nas abas dos ríos e regueiros, con ribadas sucesivas.

As paisaxes presentan, ademais, diversos matices en función das interrelacións de dous gradientes:

- Un gradiente morfoclimático, no que de norte a sur vaise incrementando o índice de termicidade. As baixas altitudes xunto coa devandita influencia oceánica introducen un matiz mediterráneo na vexetación da "Ribeira do Ulla" que, na medida que se afasta dos principais ríos e aumenta a altitude, vaise minorando.
- Un segundo gradiente orixinado pola desigual intensidade da influencia, proximidade e accesibilidade a Santiago, e que é, xa que logo, menor canto máis o sur e se afasta das estradas a Pontevedra e A Estrada.

As unidades paisaxísticas, no contexto municipal, son as que de seguido se relacionan:

- A Ribeira do Ulla, paisaxe basicamente rural definida polos vales do río Ulla e os seus tributarios Santa Lucía e Pereiro.
- A franxa periurbana de Santiago, caracterizada pola mestura urbano-rural, e que irradia polos eixes de comunicación a súa continua, progresiva e desordenada difusión residencial.

A Ribeira do Ulla.-

O val do río Ulla, lixeiramente encaixado, agás nas confluencias cos seus principais tributarios, configura unha paisaxe moi humanizada con destacada dispersión do poboamento, mais sen grandes concentracións urbanas.

Os asentamentos esquivan o fondo do val do Ulla para situarse na parte alta e seguindo as redes hidrográficas de inferior orde (Pereiro, Santa Lucía, etc). O entramado parroquial é denso, sendo a densidade de poboamento media e os núcleos, en xeral, de pequena entidade.

O hábitat residencial e usos agropecuarios e forestais tradicionais, son o que máis presenza adquire dentro da paisaxe. No interior dos espazos cultivados non proliferan, en exceso, as residencias de características urbanas.

As condicións microclimáticas permiten a aparición de especies submediterráneas, destacando as sobreiras (*Quercus suber*) e erbedeiros (*Arbutus unedo*) e son favorecedoras dun elevado crecemento vexetal que se reflicte nos variados aproveitamentos, entre os que se inclúen a hortofruticultura, a floricultura, etc. Fan posible, así mesmo, o cultivo da vide, coa tradicional presenza de emparrados nos patios, hortas e o viario interior das aldeas, así como os seus elementos culturais asociados (socalcos, vimbieiras, etc.) e a súa proliferación actual nas lindes ou en novas e intensivas plantacións. A presenza da viticultura é unha das características definidoras das súas paisaxes e ás que dota de notable peculiaridade.

A variedade morfolóxica da rede hidrográfica e a súa profusión estruturan o territorio en microcuncas, posibilitando unha heteroxénea retícula de vexetación natural intercalada entre os diferentes espazos productivos. A diversidade florística das ripisilvas, a súa continuidade e o seu notable estado de conservación, determinan a súa relevancia paisaxística.

Na configuración da súa paisaxe as abondosas igrexas e santuarios, mailos frecuentes Pazos e Casas fidalgas constitúen, coa súa pegada, uns fitos relevantes.

A franxa periurbana de Santiago.-

Espazo inserido plenamente na dinámica urbana de Santiago, no que o entramado parroquial é pouco denso, en función das elevadas superficies parroquiais, e a súa densidade de poboamento é alta. Os núcleos teñen tamaños medios e, en xeral, están entrelazados por mor da súa grande proximidade e pola importancia dos fenómenos de coalescencia.

A maior altitude e a situación setentrional vai degradando a influencia microclimática do Ulla e con esta desaparecen os cultivos especializados, a viticultura e as características submediterráneas na vexetación.

A pesar dos crecentes procesos de difusión urbana, os usos agropecuarios teñen unha notable representación e, nalgúns sectores, existe unha apreciable extensión da suburbanización agraria difusa. Xunto a esta, coexisten áreas industriais, urbanizacións difusas, etc, de implantación deficiente e marxinal, e, en xeral, froito dunha notable desorde urbanística.

Os fenómenos derivados da difusión urbana prodúcense en función da accesibilidade e proximidade coa cidade central e co matiz introducido pola xerarquía viaria, diminuíndo co progresivo alongamento dos eixes tradicionais de crecemento urbano.

A mestura dos espazos residenciais provoca unha paisaxe en mosaico, onde se poden atopar teselas cun uso e tipoloxía residencial actual, coexistindo con teselas de hábitat residencial tradicional. Os crecementos nos

ámbitos intercalares dos núcleos tradicionais das novas edificacións, implantadas dun xeito anárquico, ou como illas de urbanización pouco cohesionadas, despersonalizan a paisaxe dándolle, ao mesmo tempo, unha profunda imaxe desruralizada e suburbana. Estes procesos son máis patentes nas parroquias periurbanas de Calo e Cacheiras e, en menor medida, nas de Oza e Luou.

O efecto litoral, producido ao non existir unha axeitada transición entre os diferentes espazos residenciais, e destes co medio, xera situacións de elevada fricción e diminución da calidade da paisaxe.

1.7. RECURSOS NATURAIS E POTENCIALIDADES DO TERRITORIO

Recursos mineiros

Os recursos xeolóxicos constitúen para o ser humano un dos principais activos naturais pois son esenciais para utilizalos en moi diferentes aplicacións que aportan calidade de vida. A potencialidade dos recursos mineiros, á escala de Galicia, analízase a continuación.

Os afloramentos granitoides, tal e como quedou reflectido no apartado correspondente ao contexto xeolóxico desta memoria, ocupan o norte e oeste do municipio, sendo explotados, hoxe en día, na Canteira de Carballal nos Altos de Santa Clara da parroquia de Calo. A súa potencialidade como rocha industrial débese ao seu aproveitamento como áridos de construción. Os produtos de canteira son os que teñen actualmente maior interese socioeconómico e expectativas de futuro, polo que este constitúe o principal recurso mineiro do territorio.

Recursos hidroxeolóxicos

Con respecto ás características hidroxeolóxicas e, segundo recolle o Mapa Hidroxeolóxico de Galicia (1991), realizado en base ao grao de permeabilidade das rochas, na área de estudo o grao de permeabilidade é moi baixa ou estas son impermeables. A permeabilidade pode ser alta, sen embargo, nas estreitas áreas que presentan depósitos sedimentarios (fundamentalmente nas veigas de Santa Lucía e Pereiro).

Os recursos de augas subterráneas, en función dos materiais predominantes no substrato, non semellan ser de importancia no territorio. Os acuíferos terán unha dimensión pequena, presentando os mellores rendementos os pozos situados nas veigas e valgadas en áreas fracturadas (meteorización e posición topográfica favorables).

No termo municipal é preciso salientar a existencia de dúas fontes termais, Burgas de Pontevea e da Laña. O manancial da Burga de Pontevea, aproveitado nunha pequena e modesta Casa de Baños hoxe inactiva, ten un caudal moderado e as súas augas sulfuradas-cloruradas sódicas xorden a unha temperatura de 15°C e son recollidas nunha singular pía circular para o seu tradicional uso medicinal. No que respecta á Burga da Laña, o manancial de augas moderadamente frías presenta un baixo caudal e a súa composición é sulfurada bicarbonatada.

Potencialidades agrarias

Para definir as aptitudes agronómicas dun territorio adoitan considerarse como factores fundamentais as condicións climáticas, os limitantes xeomorfolóxicos, as propiedades físico-químicas en relación ao seu grosor, textura, estrutura e condicións de fertilidade, e as necesidades autoecolóxicas das diferentes alternativas de produción.

O territorio comarcal pódese considerar privilexiado polas condicións do seu medio natural, que ten, en liñas xerais, alta aptitude para unha diversidade de cultivos, posibilitando unha agricultura de calidade e fértiles explotacións forestais.

Climaticamente hai poucas limitacións para o desenvolvemento dos cultivos o que permite unha notable diversificación dos aproveitamentos. Dende o punto de vista da produtividade (definida por Carballeira et al. 1983, en base aos valores de Intensidade Bioclimática Potencial, risco probable de xeadas, e déficit hídrico) a maior parte do territorio sitúase no Réxime Temperado con intensidade bioclimática alta ou moi alta e reserva de humidade no solo superior aos 200 mm, quedando soamente as zonas de maior altitude (déficit hídrico estival e réxime fresco) por debaixo destes valores.

Os solos cultivados teñen unha elevada aptitude agronómica, pois foron mellorados polos seculares coidados culturais, sendo clasificadas as terras como de labranza sistemática ou de "primeira" nas diferentes clasificacións agrolóxicas.

A aptitude das terras cultivadas na Terra de Santiago, avaliada para un baixo nivel de manexo por Calvo de Anta e Macías (1992) é considerada como óptima para ao cultivo no sector meridional e no val do Tambre e moi boa no resto do seu territorio. As terras cultivadas presentan, en xeral, aptitude moi boa/boa para prados, óptima/moi boa para millo, trigo e afíns, etc.

As condicións microclimáticas e edafolóxicas do sector meridional da comarca e moi especialmente da Ribeira do Ulla son indubidablemente idóneas para o desenvolvemento vitivinícola e hortofrutícola. Idoneidade hortofrutícola que, cos matices introducidos polas características específicas da cada localización, pode extrapolarse ás demais zonas ribeirás da comarca, particularmente nas leguminosas, fabas, feixóns, etc.

O medio físico presenta, así mesmo, unha elevada aptitude productiva para diferentes usos forestais. Presenta condicións óptimas a moi boas para piñeiros e eucaliptos, e elevada aptitude nos solos profundos e de maior fertilidade para castiñeiros e outras frondosas con maiores requirimentos edáficos.

En función da análise anterior dedúcese unhas vantaxes comparativas, no contexto galego, para o desenvolvemento agrícola. O sumatorio dos valores climáticos e dos recursos edáficos favorecen o seu elevado e diverso potencial productivo o que pode supoñer unha destacada riqueza agronómica.

Recursos paisaxísticos e de lecer

O Ulla e os seus afluentes ofrecen unha paisaxe impresionante; estes ríos que presentan unhas ben conservadas ripisilvas son ricos en fauna acuática, sobresaíndo o Couto salmoeiro do Xirimbao. Nas ribeiras do Ulla, entre a vexetación exuberante e grandes masas arbóreas, existen lugares de grande beleza paisaxística coma no devandito couto de pesca, na ponte de Pontevea, na Burga ou na carballeira de Santa María en Teo.

É preciso salientar tamén ás pequenas carballeiras, achegadas ás igrexas ou capelas nas que se celebran as tradicionais romarías e feiras de gando (Carballeira de San Martiño, Carballeira de Santa Eufemia, etc), que máis que valor ecolóxico, teñen un valor social ou cultural. Son carballeiras onde só quedan os carballos como especie principal, e a vexetación acompañante, se a hai, está composta por especies herbáceas que tapizan o chan. Adoitan ser carballos vellos, de grande porte, pero moi mal coidados fitosanitariamente polas podas mal feitas e sen tratamento posterior.

A proximidade da Cidade de Santiago fai que sexan varias as rotas xacobeas que dende o sur atravesan o municipio. Os Camiños Portugueses de Peregrinación a Santiago por Padrón e Pontevea teñen asociados diversos elementos patrimoniais que constitúen auténticos fitos nas súas paisaxes, como poden ser a devandita Carballeira de San Martiño na Rúa de Francos e a ponte de Francos sobre o río Tinto. Tamén discorre polo termo a grande Rota Senderista G.R. 94, pasando por Cacheiras, Luou e o Xirimbao.

En canto aos puntos panorámicos, existen os miradoiros naturais de Montouto e da Pena de Agrela. Dende o cumo de Montouto pódese observar unha vista panorámica que abrangue á cidade de Compostela, o val do río Santa Lucía e o val medio do Ulla. Así mesmo, dende o monte Pena de Agrela en Lampai, é posible contemplar a desembocadura do Ulla na ría de Arousa.

2. O PATRIMONIO CULTURAL VENCELLADO AO TERRITORIO

O patrimonio cultural do Termo Municipal de Teo caracterízase pola diversidade no tocante á súa natureza e tipoloxía e, pola existencia de elementos pertencentes ás diferentes épocas históricas, que posibilitan a comprensión da evolución histórica e cultural do territorio. É especialmente rico en bens patrimoniais arqueolóxicos e etnográficos. A proximidade e influencia de Santiago déixanse notar nas súas pegadas artísticas no territorio, así como as características dos Camiños de Santiago ao chegaren a Compostela que supuxeron a penetración de importantes correntes culturais.

A ponte medieval de Pontevea é o máis destacado dende o punto de vista monumental. Está situada na parroquia de Reis, sobre o Ulla. É de características constructivas dos séculos XIV ou XV e está composta por seis arcos con bóvedas oxivais e tallamares saíntes. Tamén é salientable unha ponte sobre o río Tinto obra dos séculos XVI ou XVII, sobre outra posiblemente romana e relacionada co Castro Lupario.

O Camiño Portugués a Santiago discorre pola parroquia de Calo, presentando un bo número de elementos patrimoniais vencellados, como poden ser o Cruceiro de estilo gótico de Rúa de Francos, interesante pola súa singularidade e antigüidade, a imaxe devocional de San Antonio Abade, etc.

Tamén hai que mencionar algúns conxuntos rurais de grande beleza, con espazos públicos e variados elementos patrimoniais de alta calidade ambiental é artística. Entre estes conxuntos sobresaen os da Carballeira de San Martiño en Rúa de Francos, Santa Eufemia de Ribas, Santa María da Cabeza-Raxó, etc, relacionados con tradicionais feiras e romarías de importancia comarcal.

A conservación deste patrimonio semella ter sido bastante desigual, podéndose destacar que fronte aos elementos patrimoniais máis sobranceiros, que foron obxecto dun tratamento axeitado ou mantidos pola vixencia do seu uso, outros, especialmente os etnográficos, continuaron coa súa paulatina ruína e inclusive desaparición, a pesar de ter sido inventariados e catalogados.

Os Plans de Recuperación do Patrimonio Etnográfico, implementados no territorio pola Escola Taller, de carácter supramunicipal, tentan paliar este deterioro e a súa recuperación. Sen embargo, os acondicionamentos mal entendidos implican a perda da súa identidade. Algunhas construcións desharmónicas, realizadas fundamentalmente na década dos oitenta e de dubidosa xustificación na actualidade, son tamén causantes de notables deterioros nos espazos e elementos.

A valoración deste rico patrimonio cultural constitúe un dos elementos básicos que debe perseguir o proxecto de ordenación urbanística.

Depósitos arqueolóxicos e castros

No termo municipal, a actividade prehistórica do home foi, ao igual que no resto da comarca, moi notable como o testemuñan os restos arqueolóxicos atopados.

Ténse identificado un considerable número de conxuntos de mámoas, petroglifos, complexos megalíticos e necrópoles. Persisten, ademais, as pegadas dun discreto número de castros, e téñense atopado restos en xacementos de diferentes épocas.

Salienta a grande concentración de mámoas localizadas nos contornos da Póboa, en Cachceiras, e, no Monte Piquiños, da parroquia de Luou. Nesta parroquia cómpre, así mesmo, destacar os interesantes conxuntos de petroglifos da Idade de Bronce atopados nos montes.

Arquitectura Relixiosa

Os conxuntos parroquiais e algunhas capelas e ermidas son os elementos que configuran o patrimonio arquitectónico eclesiástico.

En total inventaríanse 12 igrexas e cemiterios, correspondentes a cadansúa parroquia teense, 7 capelas e 2 ermidas.

Arquitectura Civil

A arquitectura civil está representada polas pontes históricas e os edificios con valores e significación histórico-artística, Casas Grandes que exemplifican a especialización histórica do territorio, así como os edificios de características modernistas das sociedades agrarias datados nos principios do século vinte.

A Comarca de Santiago é unha das zonas da provincia da Coruña nas que existe unha maior densidade de Pazos e Casas Grandes. A sociedade señorial agrícola instaurouse sobre estas fértiles terras constituíndo a súa presenza un fito relevante na configuración da súa paisaxe. No concello, a importancia do dominio señorial ten menor importancia pola grande proximidade á cidade, pero queda reflectido nas Casas Grandes que persisten hoxe en día espalladas polo territorio. O seu estado de conservación é moi diferente en función do seu uso actual. Algunhas atópanse en estado de franco deterioro ao non ser o seu uso o máis axeitado, ou estar infrautilizadas, sen que fora suficientemente valorada a súa relevancia como espazos de valor histórico, recreativo e paisaxístico.

Cruceiros e Petos de Ánimas

Representan un tesouro artístico, mostra dunha tradición popular de séculos. Sitúanse xeralmente nas encrucilladas, adros e cemiterios e, a súa orixe, semella estar nos séculos XV e XVI. En xeral, atópanse en bo estado de conservación, sendo os seus maiores deterioros os derivados do recrecemento dos camiños e estradas que tenden a deixar progresivamente soterradas as súas bases, a erosión e as roturas parciais dalgúns dos seus elementos (crucifixo, fuste, etc).

Patrimonio etnográfico.

O Termo municipal presenta un extraordinario patrimonio etnográfico, tanto en cantidade como en calidade. Obviamente, a cantidade de elementos está directamente relacionada coa grande dispersión do hábitat e coas necesidades de transformación e conservación das grandes producións agrícolas de épocas pasadas, e a súa fundamental contribución ás relacións socioeconómicas do medio rural.

Destaca a grande cantidade de muíños, nalgúns casos moi próximos entre eles nos tramos dos ríos máis enérxicos, que son, en xeral, pequenas construcións das que, ás veces, non queda máis que a súa estrutura.

Parello ao declive dos muíños é o sufrido polos lavadoiros comunais, atopándose a meirande parte en franco deterioro, cando non están completamente arruinados pola baixa calidade das construcións que os gardan e o total estado de abandono dos seus contornos.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE TEO
DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 27-01-10 DA
CMATI

ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL,
IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO

ABRIL 2010

ÍNDICE

	PÁX
1. INVENTARIO DAS ZONAS CON FRAXILIDADE AMBIENTAL	1
1.1. FRAXILIDADE AMBIENTAL	1
1.2. ANÁLISE PAISAXÍSTICA. DELIMITACIÓN DAS CONCAS E ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO	11
2. A SOSTIBILIDADE DO MODELO DE ORDENACIÓN	16
2.1. ANÁLISE DA INCIDENCIA AMBIENTAL DO PLANEAMENTO	19
2.1.1. Diagnose sobre a capacidade de acollida do territorio	19
2.1.2. Incidencia ambiental das novas implantacións urbanas	21
2.2. INFORME SOBRE A ADECUACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS	24
2.3. FICHAS RESUMO DAS NOVAS IMPLANTACIÓNS E PROPOSTAS	30

1. INVENTARIO DAS ZONAS CON FRAXILIDADE AMBIENTAL

1.1. FRAXILIDADE AMBIENTAL

Os ámbitos do termo municipal que presentan valores ambientais susceptibles de sufrir impactos ou agresións derivadas das determinacións urbanísticas, tanto dende o punto de vista ambiental como paisaxístico, son identificados a continuación. A súa fraxilidade foi definida en función do grao de vulnerabilidade que ten o medio a ser deteriorado ante a repercusión negativa de determinadas actuacións.

Os espazos naturais integrados na Rede galega de espazos protexidos presentan os máis elevados niveis de fraxilidade ambiental pola excepcionalidade dos seus valores; a continuación é o sistema hidrográfico o que ten os graos máis altos, seguido das grandes masas boscosas e áreas agrícolas.

Espazos Naturais.-

O Sistema fluvial Ulla-Deza, integrado na Rede galega de espazos protexidos, é o espazo máis sobranceiro en función dos seus valores ecolóxicos. Este foi declarado como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais* "Lic Es 1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza", abranguendo na comarca, ademais do Río Ulla, aos cursos baixos dos Ríos Pereiro e de Santa Lucía.

Zona de Especial Protección dos Valores Naturais do Sistema fluvial Ulla-Deza: Cursos fluviais pertencentes á Rexión Bioclimática Atlántica con importantes poboacións piscícolas, entre as que destacan o Salmón atlántico (*Salmo salar*) e a Lamprea (*Petromyzon marinus*), que inclúen diversos hábitats de interese comunitario (Bosques aluviais, Carballeiras galaico portuguesas, etc.) e acollen unha notable fauna asociada aos ecosistemas fluviais. Presentan ademais diferentes especies de fauna como Mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*) e a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*) e de flora como a bulbosa *Narcissus cyclamineus*, endémicas do noroeste e de gran vulnerabilidade.

O sistema fluvial do Río Ulla caracterízase, no seu treito comarcal, pola súa heteroxeneidade espacial, conformando un rosario de espazos que presentan os maiores valores de diversidade biolóxica do territorio e grande interese paisaxístico, e posúen, ademais, recursos ambientais e patrimoniais específicos e dunha elevada fraxilidade.

Á alta calidade ambiental dos ecosistemas fluviais hai que engadir a presenza de amplas e continuas superficies forestais en contacto cos ríos, mesmo coa presenza destacable de frondosas autóctonas (carballos, sobreiras) no interior dos cultivos forestais. O río Ulla e o seu contorno fluvial máis inmediato forman, en conxunto, uns espazos ben conservados, por mor do menor grao de incidencia, neste treito, das fortes alteracións producidas no ecosistema fluvial orixinadas pola presa situada augas arriba, si ben, nos últimos anos sufriron diferentes accións negativas como interrupcións nos álveos, a apertura de pistas, lumes, etc.

En Teo o Río Ulla discorre por unhas paraxes con abas profusamente vexetadas nas que estreitos espazos aluviais permiten achegarse ao seu leito. As revoltas que describe o río propician, en función das particulares condicións hidrodinámicas, unha maior complexidade no ecosistema fluvial. Así, prodúcense notables contrastes no leito e marxes do río, no que salienta a formación de diferentes illas e cordóns fluviais, da Filgueira, do Bao, das Pías e do Castro de Conso, cunha interesante diversidade de hábitats. Estes humidaes de augas correntes posúen excepcionais valores naturais polo seu papel no control hidrolóxico e no mantemento da diversidade biolóxica, valores que motivaron a súa inclusión no Inventario de Humidaes de Galicia (IHG).

Destacables son, así mesmo, as desembocaduras e treitos baixos dos seus tributarios, con amplas veigas e bosques aluviais no río de Santa Lucía, e con rochedos, sempre húmidos, no fondo do val do Pereiro, que acollen especies vexetais singulares, específicas destes medios.

* Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

O Río Ulla conta, no termo municipal, con paraxes singulares asociadas ao curso fluvial caracterizadas pola súa diversidade de recursos ambientais e patrimoniais. Entre estas cómpre salientar a Burga e a Ponte medieval de Pontevea, a Carballeira das Areas e mailo Couto de Pesca do Xirimbao.

- A Burga atópase a escasos metros do Río Ulla rodeada dunha notable arboreda de uso público, e, ao seu carón, existen as ruínas dunha pequena construción, antiga e modesta Casa de Baños. O manancial, de augas moderadamente frías, ten un caudal moderado e, as súas augas sulfuradas-cloruradas sódicas, son recollidas nunha singular pía circular para o seu tradicional aproveitamento medicinal.
- A Ponte Medieval, situada no contorno do núcleo urbano de Pontevea, que constitúe un dos sobranceiros elementos do patrimonio teense e un fito paisaxístico vencellado ás rotas xacobeas.
- A Carballeira das Areas, arboredo perfluvial sobre sedimentos aluviais, situado na desembocadura do Santa Lucía, nas proximidades de Pontevea.
- O Xirimbao, paraxe fluvial con notable interese paisaxística, nun contorno fluvial de salientable arboredo autóctono de Rusco-Quercetum, xeralmente con sobreiras, abeirando ao río. Couto de Pesca con Refuxio de Pescadores, emprazado nunha área dotada de elementos de uso público e salientable arboredo, ponte colgante e presa.

Os espazos naturais da comarca presentan polo seu grao de excelencia numerosas debilidades entre as que destacan:

- Fraxilidade do recurso hídrico e do ecosistema acuático.
 - Derivada da calidade intrínseca, acuíferos potenciais, etc.
 - Risco de contaminación.
- Fraxilidade da fauna.
 - Derivada da diversidade, calidade, singularidade e estado de conservación dos hábitats. Niveis máis altos de biodiversidade do territorio.
 - Presencia de especies raras e ameazadas en España, etc.
- Fraxilidade da vexetación.
 - Derivada da alta ou moi alta naturalidade das súas comunidades vexetais, á que se engade a súa singularidade (endemismos, biodiversidade, interese científico, rareza, etc.) e interese para a súa conservación en función das especiais condicións do medio.
- Risco de incendios forestais.
 - Vulnerabilidade ante o lume pola confluencia de varios factores (baixa accesibilidade, alta biomasa, composición específica, etc).
- Fraxilidade edáfica.
 - Singularidade da xeomorfoloxía, complexidade da fisiografía, inestabilidade, hidromorfía, etc.
 - Risco de erosión.
- Fraxilidade da paisaxe.
 - Naturalidade e singularidade paisaxísticas.
 - Visión escénica.
- Posibilidade de afectar recursos históricos e culturais.
 - Valores patrimoniais de carácter histórico, etnográfico, etc.
 - Recurso cultural e recreativo básico do municipio.

As accións ou intervencións que poden orixinar afeccións aos seus valores ambientais e paisaxísticos relaciónanse a continuación:

- Alteracións da drenaxe e do sistema hídrico.
- Variacións bruscas e repentinas do caudal causadas por aproveitamentos hidráulicos.
- A construción de encoros, así como a instalación de aproveitamentos hidroeléctricos.
- A realización de canalizacións e dragaxes e a adecuación de praias fluviais con aportes externos de area.
- Emisión de contaminantes, vertido de residuos e produción de ruídos.
- A utilización de produtos praguicidas, funxicidas ou fitocidas.
- As modificacións das características morfolóxicas ou o recheo dos humidais con calquera tipo de material.
- As actividades extractoras e movementos de terras.
- Alteración ou destrución do hábitat por execución de obras ou infraestruturas.
- Eliminación da cuberta vexetal.
- Acendemento de lume e queimas.
- Modificación dos usos do solo.
- A introdución de especies de flora e fauna non autóctonas.
- Instalacións industriais.
- Suburbanización. Edificación espontánea e urbanización desordenada do territorio.
- Tránsito con vehículos a motor e acampadas.
- Instalación de carteis de propaganda.
- Acondicionamentos para lecer e uso público.

Sistema hidrográfico.-

O sistema hidrográfico está constituído por unha densa e extensa rede fluvial de pequenos ríos e regatos que drenan o territorio municipal cara os ríos Ulla, de Santa Lucía e Pereiro, incluídos na rede galega de espazos protexidos. Este sistema caracterízase por presentar treitos dos ríos que flúen por valgadas de fondos achaiados e con formación frecuente de veigas asolagables e brañas, xunto con outros lixeiramente encaixados, máis enérxicos e con sucesións de cachóns e fervenzas, xerando espazos cun grande interese paisaxístico e especialmente sensibles polas súas intrínsecas peculiaridades xeomorfolóxicas e ecolóxicas.

O valor ecolóxico dos ríos é, en xeral, maior que noutras zonas do territorio en función da súa superior diversidade biolóxica, singular flora e fauna (caracterizada por unha alta porcentaxe de endemismos), así como por mor do seu intrínseco papel como conexión entre os ecosistemas terrestre e acuático.

A "Estratexia Galega para a Conservación e o Desenvolvemento Sostible da Diversidade Biolóxica" singulariza a especial importancia, fragilidade e o alto grao de ameazas dos ríos que poñen en risco a súa conservación, resaltando que a súa xestión sostible ten que ter un destacado lugar na axeitada aplicación da Lei de Augas e do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Os ecosistemas fluviais de Teo presentan diferentes especies de flora e fauna raras ou ameazadas, e as súas características físicas e biolóxicas son soporte de diversos hábitats naturais e especies que deben ser conservados polo seu interese comunitario. Estes acollen numerosas especies endémicas do noroeste, tanto de fauna, singularmente invertebrados, anfibios e réptiles, como de flora.

A súa vexetación de ribeira, característico ameneiral de influencia mediterránea, forma unha galería continua nestes cursos. Á alta calidade ambiental dos ecosistemas fluviais do municipio únese a presenza, nas abas máis avesías e costentas, de pequenas e estreitas fragas que constitúen, en conxunto, a mellor representación do arboredo autóctono no municipio. Nas chairas aluviais, as características veigas presentan altos contidos en sedimentos de grao fino e febles pendentes, desenvolvéndose solos cunha elevada hidromorfía (*cambisoles gleicos*, *gleysoles* e *fluvisoles*), nos que a retención de auga é elevada. Consecuentemente, nestas chairas desenvólvense comunidades freatófitas de distinto grao de madurez, brañas, salgueirais e ameneirais de portes arbustivos e arbóreos.

A destacada heteroxeneidade de hábitats, interconectados coas profusas e ben conservadas ripisilvas, fan dos sistemas fluviais unhas auténticas conexións biolóxicas. Función conectiva que, nun contexto urbano e de intensa humanización, ten unha especial importancia debido á elevada fragmentación dos hábitats naturais, incrementando, polo tanto, o seu intrínseco interese ecolóxico e paisaxístico. Ademais, a súa alta capacidade amortecedora fronte das avenidas, tamponizadora da contaminación (filtran a contaminación difusa evitando a eutrofización das augas) e melloradora da fertilidade edáfica, reverten nun incremento dos seus valores ecolóxicos e, xa que logo, da calidade ambiental do territorio.

A súa relevancia ambiental e papel estruturante do territorio municipal, hai que engadir o interese de manter as súas mellores condicións hidrobiolóxicas, pois constitúen o recurso hídrico fundamental para o abastecemento da poboación e, como quedou anteriormente reflectido, por ter os cursos principais das súas concas incluídos en espazos protexidos. A este respecto, a “Directiva Marco da Auga” (2000/60/CE) ordena previr calquera nova deterioración dos ecosistemas acuáticos e atinxir, como mínimo, o bon estado das augas no horizonte do 2015, para o que se fai necesario a súa xestión sostible, racionalizando o uso da auga e das actividades nos contornos fluviais, mantendo as especies silvestres e as súas comunidades características, e protexendo, conservando e restaurando o funcionamento dos sistemas naturais.

As redes fluviais do municipio presentan, xa que logo, grandes valores naturais, polo que constitúen espazos dun elevado interese e fragilidade.

Os espazos fluviais e humidais presentan numerosas debilidades entre as que destacan:

- Fragilidade do recurso hídrico e do ecosistema acuático.

Derivada da calidade intrínseca, acuíferos potenciais, etc.

Risco de contaminación. (subministro de auga potable ao municipio).

- Fragilidade da vexetación.

Complexidade e biodiversidade dos humidais, as ripisilvas e fragas asociadas aos ríos.

Alta naturalidade, á que se engade a súa singularidade (endemismos, biodiversidade, interese científico, rareza, etc.) e interese para a súa conservación en función das especiais condicións do medio.

- Fragilidade da fauna.

Derivada da diversidade e calidade dos hábitats.

Presencia de especies raras e ameazadas en España, etc.

- Fragilidade edáfica.

Singularidade da xeomorfoloxía, complexidade da fisiografía, inestabilidade, hidromorfía, etc.

Risco de erosión.

- Fragilidade da paisaxe.

Naturalidade e singularidade paisaxísticas.

Visión escénica.

- Posibilidade de afectar recursos históricos e culturais.

Valores patrimoniais de carácter histórico, etnográfico, etc.

Recurso cultural e recreativo básico do municipio.

As accións ou intervencións que poden orixinar afeccións aos seus valores ambientais e paisaxísticos son as mesmas sinaladas para os espazos naturais do municipio.

Identificación dos ríos e humidais que presentan valores ambientais.-

Humidais:

Brañas de Bouñou

Brañas de Paraxó

Brañas de Pías-Sestelo

Brañas de Feros

Brañas de Quintáns

Brañas de Lamas

Brañas de Atán

Ríos:

Río Ulla

Río Pereiro

Regueira de Malfurado

Regueira de Fontenla

Río de Santa Lucía

Regato de Covas

Regato de Rodullo

Rego de Procelas

Rego de Tribaldes

Rego de Quintáns

Rego de Cepeda ou da Laña

Río Tella

Rego da Auga

Rego das Laxes

Regato de Sebe

Rego de Vilanova

Rego da Gándara

Rego da Lagoa

Regueira de Outeiro
Río do Chao
 Rego de Loureiro
 Regueira de Caxade
 Rego de Sestelo
 Rego de Fornelos
 Rego da Ramallosa
Rego do Piñeiro
 Regueira de Vilariño
 Regueira da Baladiña
Regueira de Pazos
Regueira das Valiñas
Regato do Outeiro
Regato de Rial do Mato
Rego de Fontao
Rego de Tarrío
 Rego de Mosteiro
 Regueira da Silva
Rego de Curuxeira ou Chaián
Río Tinto
 Rego de Rodullo
 Rego de Adrán
 Rego de Fixó
 Rego de Carballal
 Rego de Fundexos
 Rego de Texexe
 Rego de Francos
Río do Barranco de Manzanillo-Angüeira
 Rego de Veitureira

Resto de cursos fluviais protexidos indicados en planos de ordenación.

Montes.-

Os montes de Teo posúen uns destacados valores non soamente pola súa condición de activos ambientais, contribución á conservación dos recursos naturais e da calidade ambiental, senón tamén derivados da súa elevada aptitude forestal e relevancia paisaxística.

Entre os seus servizos ambientais cómpre destacar o seu papel na protección dos solos e na regulación do ciclo hidrolóxico, na fixación de carbono atmosférico, así como reservorios de biodiversidade e elementos fundamentais das paisaxes.

A considerable extensión dos espazos forestais e a súa apreciable continuidade sobre amplos sectores do municipio e, moi especialmente, nas áreas cunha fisiografía máis complexa, configura, cun destacado perfil arborado, ao fondo escénico das paisaxes teenses.

Os seus valores patrimoniais pode convertelos nun recurso turístico de primeira orde, cun potencial que está intimamente asociado ao mantemento da súa configuración e calidade paisaxística.

No municipio existen notables extensións cubertas por formacións vexetais naturais, salientando os toxais queirugais. Estes matos seriais ou de substitución das carballeiras que cobren amplas superficies deforestadas das parroquias de Cacheiras, Calo, Lampai ou Lucí, amais da súa naturalidade e relevancia paisaxística, son fonte de recursos cinexéticos, melíferos, etc. Os montes con cuberta forestal xogan un papel básico na protección hidrolóxico ambiental, como protectores do solo fronte aos procesos erosivos, sendo básicos na regulación dos reximes hídricos e no mantemento da calidade do recurso. Ademais, as exiguas masas e orlas de arboredo autóctono (carballeiras acidófilas con xilbarda que, a carón do Ulla, incorpora sobreiras), con diferentes graos de madurez e estado de conservación, posúen elevado interese ecolóxico, pola súa contribución ao mantemento da biodiversidade, e constituír, xunto coas ripisilvas, a representación das formacións arbóreas autóctonas do territorio. Bosques naturais dunha elevada calidade visual e fragilidade (incrementada pola súa reducida extensión e notable fragmentación que condiciona notablemente a súa continuidade e viabilidade), nos que as alteracións teñen unha alta irreversibilidade por mor da súa dificultade de recuperación e baixa capacidade de absorción visual.

Os montes do municipio están a sufrir diversas agresións, entre as que cómpre salientar a frecuencia, reiteración e incidencia dos lumes, así como a excesiva proliferación e discutible dimensionamento das infraestruturas viarias da concentración parcelaria (que orixinan unha excesiva accesibilidade e fragmentación nos montes). Os incendios forestais constitúen unha grave perturbación ecolóxica que causa o empobrecemento e a perda dos seus valores e recursos ambientais, e negativas repercusións socioeconómicas. En consecuencia, os terreos degradados polos lumes deben ser protexidos para propiciar a súa rexeneración ambiental.

En canto á aptitude productiva, os solos dos montes de Teo caracterízanse por ser aptos para diferentes usos forestais. Presentan condicións óptimas a moi boas para piñeiros e eucaliptos, e elevada aptitude, nos solos profundos e de maior fertilidade, para castiñeiros e outras frondosas con maiores requirimentos edáficos.

Na valoración das súas fragilidades, amais da súa relevancia ambiental e productiva, son cuestións fundamentais as seguintes:

- Montes sometidos a un intenso proceso de degradación.

- Risco de incendios forestais:

 - Composición específica, formacións vexetais cunha alta combustibilidade.

 - Elevado grao de ameaza actual, cunha alta ou moi alta probabilidade de agresión (o municipio inclúese nas zonas con Risco Forestal definidas no Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais; a parroquia de Calo é un ámbito de actuación prioritaria como Zona de Especial Vixilancia Contra Incendios, establecida pola administración autonómica).

- Importante risco de erosión pola combinación dos devanditos factores.

En resumo, os montes presentan pola súa configuración e peculiaridades diferentes fragilidades entre as que destacan:

- Fragilidade da vexetación. Risco de incendios forestais.

 - Biodiversidade xenética.

 - Vulnerabilidade ante os lumes forestais en función da composición de especies, diversas causas estruturais (conflictividade, anomia, etc).

- Fragilidade dos recursos hídricos.

 - Risco de contaminación. (Fontes e mananciais base do actual fornecemento de auga potable ao municipio).

- Fragilidade edáfica.

 - En función da calidade do solo (grao de evolución) e da súa produtividade forestal. Presencia de zonas con risco de erosión.

- Fragilidade da paisaxe.

 - Configuración e preeminencia topográficas. Vistas panorámicas (condición de miradoiro natural) e escenario paisaxístico.

As accións ou intervencións que poden orixinar afeccións aos seus valores ambientais e paisaxísticos relaciónanse a continuación:

- Alteración por execución de obras ou infraestruturas forestais.

- Eliminación masiva da cuberta vexetal (cortas a feito).

- Acendemento de lume e queimas.

- Modificación dos usos do solo.

- Alteracións da drenaxe e do sistema hídrico.

- Emisión de contaminantes, vertido de residuos e produción de rúidos.

- Suburbanización. Edificación espontánea e urbanización desordenada do territorio.

- Acampadas.

- Instalación de carteis de propaganda.

Valores ambientais e paisaxísticos:

A continuación relaciónanse os que presentan notables valores ambientais e paisaxísticos:

Monte das Galáns

Monte de Pena Redonda

Montes de Busía-Póboa-A Pulga

Montes de Montouto-Raxeira-As Carballeiras-O Pombal

Montes de Ribas-Campo de Feros-Lagóns-Lamelas-Aguadela

Monte do Castro

Monte da Madanela

Montes das Estivadas-A Cavanela

Montes de Rúa de Francos

Monte Mangleiros-Fundexos

Monte As Galáns-Solláns
Montes de Santa Clara-Cruceiro Vello-Castro Mouro
Montes Corvillón-As Bouzas-Cruceiro de Ameixida-Agro do Monte
Monte de Abaixo-Monte da Cruz
Monte de Espisande-Monte da Angüeira
Montes de Cornide-As Seixas
Monte da Mámoa
Montes de Abaixo-Gandarela
Montes da Lagoa-O Cotón-Tras do Pego
Montes Cotón da Pedra-Cancela Vella
Montes de Portoameneiro
Monte da Palloza
Montes de Lampai
Montes de Outeiro Chan-Outeiro do Corno
Montes Mourón-A Raxeira-Couto de Miáns-Outeiro Piquiños-Chan do Pouso-A Costa
Montes de Eirís-Montouto
Montes de Lucí
Montes de Agoso-Moira-A Castiñeira
Monte do Souto
Monte dos Tallóns
Montes Pena de Agrela-Pena Veitureira
Monte dos Portos
Monte de Gondelle
Montes Cerrado-Castelo de Paizás-A Camposa-A Cruz de Lamas-Monte de Noceda
Monte de Abaixo de Lamas
Monte do Castro de Santa Marta
Monte dos Touros
Montes Valado-A Estivada-Monte de Abaixo-A Barxa
Montes Pouso Frío-As Xandras-Fontecova-Pena de Vilar-Outeiro do Corisco
Montes do Casal-Penacate-A Cruz do Xastre-Estivada de San Benito-Monte Cadride
Montes Riba do Pouso-Choíño-Monte de Covas- A Raxeira

Espazos agrarios.-

As áreas cultivadas do municipio presentan elevados valores socio ambientais. Estes son eidos basicamente libres de edificación, con terras que foron obxecto de concentración parcelaria, e manteñen unha notable actividade agrícola. A aptitude das terras labradas na Terra de Santiago, avaliada para un baixo nivel de manexo por Calvo de Anta e Macías (1992) é considerada como óptima para o cultivo no sector meridional e no val do Tambre e moi boa no resto do seu territorio. Os solos cultivados teñen unha elevada aptitude agronómica, mellorados polos seculares coidados culturais, sendo clasificadas as terras como de labranza sistemática ou de "primeira" nas diferentes clasificacións agrolóxicas.

A suma dos valores climáticos e dos recursos edáficos favorecen o seu elevado e diverso potencial productivo o que pode supoñer unha destacada riqueza agronómica.

Os solos de boa aptitude agrícola son escasos no contexto galego, polo que resulta necesario preservar de accións degradadoras a este escaso recurso natural. A progresiva redución dos espazos agrarios reforza a importancia estratéxica e revalorización dos eidos dentro da comarca como garantes do necesario balance territorial, así como do soporte da notable autosuficiencia alimentaria, da supervivencia cultural e factor diferencial do incremento da calidade ambiental.

Os eidos presentan pola súa configuración e peculiaridades diferentes fragilidades entre as que destacan:

- Fragilidade edáfica. Risco de erosión.

En función da calidade do solo (grao de evolución) e da súa produtividade agronómica e forestal.

- Fragilidade da paisaxe.

Notable estado de conservación e singularidade da paisaxe.

- Posibilidade de afectar recursos históricos e culturais.

Valor histórico cultural da organización e estrutura do hábitat.

- Interese sociocultural das actividades primarias.

As accións ou intervencións que poden orixinar afeccións aos seus valores ambientais e paisaxísticos relaciónanse a continuación:

- Ocupación destructiva do solo
- Alteración por execución de obras ou infraestruturas agrarias.
- Modificación dos usos do solo.
- Alteracións da drenaxe e do sistema hídrico.
- Eliminación da ripisilva e da vexetación de bordo.
- Emisión de contaminantes, vertido de residuos.
- Suburbanización. Edificación espontánea e urbanización desordenada do territorio.
- Instalación de carteis de propaganda.

1.2. ANÁLISE PAISAXÍSTICA. DELIMITACIÓN DAS CONCAS E ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO.

Na actualidade os estudos do medio contemplan a análise da paisaxe, xa que esta debe intervir na ordenación do territorio como un valor comparable ao resto dos recursos. Isto esixe que sexa considerada en toda a súa amplitude, valorando a súa fragilidade e, moi especialmente, a súa vinculación co potencial turístico recreativo dos recursos ambientais e culturais máis destacados do municipio.

As paisaxes de Teo insírense no contexto comarcal e paisaxístico da Terra de Santiago, onde no seu sector meridional domina a morfoloxía suave de amplas superficies de erosión e profusa rede hidrográfica e, que ten como resalte e destacado fito paisaxístico, ao Pico Sacro. As súas paisaxes presentan, ademais, diversos matices en función das interrelacións de dous gradientes:

- Un gradiente morfoclimático, no que de norte a sur vaise incrementando o índice de termicidade. As baixas altitudes xunto coa influencia oceánica introducen un matiz mediterráneo na vexetación da "Ribeira do Ulla" que, na medida que se afasta dos principais ríos e aumenta a altitude, vaise minorando. A dozura das ribeiras faise notar coa presenza das sobreiras e érbedos, coa aparición dos socalcos e as videiras, así como coas impresionantes residencias pacegas aquí asentadas.
- Un segundo gradiente orixinado pola desigual intensidade da influencia, proximidade e accesibilidade a Santiago, e que é, xa que logo, menor canto máis ao sur e se afasta das estradas principais.

No municipio é posible diferenciar as unidades paisaxísticas da Ribeira do Ulla e da franxa periurbana de Santiago. A Ribeira do Ulla, definida polos vales do río Ulla e os seus tributarios Santa Lucía e Pereiro, é unha paisaxe basicamente rural cun aceptable nivel de conservación. A franxa periurbana de Santiago, está, en troques, caracterizada por unha deficiente mestura urbano-rural.

A Ribeira do Ulla.-

O val do río Ulla, lixeiramente encaixado, agás nas confluencias cos seus principais tributarios, configura unha paisaxe moi humanizada con destacada dispersión do poboamento, mais sen grandes concentracións urbanas.

Os asentamentos esquivan o fondo do val do Ulla para situarse na parte alta e seguindo as redes hidrográficas de inferior orde (Pereiro, Santa Lucía, etc). O entramado parroquial é denso, sendo a densidade de poboamento media e os núcleos, en xeral, de pequena entidade.

A variedade morfolóxica da rede hidrográfica e a súa profusión estruturan o territorio en microcuncas, posibilitando unha heteroxénea retícula de vexetación natural intercalada entre os diferentes espazos productivos. A diversidade florística das ripisilvas, a súa continuidade e o seu notable estado de conservación, determinan a súa relevancia paisaxística.

O hábitat residencial e usos agropecuarios e forestais tradicionais, son o que máis presenza adquire dentro da paisaxe. No interior dos espazos cultivados non proliferan, en exceso, as edificacións residenciais desvinculadas da explotación dos recursos.

As condicións microclimáticas permiten a aparición de especies submediterráneas, destacando as sobreiras (*Quercus suber*) e erbedeiros (*Arbutus unedo*), e son favorecedoras dun elevado crecemento vexetal que se reflicte nos variados aproveitamentos, entre os que se inclúen a hortofruticultura, a floricultura, etc. Fan posible, así mesmo, o cultivo da vide, coa tradicional presenza de emparrados nos patios, hortas e o viario interior das aldeas, así como os seus elementos culturais asociados (socalcos, vimbieiras, etc.) e a súa proliferación actual nas lindes ou en novas e intensivas plantacións. A presenza da viticultura é unha das características definidoras das súas paisaxes, ás que dota de notable peculiaridade.

Na configuración da súa paisaxe as abondosas igrexas e santuarios, maillos frecuentes Pazos e Casas fidalgas constitúen, coa súa pegada, uns fitos relevantes.

A franxa periurbana de Santiago.-

Espazo inserido plenamente na dinámica urbana de Santiago, no que o entramado parroquial é pouco denso, en función das elevadas superficies parroquiais e, a súa densidade de poboamento, é alta. Os núcleos teñen tamaños medios e, en xeral, están entrelazados por mor da súa grande proximidade e pola importancia dos fenómenos de coalescencia.

A maior altitude e a situación setentrional vai degradando a influencia microclimática do Ulla e con esta desaparecen os cultivos especializados, a viticultura e as características submediterráneas na vexetación.

A pesar dos crecentes procesos de difusión urbana, os usos agropecuarios teñen unha notable representación e, nalgúns sectores, existe unha apreizable extensión da suburbanización agraria difusa. Xunto a esta, coexisten áreas industriais, urbanizacións difusas, etc, de implantación deficiente e marxinal, e, en xeral, froito dunha notable desorde urbanística.

Os fenómenos derivados da difusión urbana prodúcese en función da accesibilidade e proximidade coa cidade central e co matiz introducido pola xerarquía viaria, diminuindo co progresivo alongamento dos eixos tradicionais de crecemento urbano.

A mestura dos espazos residenciais provoca unha paisaxe en mosaico, onde se poden atopar teselas cun uso e tipoloxía residencial actual, coexistindo con teselas de hábitat residencial tradicional. Os crecementos nos ámbitos intercalares dos núcleos tradicionais de novas edificacións implantadas dun xeito anárquico ou como illas de urbanización pouco cohesionadas, despersonalizan a paisaxe dándolle, ao mesmo tempo, unha profunda imaxe desruralizada e suburbana. Estes procesos son máis patentes nas parroquias periurbanas de Calo e Cacheiras e, en menor medida, nas de Oza e Luou.

O efecto litoral, producido ao non existir unha axeitada transición entre os diferentes espazos residenciais, e destes co medio, xera situacións de elevada fricción e diminución da calidade da paisaxe.

Trala análise do contexto paisaxístico, cómpre realizar a valoración da fragilidade das paisaxes atendendo aos aspectos relativos á súa calidade visual, visibilidade e accesibilidade.

A valoración da calidade dunha paisaxe é unha actividade enormemente subxectiva ata o punto de que si se demandara a unha serie de persoas que adxudicase un valor, dentro dunha escala determinada, a unha serie de paisaxes, sería moi difícil evitar que as súas respostas fosen diverxentes dunha forma moi considerable. Por esta razón, puxéronse a punto unha grande variedade de metodoloxías que intentan evitar esta subxectividade, si ben, esta proliferación de metodoloxías é o mellor indicador de que non existe unha única capaz de satisfacer a todos os usuarios, senón que existirán unhas que serán máis adecuadas que outras para unhas determinadas circunstancias. Neste estudio optouse por un método pertencente á categoría dos métodos indirectos que avalían a calidade visual a partir das compoñentes da paisaxe, xa que van ser estes os que permitan minimizar a valoración subxectiva.

A elección das compoñentes a utilizar tamén introduce unha serie de problemas, mais existen unha serie delas que son aceptadas universalmente como válidas para este tipo de traballos de planeamento e, no presente traballo, soamente se van utilizar este tipo de compoñentes, polo que a obxectividade parece asegurada. Estas son a fisiografía, a cuberta e complexidade da vexetación, a proximidade ou a presenza da auga (ríos ou humidaís), a orientación e o grao de artificialidade. Defínense así unha serie de unidades ambientais nas que, complementariamente, se leva a cabo a valoración da súa singularidade e a diversidade e representatividade das súas compoñentes en relación coa paisaxe xeral do municipio, xa que estas características van contribuír de forma moi destacada a determinar a calidade ecolóxica.

O interese ecolóxico dos ríos e as arboredas fluviais, así como das súas fragas asociadas, é moi elevado en función da súa fundamental contribución ao mantemento da biodiversidade, e por constituír a mellor representación das formacións arbóreas autóctonas do territorio. A naturalidade e linealidade dos ríos e das súas ripisilvas que focalizan a escea estruturando as paisaxes, xunto coa súa singularidade e diversidade, posibilita que estes teñan unha alta calidade visual intrínseca. O grande atractivo visual destes contornos fluviais, caracterizados pola elevada calidade e fragilidade dos ecosistemas acuáticos, determina que constitúan uns conxuntos paisaxísticos de importancia local.

Os montes configuran cun destacado perfil arborado o fondo escénico das paisaxes teenses. A súa calidade visual intrínseca incrementábase naquelas áreas nas que estes presentan unha extensa e mesturada cuberta forestal con notable presenza de arboredo autóctono. A situación de dominancia das masas boscosas que se produce nos

emprazamentos cunha fisiografía máis complexa inflúe, notablemente, na valoración da calidade visual do contorno dos asentamentos.

A intervisibilidade valora a existencia de panorámicas amplas no horizonte visual de cada punto do territorio. Canto máis ampla sexa a súa conca visual, maior será a amplitude das súas visións escénicas. As panorámicas dos ríos e as súas veigas, das masas arboradas autóctonas e das zonas do territorio con singulares valores histórico-culturais incrementan a calidade visual das paisaxes. No termo municipal existen diversos puntos panorámicos dende os que é posible abranguer amplos sectores da Terra de Santiago. Nestes coexisten as propiedades realzadoras da paisaxe derivadas da profundidade da observación e da posición prominente respecto ao escenario paisaxístico, que permiten unha visión panorámica da comarca compostelá. Estas privilexiadas condicións danse, fundamentalmente, nas maiores alturas do municipio cunha elevada accesibilidade, Montouto e Pena da Póboa, e, en menor medida, na Pena da Agrela, facendo posible unha visibilidade de grande amplitude. Ademais, nos contornos dos principais ríos existen emprazamentos e itinerarios paisaxísticos (Camiños de Santiago), que ofrecen excelentes perspectivas destes nos primeiros planos e medios. Algúns destes puntos panorámicos constitúen, en si mesmos, uns fitos paisaxísticos nos que os seus valores patrimoniais teñen unha notable relevancia, Castros de Lucí e Santa Marta, Ponte Medieval de Pontevea, etc. Nos montes caracterizados pola súa fisiografía máis complexa, óptimas condicións de soleamento e forte exposición, a intervisibilidade é elevada polo que a súa fragilidade vese incrementada, singularmente no relanzo da superficie de achaiamento superior nos contornos dos Montes de Busía con forte accesibilidade á observación (autoestrada AP-9).

No municipio pódense individualizar diferentes concas paisaxísticas, inseridas na paisaxe comarcal compostelá, que presentan unha desigual fragilidade, entendida esta como o grao de deterioro que a paisaxe experimentaría ante a incidencia de determinadas actuacións.

- No nivel de achandamento correspondente ás terras drenadas polos principais tributarios do río Río de Santa Lucía nos seus treitos medios, Río Tella, do Chao, de Fornelos, etc, a sucesión de superficies horizontais e vales encaixados tradúcese nunha orixinal e contrastada beleza paisaxística.

As restrinxidas concas visuais dos asentamentos de Calo, de Cacheiras, da Ramallosa, de Luou, etc, son definidas, en torno ás principais redes fluviais, por un sistema de discretísimos resaltes con cuberta forestal continua que marcan as divisorias de augas das sucesivas subconcas. A silueta cónica do Pico Sacro, preside as paisaxes nos asentamentos orientados ao nacente. A maioría das vistas que se abren dende os diferentes núcleos parroquiais, nos planos medio e corto, correspóndense, polo tanto, cos seus achaiados eidos, individualizados entre os montes, nuns vales moi abertos e tendidos. Eidos rexidos xeralmente por asentamentos de pequeno tamaño, ás veces moi agrupados, que conformaban paraxes culturais con destacada interese paisaxística e que, hoxe en día, aparecen moi deterioradas pola intensa e desordeada colonización destes por novos usos e edificacións, mal integrados, que obvian e banalizan o soporte territorial preexistente.

A relevancia das redes viarias en relación co desenvolvemento dos asentamentos urbanos e a compartimentación e relativa planitude do territorio determinan unha forte direcciónalidade dos fluxos visuais e, polo tanto, unha discreta vulnerabilidade.

- No val de Santa Lucía, máis pechado e contrastado, é posible deslindar as concas visuais de Santa Lucía nos Tilos, en Oza, en Baamonde, en Vilariño e Lucí, etc, xerándose numerosos subámbitos matizados ben pola amplitude das veigas e a topografía máis ou menos complexa do val, ou ben pola importancia da cuberta vexetal e a exposición. En xeral, a fragilidade das concas visuais destes asentamentos ribeiráns, a pesar de non ter grandes dimensións e ser relativamente baixa a súa susceptibilidade, é notable por mor da alta calidade ambiental e paisaxística do río e as veigas, e por presentar un contorno rural ben conservado.

Neste val merece un estudio de pormenor a análise da fragilidade das paisaxes dos Tilos, por constituír a maior entidade de poboación do municipio e en función das peculiaridades do seu asentamento no territorio. A configuración paisaxística fortemente contrastada é unha das súas principais características, reflectida na complexidade da fisiografía, no desigual grao de artificialidade, nos usos contrapostos, etc.

Os regos de Covas estruturan unhas valgadas que presentan unha forte desimetría entre as súas abas. Nas pendentes máis suaves da marxe esquerda atópase a urbanización dos Tilos coexistindo coa paisaxe do asentamento tradicional de Cobas, cos seus eidos dominados polos prados e a súa estreita vinculación cos regos. O horizonte visual destes asentamentos polo sur está composto, no primeiro plano, por uns montes de esgrevia fisiografía. A maior complexidade desta vertente refórzase por unha mistura de teselas cubertas por pequenas carballeiras, prados, matos e cultivos forestais, nos que a presenza da vexetación autóctona nas marxes, contribúe a enriquecer as texturas das paisaxes,

incrementando a súa naturalidade. Este é un ámbito cunha moi alta susceptibilidade á observación, derivada da súa preeminente posición sobre o val, por onde discorren as principais infraestruturas viarias dende o sureste cara a Santiago, Autoestrada AP-53, N-525, FFCC Santiago-Zamora, etc. Ademais, as valgadas dos regos de Covas ábreanse ao nacente propiciando unhas moi boas condicións de exposición nas súas vertentes meridionais. A calidade visual do contorno dos Tilos é notable, e destacada a fragilidade das súas paisaxes.

- O Ulla presenta o tronco central do seu val e as súas estreitas veigas notablemente confinados en paraxes fluviais de grande intimidade. En Pontevea, os resaltes da Cruz do Xastre e Penacate conforman a escena paisaxística polo oeste, enmarcando as súas paisaxes e as do Couto de Pesca do Xirimbao, así como dos asentamentos ribeiráns, definindo as súas pequenas e restrinxidas conchas visuais. Polo norte, son os Montes dos Castros os que pechan o val e definen, así mesmo, as conchas visuais inmediatas da grilanda de asentamentos que ocupan o primeiro chanzo sobre o val. A calidade das paisaxes é elevada, con diversos graos de alteración do hábitat mais onde predominan as áreas rurais co hábitat tradicional ben conservado. A importante lámina de auga do Río Ulla entra na escea no contorno de Pontevea, na estrada A Ponte Ulla-Padrón e no Couto de Pesca do Xirimbao facendo posible a percepción dunhas paisaxes fluviais de moi alta calidade. En canto á fragilidade visual da paisaxe, prodúcese unha forte dualidade entre a relativa robusteza do achaiado banzo superior onde se asentan os núcleos rurais, fronte da maior vulnerabilidade dos ríos e as veigas. Esta é tamén moi relevante, pola súa intrusión visual, nas esgrevias abas dos resaltes da Cruz do Xastre e Penacate.

A partir da análise paisaxística pódese concluír que, a pesar da grande influencia que ten no medio e, en definitiva, nas paisaxes, o forte desenvolvemento urbano, xa que estas se atopan moi condicionadas polo seu impacto e dinámica, unha porcentaxe elevada do territorio presenta unhas paisaxes de alta calidade. Os enclaves da maior calidade e fragilidade correspóndense cos sistemas fluviais e os seus contornos, nos que as paisaxes son máis sobresaíntes pola súa singularidade, naturalidade e estado de conservación, constituíndo, xa que logo, áreas de interese paisaxístico.

A continuación relaciónanse os ámbitos que presentan notables valores paisaxísticos:

Río Ulla

Río Pereiro

Río de Santa Lucía

Río Tella

Rego da Auga

Río das Laxes

Río de Chao

Río de Piñeiro

Río Tinto

Rego de Rodullo

Rego de Fixó

Rego de Tarrío

As accións ou intervencións que poden orixinar afeccións aos seus valores paisaxísticos relaciónanse a continuación:

- Alteracións da drenaxe e do sistema hídrico.
- A formación de pantallas de edificación que imposibiliten a contemplación da paisaxe.
- Actividades extractoras a ceo aberto.
- Modificacións da topografía e movementos de terras precisas para o desenvolvemento de infraestruturas, abancalamientos e maila edificación.

- Eliminación masiva da cuberta vexetal.
- Acendemento de lume.
- Cambios dos usos do solo.
- Suburbanización. Edificación espontánea e urbanización desordenada do territorio.
- Instalación de carteis de propaganda e de infraestruturas de servizos técnicos.

2. A SOSTIBILIDADE DO MODELO DE ORDENACIÓN

A protección do medio natural converteuse nun obxectivo compartido pola sociedade e as administracións no marco duns novos criterios de desenvolvemento que garantan a sostibilidade do territorio.

Na elaboración dos instrumentos de planificación urbana, observar os criterios de sostibilidade manifestados na Carta de Aalborg é fundamental para axustar a xestión e desenvolvemento do territorio con base ambiental. A Carta de Aalborg sinala que “a sostibilidade ambiental significa preservar o capital natural. Require que o noso consumo de recursos materiais, hídricos e enerxéticos renovables non supere a capacidade dos sistemas naturais para repoñelos, e que a velocidade á que consumimos recursos non renovables non supere o ritmo de substitución dos recursos renovables duradeiros. A sostibilidade ambiental significa, así mesmo, que o ritmo de emisión de contaminantes non supere a capacidade do aire, da auga e do solo de absorbelos e procesalos. A sostibilidade ambiental implica ademais o mantemento da diversidade biolóxica, a saúde pública e a calidade do aire, da auga e o solo a niveis suficientes para preservar a vida e benestar humanos, así como a flora e a fauna para sempre...”.

Un importante desenvolvemento lexislativo, sectorial e urbanístico, acompañou recentemente este obxectivo de protección do medio natural, ampliándose os conceptos de protección e salvagarda dos recursos ambientais do territorio. Así, vense de producir a declaración do Río Ulla como “Zona de Especial Protección dos Valores Naturais” “Lic Es 1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza”.

Neste contexto, o planeamento urbanístico sostible fundamentouse na valoración dos recursos naturais, na preservación e mellora da calidade ambiental e na análise das características dos recursos endóxeos. Os criterios de sostibilidade foron interiorizados nas fases de elaboración do Plan, optándose, polo tanto, dende o modelo territorial municipal, polas alternativas que supoñen unha menor incidencia ambiental e un moderado consumo de recursos naturais.

O Plan Xeral establece unha ordenación protectora na maioría do termo municipal de salvagarda dos extraordinarios valores e recursos patrimoniais, consonte á declaración de parte do seu territorio como espazo natural protexido. Esta declaración determina, así mesmo, que as zonas lindeiras coas protexidas podan ser consideradas como áreas de amortecemento de impactos previstas na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia.

O sistema territorial herdado, recoñecido e regulado polo Plan Xeral, baseado nun poboamento disperso, si ben, relativamente compacto, optimizador do espazo co obxecto de sacar o maior partido dos recursos naturais, segue a ter vixencia pola alta calidade do seu hábitat e estar lonxe do seu esgotamento.

O réxime urbanístico do solo rústico configúrase, xa que logo, vencellado a outorgar unha especial protección aos valores naturais, agrarios, forestais, paisaxísticos, culturais, científicos, etc, incompatibles coa súa transformación. A súa efectiva protección constitúe un elemento positivo na estrutura da ordenación, e debe supoñer unha inflexión nos criterios de permisividade á localización diseminada e indiscriminada da edificación.

Os principais valores naturais do territorio están constituídos por un sistema hidrográfico no que se dan os maiores niveis de diversidade biolóxica e presentan áreas de moi alta naturalidade, conservando ámbitos perfluviais cubertos polo bosque autóctono, carballeiras e fragas representantes do bosque climácico. As redes fluviais son, polo tanto, elementos fundamentais na ordenación urbanística do Termo Municipal de Teo.

Os Ríos Ulla, Pereiro e de Santa Lucía, son integrados no PXOM, en función dos seus valores naturais, nun ámbito especialmente protexido que persegue complementar á Zona de Especial Protección dos Valores Naturais do Río Ulla, dándolle continuidade e estendéndoa ás áreas de maior fragilidade dos seus principais tributarios no municipio, non incluídas na devandita zona, de xeito que permita consolidar a súa protección integral.

A ordenación sostible destes espazos determina a necesidade de conservar e protexer os seus valores non renovables, que atinxe tanto aos intereses naturais, culturais ou paisaxísticos. A utilización racional dos recursos naturais que evite a degradación irreversible do medio, a regulación da permisividade das actividades incidentes no solo, a corrección de impactos e a rexeneración ambiental, son medidas imprescindibles para esta consecución.

Entre as prohibicións a asegurar no espazo natural protexido do Ulla, amais das determinadas no PHGC relativas á protección do recurso, cómpre impedir as seguintes accións:

- Variacións bruscas e repentinas do caudal causadas por aproveitamentos hidráulicos.
- A construción de novos encoros, así como a instalación de novos aproveitamentos hidroeléctricos.
- A extracción de áridos, a realización de canalizacións e dragaxes e a adecuación de praias fluviais con aportes externos de area.
- A introducción de especies alóctonas.

A mellora e fomento do axeitado estado de conservación das áreas fluviais e dos recursos hídricos do municipio é básica, polo que, á fin de manter as súas dinámicas e características naturais e a súa función como conexións biolóxicas, establecéronse uns ámbitos de protección específicos, evitando discontinuidades e optimizando a incorporación aos álveos de todo o sistema, humidaís, chairas de inundación, etc.

A presenza de poboacións sensibles nestes ríos e vales fai necesario que as actuacións desenvolvidas nos seus ámbitos, así como as intensidades dos usos, deban estar condicionadas por mor da súa fragilidade e do seu intrínseco valor ecolóxico. Neste sentido, os diversos recursos ambientais vencellados ao río Ulla nas proximidades de Pontevea, teñen un elevado interese como espazos complementarios de lecer, e están necesitados dun ordenamento e posta en valor en conxunto por mor da súa fragilidade ambiental e alta potencialidade turístico-recreativa.

As características do tecido primario de Teo, diversificado e fundamentado tradicionalmente no desenvolvemento dos propios recursos, cunha salientable modernización técnica e eficacia comercial, sitúa ao municipio nunha vantaxosa posición, e faino moi axeitado para a consecución, coas debidas acomodacións, dos obxectivos de sostibilidade. O mantemento de poboacións rurais viables deberá estar fundamentada na necesaria diversificación e no desenvolvemento dos potenciais do territorio.

O coñecemento e xestión eficaz dos espazos naturais e paisaxísticos, así como de todos os elementos que os integran, fará posible a súa conservación e a promoción dos seus atractivos como recurso. O territorio municipal ten elevada aptitude e notables potenciais para o desenvolvemento ecoturístico, actividades que, hoxe en día, están pouco desenvolvidas. Neste sentido, semella oportuno e axeitado profundar e dinamizar estas actividades no marco dos programas comunitarios, pola súa promoción e conservación do contorno cultural e natural, e a súa valoración dos recursos endóxenos. Promoción e beneficios que terán que redundar nas poboacións locais, e, moi especialmente, nas inseridas ou lindeiras cos espazos naturais protexidos, que deberán ter vantaxes comparativas en relación ao desenvolvemento ecoturístico do municipio.

Estes espazos naturais deben supoñer unha oportunidade para o deseño e a aplicación de medidas agroambientais específicas, ben para facer compatíbles a conservación co desenvolvemento da actividade agraria, ben para deseñar estratexias de comercialización dos produtos agrarios co esteo da calidade ambiental do territorio.

Afianzar a multifuncionalidade é básica para o desenvolvemento sostible do territorio. Sen embargo, esta debe fundamentarse nunha ordenación racional dos recursos naturais na que as metas de produción deben facerse compatíbles co mantemento da paisaxe e a conservación do medio ambiente. Os cambios de uso nos montes da Ribeira do Ulla que se efectúen para posibilitar o desenvolvemento da viticultura, deben ser regulados no que atinxe aos movementos de terras, á altura dos bancaís, ás edificacións auxiliares, etc, de tal xeito que se minimize a súa incidencia ambiental e se asegure a súa axeitada integración paisaxística. A xestión da paisaxe, fundamentada nunha ordenación sostible dos montes, debe ser unha prioridade na que se estableza unha ordenación de uso múltiple, onde a protección activa dos montes, a preservación e promoción do bosque autóctono e a conservación das ripisilvas, teñen que facerse viables verbo da responsabilidade e tutela municipal.

A valoración de aspectos de calidade ambiental e patrimonial singular como as paraxes fluviais, as áreas e fitos paisaxísticos e as fincas pancegas; a preservación, potenciación e mellora do valioso sistema de asentamentos municipais, así como o crecemento urbanístico selectivo e cualificado, orientan o desenvolvemento e ordenación do municipio en clave de sustentabilidade.

Os recentes procesos de suburbanización difusa supoñen unha ameaza para a calidade ambiental e maila axeitada preservación dos valores ambientais, productivos e paisaxísticos do territorio e, xa que logo, para a súa sustentabilidade. Resulta obrigado poñer freo aos procesos de diseminación reorientando a compactidade dos asentamentos co gallo de diminuír os riscos de degradación ambiental e paisaxística e minimizar o custo dos sistemas

de soporte e infraestruturais. Neste contexto, dende o PXOM optouse por preservar o sistema nuclear parroquial fortalecéndoo con actuacións específicas relacionadas coas melloras infraestruturais, dotacionais e de incremento da calidade do seu hábitat, mais mantendo a súa densidade acorde coa capacidade de carga do territorio. O Plan establece ademais un criterio xeral de respecto á escala do construído, identificando, protexendo e catalogando aos elementos singulares de arquitectura, e estendendo o catálogo aos elementos territoriais do patrimonio natural de maior relevancia.

A consolidación e completamento dos espazos centrais e a súa complementariedade como centros funcionais debe ser, así mesmo, outra das determinacións básicas para o desenvolvemento urbanístico sostible do municipio. Así, nestes acoutáronse uns ámbitos urbanos organizadores dos novos crecementos, diversificados, que aseguran o mantemento e mellora da calidade ambiental. As súas determinacións observan os “límites de sostibilidade”, “calidade de vida e cohesión social”, así como as “normas de calidade urbana” establecidas nos arts. 46, 47 e 48 da Lei 9/2002.

Outro dos obxectivos básicos do PXOM foi establecer unha oferta de solo industrial capaz de acoller as novas iniciativas e consolidar as existentes, mediante a axeitada clasificación de solo baixo criterios de racionalización do seu emprazamento no territorio, localizando áreas de maior aptitude topográfica e ambiental, e sen interferencias na accesibilidade.

2.1. ANÁLISE DA INCIDENCIA AMBIENTAL DO PLANEAMENTO

A Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 establece no apartado e) do seu artigo 15 que “os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio consideren inaxeitados para o desenvolvemento urbanístico en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sostible”, constituirán o solo rústico, debendo ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico.

Para asegurar a sostibilidade teñen que cumprirse as premisas básicas da xestión ambiental referentes a non exceder a taxa de renovación dos recursos naturais e a capacidade de asimilación de contaminantes polos ecosistemas, así como á distribución de actividades no territorio tendo en conta a súa capacidade de acollida.

A avaliación da aptitude do solo para o seu desenvolvemento urbanístico e a incidencia ambiental das novas implantacións urbanas abórdanse de seguido, coa previa diagnose sobre a capacidade de acollida do territorio.

2.1.1. Diagnose sobre a capacidade de acollida do territorio

A capacidade de acollida do territorio para o seu desenvolvemento urbanístico avalíase a través da integración da aptitude e o impacto para cada uso que se pretende implantar. Os usos urbanos, residenciais e industriais, optimizarán a súa localización cando se asignen aos lugares que contén coa maior aptitude e o menor impacto posible.

Unha das características definitorias do territorio municipal é o seu destacado patrimonio natural, cuxa diversidade e riqueza reflíctese no catálogo de elementos naturais.

Os ecosistemas fluviais e, singularmente, no Río Ulla e os seus tributarios Pereiro e de Santa Lucía, presentan uns extraordinarios valores ambientais e elevado interese paisaxístico, polo que constitúen, ademais, un recurso económico, cultural e recreativo básico.

As súas ripisilvas, formadas por ameneirais de portes arbustivos e arbóreos, teñen, xa que logo, elevado interese ecolóxico e paisaxístico que ben incrementado pola alta capacidade de amortecer as avenidas e posibilitar unha axeitada transición entre espazos intensamente poboados. Nas abas de maiores pendentes existen fragas que conectadas coa ben conservada ripisilva dos ríos máis importantes do municipio, fan dos sistemas fluviais unhas auténticas conexións biolóxicas entre os ecosistemas fluviais dos Ríos Ulla e Tambre, de recoñecida importancia para a conservación da biodiversidade e a paisaxe. A maior representación dos bosques autóctonos da Terra de Santiago atópase, xa que logo, nestes espazos, constituíndo unha paisaxe de maior naturalidade e interese ambiental ao atoparse as carballeiras en franca regresión nas provincias atlánticas.

A considerable extensión forestal do municipio, xunto co desenvolvemento dunha actividade industrial non agresiva co seu contorno, permitiron o mantemento dos valores naturais e paisaxísticos, destacando estes nos ríos e nos seus contornos. A significación paisaxística e valores ambientais das masas arboradas, unida ao elevado potencial productivo dos seus solos forestais representan unha das maiores riquezas do patrimonio natural de Teo. Así mesmo, os solos das terras cultivadas teñen unha elevada capacidade productiva e constitúen, polo tanto, un destacado recurso natural.

Neste contexto, asegurar o mantemento e mellora da excepcional calidade territorial implica a necesidade de preservar, restaurar e poñer en valor os seus recursos naturais e potencialidades.

Os espazos naturais e as áreas de interese paisaxístico son destinados á Conservación da Natureza por seren ámbitos con alta naturalidade e fragilidade considerándose, xa que logo, excluídos para o seu desenvolvemento urbanístico. O dominio público hidráulico e as súas zonas de protección, definidas pola lexislación reguladora das augas continentais, constitúen ámbitos cuxa protección é incompatible coa súa urbanización.

Os montes son, en xeral, tamén salvagardados por seren especialmente importantes en relación aos seus valores ecolóxicos, paisaxísticos, productivos e recreativos. Nas áreas afectadas ou ameazadas por lumes e naquelas con risco de erosión é absolutamente imprescindible a continuidade do réxime protector establecido no planeamento en vigor,

para asegurar a súa correcta xestión que posibilibite a recuperación dos seus valores e súa preservación dos procesos de urbanización.

Avaliación da aptitude do solo para o seu desenvolvemento urbanístico:

Entre os factores definidos para avaliar a aptitude do territorio, foron consideradas as diferentes características do medio. Os condicionamentos urbanísticos preexistentes son, así mesmo, tidos en conta, xunto coa distancia ás zonas urbanas e a súa accesibilidade.

En canto aos factores de localización para usos urbano residenciais, a preferencia para o establecemento de novas implantacións urbanas son os espazos contiguos ou próximos ás áreas residenciais existentes, xa que a influencia máis forte para a localización de actividades é o patrón existente na actualidade, por mor da dispoñibilidade dos servizos, infraestruturas e outros elementos presentes nos núcleos xa consolidados.

Pola contra, as zonas de fortes pendentes e de fisiografía complexa presentan condicionamentos para o asentamento residencial. Así mesmo, as afectadas por riscos naturais (chairas de inundación, cuncas de sedimentación, etc.), presentan unha alta incompatibilidade por seren inseguras dende o punto de vista xeotécnico, considerándose igualmente pouco convenientes para o seu desenvolvemento urbanístico. A este respecto, cómpre salientar o feito de que o “Plan Especial de Protección Civil de Galicia” define ao núcleo urbano de Pontevea e o seu contorno como área con “risco de inundación alto frecuente”. O resto do territorio municipal aparece tamén dentro das áreas con risco de inundación na categoría baixo. O Plano Hidrolóxico Galicia-Costa localiza no sur do concello dúas zonas con risco de enchente, nas que se deberán de establecer limitacións á edificación:

Río Ulla, con prioridade mínima.

Río Ulla inferior, con prioridade media (treito do río incluído entre o Vao e a confluencia co Sar).

Os seguintes criterios foron establecidos para a avaliación do impacto dos usos urbanos residencial e industrial: cobertura vexetal, usos do solo, capacidade agrolóxica, impacto visual e paisaxístico. Ademais, realízase unha análise dos valores de conservación dos recursos naturais do territorio dende os puntos de vista ambiental (interese botánico e ecolóxico das formacións vexetais), e paisaxístico.

Os espazos naturais teñen valores excepcionais, a continuación son os sistemas fluviais, as grandes masas boscosas e mailas ripisilvas das áreas agrícolas os espazos que teñen os valores máis altos.

Os usos tradicionais, agropecuarios e forestais, optimizan os recursos, xa que o territorio presenta solos ben desenvolvidos e de elevada aptitude productiva. Estes usos específicos fainos preferentes ante outros usos distintos dos actuais, nos que os cambios do uso do solo supoñen un impacto e a degradación do recurso e dos seus valores ambientais e paisaxísticos.

As terras cultivadas libres de edificación teñen alta vocación específica para estes usos polos seus valores productivos e por ser un activo factor de incremento da calidade ambiental urbana e rural. Os maiores valores de impacto prodúcense naquelas áreas que amosan aptitudes altas para a práctica agrícola, pola súa extensión territorial e configuración paisaxística.

Os ámbitos que propician paisaxes escénicas, con zonas de alto potencial de vistas e incidencia visual presentan alta incompatibilidade para usos urbanos, polo carácter e magnitude dos impactos paisaxísticos. A urbanización desordenada do territorio, orixina, así mesmo, a degradación das paisaxes rurais, comportando negativas repercusións cara á súa axeitada revitalización e promoción dos seus recursos.

2.1.2. Incidencia ambiental das novas implantacións urbanas

Os solos urbanos propostos perseguen o completamento e recualificación dos solos urbanos, así como dos solos de núcleo tradicional e de nova formación establecidos nas NNSS vixentes, polo que as súas incidencias poden considerarse como aceptables en canto ao consumo de recursos territoriais (as delimitacións son basicamente coincidentes coas do planeamento en vigor), e ás intensidades de uso.

Na avaliación da incidencia sobre o territorio dos solos urbanizables propostos no PXOM, tivéronse en conta os diferentes condicionamentos do medio ambiental e social, determinando a valoración global da súa incidencia ambiental, paisaxística e socioeconómica.

As implantacións residenciais propostas perseguen a concentración, completando e enchendo as tramas urbanas existentes. Os principais valores de conservación destes ámbitos derivan da presenza da profusa rede de drenaxe da Terra de Santiago. Os usos actuais do solo son maioritariamente agrícolas, e, en menor medida, forestais. No tocante ás fragilidades ambientais estas son, amais do sistema hidrográfico, principalmente de natureza edáfica e paisaxística (visual en función da súa situación, e en relación á calidade da paisaxe tradicional), sendo esta última dunha orde superior nos ámbitos adxacentes co E. N. do Ulla e os Camiños de Santiago. En xeral, o valor productivo dos solos é alto, sendo os valores paisaxísticos e ambientais caracterizados como medios, con lixeiras variacións nos ámbitos propostos en función da súa localización e peculiaridades. (Ver Fichas Resumo das Novas Implantacións e Propostas)

No tocante ás súas densidades e edificabilidade, os desenvolvementos propostos observan o establecido no art. 46.2 da Lei 9/2002 que regula os "Límites de sostibilidade", definidos en función do tamaño do municipio.

Os ámbitos definidos para acoller as novas implantacións residenciais están, en xeral, caracterizados pola súa aptitude topográfica e xeotécnica, así como pola súa incidencia territorial positiva. Sen embargo, co obxecto de optimizar a súa integración no medio, no presente estudo determináanse diferentes Medidas de Prevención, Integración Ambiental e Paisaxística.

No que se refire ás Medidas de Prevención de Impactos, considérase imprescindible a preservación e protección do dominio público hidráulico (DPH), e dos hábitats históricos e de maior fragilidade.

Preservación do dominio público hidráulico:

É preciso establecer uns ámbitos fluviais libres de edificación que eviten a alteración do DPH e a ocupación destructiva das marxes, nunhas franxas non inferiores á súa zona de servidume de uso público establecida pola Lei de Augas (R.D. Legislativo 1/2001, de 20 de xullo). Ademais, para lograr a protección efectiva do recurso e a continuidade das súas excepcionais calidades ambientais, é necesario que os novos desenvolvementos teñan que acomodarse á previa ou simultánea dotación dun axeitado e eficiente sistema de saneamento, depuración e vertido das augas residuais que, hoxe en día, son insuficientes nalgúns áreas do municipio. (Ver Informe sobre a Adecuación das Infraestruturas e Servizos)

Os ríos e humidaes deberán, entón, ser integrados no sistema de espazos libres públicos e parques fluviais. Sen embargo, os acondicionamentos para uso público teñen que ser coherentes coa dinámica fluvial e cos valores ambientais que se pretenden protexer, polo que se precisan actuacións, lixeiras e de carácter extensivo, que recuperen e consoliden estes espazos de interese ambiental, potenciando as súas características naturais. As actuacións deberán deseñarse e executarse coidadosamente de xeito que non provoquen a degradación do DPH e favorezan a diversidade biolóxica e a mellora da calidade paisaxística (asegurando a protección, recuperación e aumento do largo dos bosques autóctonos de ribeira, así como a preservación dos humidaes). Ademais, é preciso facer compatible a funcionalidade hidráulica cos usos recreativos do contorno fluvial, evitando que estes interfiran na dinámica natural.

Preservación dos hábitats históricos e de maior fragilidade:

Os hábitats históricos e de maior fragilidade, e as zonas que presentan unha fisiografía desfavorable ao asentamento ou que teñen unha relevancia paisaxística, deberán ser, así mesmo, preservadas e incluídas dentro dos sistemas de

espazos libres e verdes públicos para propiciar a axeitada integración territorial e na paisaxe das novas actuacións.

Toda vez que as áreas con maior fragilidade ambiental son convenientemente preservadas polas ordenacións propostas, caracterízanse como as incidencias negativas máis comúns a eliminación da vexetación e a degradación paisaxística e, fundamentalmente, o estrago e subexplotación de recursos naturais que o desenvolvemento das implantacións comportará.

As áreas con usos agropecuarios correspóndense, en xeral, con zonas de concentración parcelaria, polo que a eliminación de vexetación autóctona que se orixinará, é pouco significativa. Excepcionalmente, existen pequenas masas de árbores caducifolias autóctonas, abeirando os cultivos, que deberán ser preservadas e incorporadas nas zonas baldeiras de edificación dos ámbitos definidos.

No que respecta aos terreos forestais, estes están cubertos por comunidades seriais, matos de xestas e toxal-queirugais degradados, sobre as que se instalaron cultivos arbóreos de eucaliptos e piñeiros, e, en menor medida, inician a súa reforestación espontánea.

En canto ás afeccións nos recursos, o estrago e subexplotación do solo, recurso natural non renovable, caracterízase como negativo por tratarse de solos ben desenvolvidos, con aptitude agronómica e produtividade actual e potencial elevadas. Impacto permanente e de intensidade moi alta. Cómpre ter en conta, nembargantes, que os eidos afectados polas ordenacións propostas estaban, en boa medida, cualificados no planeamento vixente, ben como solos urbanos (URTA/MIR, etc.) e aptos para urbanizar (SAU-R/SAU-I), ou ben, como solos non urbanizables de núcleo rural e común (NT/NU)* e, en consecuencia, afectados por unha notable diminución da actividade agropecuaria derivada da súa localización lindeira coas infraestruturas e/ou solos en desenvolvemento. Nos montes, o grao de afección é moi superior, pois os ámbitos propostos estaban maioritariamente incluídos en solos protexidos polo planeamento en vigor.

- * Ordenanza NT. De solo non urbanizable de núcleo tradicional.
- “ NF. De solo non urbanizable de núcleo de recente formación.
- “ NU. De réxime normal do solo non urbanizable.
- “ MF. De protección e uso nas masas arbóreas.
- “ PF. De protección de ribeiras e canles.
- “ PA. De protección agrícola.

En función desta análise e, dado que os solos urbanizables delimitados propostos consumen, en conxunto, unha reducida extensión (inferior ao 2% do solos rústicos), valóranse as incidencias sobre este recurso como asumibles. Nos solos urbanizables non delimitados a valoración pondera, así mesmo, a relación existente entre a alta calidade e dispoñibilidade do recurso solo, no municipio, fronte á notable extensión afectada e o alto valor de conservación dalgúns ámbitos, considerándose a incidencia global como moderada. Deberase, xa que logo, para garantir un desenvolvemento urbano racional, condicionar o desenrolo destas áreas ao desenvolvemento das xa delimitados polo plan, priorizando e delimitando os sectores que supoñan o completamento das tramas dos agregados urbanos e da execución de novos servizos e sistemas xerais.

Nos ámbitos propostos para acoller as novas implantacións industriais, existen unha serie de circunstancias que aconsellan tratar de forma particular a intensidade e extensión relativa das súas incidencias, en función da súa desigual fragilidade paisaxística e ambiental. A implantación industrial, “SUD-9 PARQUE EMPRESARIAL DE TEO” incide, como se reflectiu con anterioridade, sobre “solos rústicos de protección e uso nas masas arbóreas (MF)”, polo que as súas incidencias sobre os recursos naturais e a permeabilidade ecolóxica do territorio, son avaliadas como negativas. Sen embargo, no SUD-9 concorren outros condicionamentos, en canto ao estrago e degradación de diferentes recursos e valores territoriais (o seu emprazamento, en abas con pendentes moderadas, e grande dimensión, fai que podan orixinarse impactos negativos nas augas e solos, derivados do incremento da taxa de escoamento, na biodiversidade por mor da acusada fragmentación dos hábitats orixinada polo impacto sinérxico derivado do efecto barreira do “Cinturón Circunvalatorio Exterior de Santiago”, na paisaxe pola intrusión visual, afeccións ao patrimonio cultural, etc). Incidencias que determinaron a toma en consideración, ademais das medidas contidas no devandito informe, de diversas medidas de integración paisaxística e ambiental.

En xeral, producíranse, tamén, impactos indirectos derivados do desenvolvemento das actuacións de urbanización relacionados coa construción de novas infraestruturas viarias e o acondicionamento das superficies, así como coas

consecuentes redes e instalacións de abastecemento e saneamento das augas, fornecemento de enerxía eléctrica, etc, mais a coherencia das actuacións e a súa planificación en profundidade, permitirá corrixir e minimizar a súa incidencia global. O planeamento de desenvolvemento dos solos urbanizables, plans parciais e de sectorización, deberá profundar na análise e avaliación das incidencias no ambiente, tanto nas fases de urbanización como de explotación, de cada unha das actuacións, definindo as medidas correctoras necesarias conforme ao establecido nos artigos 63 e 67 da Lei 9/2002, e a lexislación sectorial.

A intrusión paisaxística e cambio dos usos do solo son incidencias comúns nas novas implantacións localizadas a carón dos asentamentos tradicionais, sendo máis significativas cando implican unha alteración notable da paisaxe. No tocante ás afeccións na paisaxe hai que considerar ademais a fragilidade das zonas de baixa capacidade de absorción visual que poden verse afectadas, singularmente no contorno dos Camiños de Santiago e dos espazos naturais. Impactos visuais permanentes e caracterizados, a priori, como negativos por ocasionar a diminución ou perda da calidade da paisaxe preexistente. Nestes ámbitos establecéronse medidas de integración paisaxística. Estas consisten na axeitada acomodación topográfica da urbanización, diminuindo a densidade e altura das edificacións conforme se ascende na ladeira, fragmentando, ademais, a edificación para evitar o efecto cercado, así como na formalización dos viarios principais, seguindo as liñas de menor pendente do terreo, a xeito de paseos arborados.

A incidencia socioeconómica valórase como moi positiva pola súa contribución ao desenvolvemento integral e diversificación económica do territorio e polo incremento da calidade de vida e benestar da poboación.

Na avaliación global das incidencias no medio, referidas a cada unha das novas implantacións, foron valoradas ben como “Compatibles” aquelas nas que non se precisan medidas de integración pola súa pequena entidade, ou ben valoradas como “Moderadas” aquelas outras nas que se precisan unha serie de Medidas de Integración Ambiental e Paisaxística.

Existen, ademais, unha serie de medidas correctoras xenéricas que deben ser contempladas nos procesos de urbanización en función da calidade dos recursos que son afectados. Así, os solos fértiles extraídos nos movementos de terras ou que serán ocupados pola edificación e infraestruturas deberán ser aproveitados no seu horizonte superior (terra vexetal) e convenientemente manexados e almacenados de forma que poidan ser utilizados para a revexetación de taludes e tamaras, así como nos procesos de rexeneración e integración ambiental e paisaxística. En relación á protección dos recursos hídricos, tanto superficiais como subterráneos, deberá ser controlada a calidade das augas e verificado o dimensionamento correcto das redes de saneamento.

2.2. INFORME SOBRE A ADECUACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS

A continuación, conforme ao establecido no artigo 61 punto 4 da LOUPMRG, realízase a valoración da adecuación das infraestruturas e servizos necesarios para garantir os novos desenvolvementos en condicións de calidade e sostibilidade ambiental, así como a súa coherencia cos obxectivos de protección do dominio público natural.

No documento avalíanse as infraestruturas viarias e de transporte, as infraestruturas hidráulicas e os servizos de transporte público e de recollida de residuos urbanos presentes, así como as novas implantacións e ampliacións nestas, derivadas das determinacións do Plan Xeral.

Infraestruturas viarias e de transporte.-

A Área Urbana de Santiago atópase nunha importante fase de planificación e de execución de novas infraestruturas do sistema de comunicación, tanto no que respecta á infraestrutura viaria (“Plan Sectorial da Rede Viaria de Santiago, Ames e Teo”), como no referido á ferroviaria, que supoñen un significativo avance cara a lograr unhas axeitadas condicións de accesibilidade e á minoración da conxestión actual. A redacción do Plan Xeral, coincidente con este proceso de melloras infraestruturais, posibilitou, coa coordinación, integración e incardinación destas coas propostas de estrutura e de desenvolvemento urbano, a súa axeitada integración na estrutura urbana e territorial.

No que respecta ás infraestruturas viarias, o Plan Xeral incorpora as actuacións contempladas no “Plan Sectorial da Rede Viaria de Santiago, Teo e Ames”. Estas actuacións definidas pola administración autonómica, concrétnanse no termo municipal de Teo, no “Cinturón Circunvalatorio Exterior de Santiago. Treito As Galáns-Cacheiras e Ramal R-3 Pardaces-As Galáns” e no “Corredor Alternativo á AC-841”. No proceso de redacción do planeamento municipal propuxéronse dende este diferentes actuacións e medidas correctoras tendentes a reducir o seu impacto social e ambiental, así como unha mellor integración territorial.

A posta en funcionamento destas infraestruturas mellorará significativamente as condicións de accesibilidade entre o termo municipal e Santiago, así como coa comarca, liberando dos tráfico interurbanos ás vías de comunicación interiores, e facendo viables, polo tanto, as propostas de crecemento urbano establecidas polo Plan Xeral.

O Plan Xeral proxecta, ademais, a “Vía Transversal Fixó-Cacheiras-A Torre” coa fin de reducir a dependencia das estradas radiais (N-550 e AC-841). Esta nova vía, formalizada como Travesía Urbana, terá un papel determinante de cara á estruturación dos crecementos urbanísticos previstos nos agregados urbanos de Calo e de Cacheiras. Complementariamente, o Plan establece senllas actuacións de mellora das estradas transversais consistentes na ampliación e correccións dos trazados das estradas CP-8202 e CP-0205. Este conxunto de actuacións garanten, xa que logo, a calidade, funcionalidade e capacidade das infraestruturas viarias no municipio.

As restantes actuacións propostas polo Plan, configuran uns novos trazados, que pasan a constituír elementos primordiais da nova estrutura principal viaria de desenvolvemento interior dos agregados urbanos. O deseño das áreas de crecemento acompáñase de actuacións na estrutura viaria, nas que se apoia a ordenación, que cumpren co establecido nos LOUPMRG, en canto ao completamento das tramas urbanas e ás normas de calidade urbana. Estas vías presentan, en xeral, unha correcta inserción topográfica e un baixo nivel de incidencias ambientais, como corresponde a uns ámbitos caracterizados pola súas axeitadas condicións para acoller a urbanización e non afectar, significativamente, aos espazos fráxiles ou ambientalmente relevantes. Ademais, estas a miúdo aproveitan os trazados das infraestruturas viarias da concentración parcelaria. Nos viarios principais de nova traza xéranse un número reducido de interseccións coa profusa rede fluvial, ao estruturarse preferentemente de xeito paralelo aos álveos e, cando estas se producen, realízanse nos seus treitos de cabeceira, polo tanto, en regos de escasa entidade.

A integración territorial e paisaxística das novas infraestruturas viarias propostas fundaméntase, polo tanto, no principio de economía de medios, de tal forma que mediante a prevención se eviten os impactos negativos, xa que estas medidas preventivas son as mellores dende os puntos de vista ambiental e socioeconómico.

No que respecta á Nova Vía Transversal Fixó-Cacheiras-A Torre proxectada no Plan Xeral, esta supón un moderado impacto sobre o territorio pois propón unha traza óptima dende os puntos de vista da conectividade e accesibilidade, e cuns custos ambientais e económicos asumibles. A nova estrada sérvese en distintos treitos das vías preexistentes,

discorrendo entre estes por eidos concentrados, estimándose que as súas afeccións no dominio público serán mínimas, xa que as súas interseccións coa rede fluvial (Ríos Tella e Rego das Laxes), produciranse nos seus puntos de menor fragilidade. En todo caso, na definición dos proxectos deberase minimizar o efecto barreira para a mobilidade primaria nos contornos fluviais (da fauna, de accesibilidade aos eidos, etc.), singularmente no treito comprendido entre os núcleos de Santo Domingo e Casaldomiro, cun axeitado deseño das estruturas hidráulicas (evitando estruturas tipo marco ou tubo e observando o establecido respecto das Vías de comunicación, no Art. 244 do PHGC). e coa construción de vías de servizo.

Mobilidade urbana sostible:

Xunto ás substanciais melloras na accesibilidade derivadas das actuacións a desenvolver nas infraestruturas viarias, é necesaria, así mesmo, a consecución dunha mobilidade urbana sostible, cuestión de grande relevancia para aumentar a racionalidade enerxética no transporte, reducir a contaminación e incrementar a calidade de vida e ambiental.

A superación da conxestión provocada polo transporte en vehículo privado dependerá, en boa medida, da eficiencia na mobilidade na Área Urbana de Santiago. Hoxe en día, no municipio, existe unha infraestrutura básica do Servizo de Transporte Público, con diversas concesións e rutas que conectan as áreas urbanas coa cidade central circulando a través das estradas radiais, cuns estándares de utilización próximos aos do transporte público urbano. No eixo oriental as liñas Pontevea-A Ramallosa-Cacheiras-Santiago, e as liñas (12 e 6) Os Tilos-Montouto do transporte público urbano de Santiago, serven ao corredor urbano da AC-841. Pola súa parte, o corredor urbano da N-550 é servido polas liñas Ames-Calo-Milladoiro-Santiago e Luou-Calo-Milladoiro-Santiago. O Transporte Público, urbano e interurbano, constitúe o medio de transporte máis eficaz e axeitado ás características do territorio, sendo, polo tanto, a alternativa máis equilibrada e de máis doada integración ambiental e urbana.

A potenciación dos Transportes Públicos Urbanos, desenvolvida no marco do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia elaborado pola Dirección Xeral de Transportes, supón un primeiro avance na dinamización do transporte na Área de Santiago. Como complemento, e en previsión das necesidades derivadas da execución do planeamento, é necesario o reforzamento do autobús urbano en óptimas condicións de eficacia (fundamentalmente no Corredor da AC-841 onde está deficientemente desenvolvido), incrementando a súa frecuencia e, promovendo, así mesmo, dende a institución municipal, a creación de novas liñas de ámbito comarcal (implantando percorridos transversais que permitan o transvase de liñas entre as dúas estradas radiais).

O PXOM artella, ademais, diversas medidas que contribuirán decisivamente á sostenibilidade futura do sistema urbano de comunicacións, entre as que destacan:

- A vinculación dos crecementos residenciais, cun incremento na súa densidade e funcionalidade, cos novos ámbitos industriais e terciarios planificados, feito que intervirá de forma decisiva na optimización e racionalización do espazo urbano, e, así mesmo, na diminución dos impactos derivados dos movementos pendulares.
- A potenciación dos transportes colectivos derivada da posta en funcionamento do “Plan de Transporte Interurbano”, refórzase coa reserva de dúas áreas de equipamento de sistema xeral da infraestrutura de transporte, destinadas a albergar instalacións que posibiliten a implantación de Áreas de aparcamento e intercambio modal do sistema de transporte público, colectivo e privado como áreas de “park and ride”.
- A localización nas Galáns e Cacheiras, nuns ámbitos cunhas condicións óptimas de accesibilidade, destas reservas para implantar a intermodalidade do transporte (de transferencia e disuasorio, apoiada nunha ampla infraestrutura de estacionamento de vehículos) e servizos complementarios dos agregados urbanos.
- A formalización a xeito de Travesías Urbanas dos treitos das estradas N-550 e AC-841 no interior dos Agregados de Calo e Cacheiras, respectivamente, así como da Nova Vía Transversal Fixó-Cacheiras-A Torre, permite incorporar ademais do tráfico rodado aqueles tráfico brandos (beirarrúas e sendas peonís, carril bici, etc), tanto de ámbito urbano como territorial, xerando unha rede de viarios especializados complementados por percorridos alternativos, ao terse acompañado os viarios principais, por parques urbanos, fluviais e vías-parque.

Infraestruturas hidráulicas.-

A mellora da capacidade de abastecemento e da eficiencia do saneamento, depuración e vertido das augas residuais, ampliando o servizo ao ámbito municipal e garantindo a calidade e cantidade dos servizos ambientais no municipio, son cuestións prioritarias a resolver no novo planeamento para paliar as graves deficiencias actuais que están a condicionar o

desenvolvemento do municipio e o mantemento dunha axeitada calidade ambiental. A este respecto, cómpre ter en conta a declaración do Río Ulla como "Zona de Especial Protección dos Valores Naturais" "Lic Es 1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza", pola súa destacada fragilidade ambiental.

Saneamento e depuración:

O servizo de saneamento de augas residuais do municipio de Teo divídese en dous sistemas de depuración. Un sistema de depuración a base de Tratamento Biolóxico para os agregados de carácter urbano, apoiado nas tres estacións depuradoras existentes no termo municipal, e un sistema de depuración estático do tipo Decantación-Dixestión para os núcleos rurais.

O vertido das augas residuais canalízase cara ás dúas concas principais, ríos de Santa Lucía e Tinto. No leste do municipio (conca do río Santa Lucía) sitúanse as depuradoras dos Tilos (no río de Santa Lucía) e dos Verxeles (no río Tella) que recollen, respectivamente, as augas residuais de Os Tilos e Montouto e as dos agregados de Cacheiras, Recesende e Os Verxeles a través dos colectores do río Tella e do Rego da Auga. Na conca do río Tinto sitúase a depuradora de Francos que, a través do colector do río Tinto, recolle as augas residuais dos agregados urbanos de Calo e Milladoiro (Ames).

A depuradora dos Tilos e a recentemente construída en Francos, de características técnicas similares, aseguran o saneamento e depuración eficiente nas áreas ás que prestan servizo. Estas depuradoras son do tipo depuradora biolóxica de fangos activados, e foron dimensionadas, respectivamente, cunhas capacidades de depuración de 15.000 e 14.000 habitantes equivalentes.

A administración está a executar proxectos de ampliación da capilaridade da rede de saneamento en varias parroquias, ben conectándoas aos colectores xerais, ou ben resolvendo mediante depuradoras estáticas o saneamento dos ámbitos afastados.

A situación das infraestruturas urbanas de saneamento e depuración da subconca do río Tella son, aínda, claramente insuficientes e obsoletas, orixinando a degradación dos ecosistemas fluviais. Esta é singularmente acusada nos ríos Tella e Rego da Auga augas abaixo das depuradoras emprazadas no contorno dos Verxeles, cunha elevada polución orgánica que orixina un grave deterioro ambiental. Nalgúns núcleos, non conectados aos colectores xerais, o funcionamento dos sistemas de saneamento e depuración presentan tamén graves carencias.

As deficiencias de saneamento e depuración na conca do Río de Santa Lucía están en vías de ser parcialmente resoltas, coas seguintes infraestruturas proxectadas:

- Construción dunha Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR), emprazada Valiñas, próxima a Pontevea.
- Creación dun novo colector para recoller as augas residuais nos distintos puntos de vertido e transportalas á EDAR.

O proxecto, redactado pola Consellería de Medio Ambiente, consiste na construción dun colector desde a depuradora existente na Palloza (Os Verxeles), que logo será eliminada, ata a nova EDAR proxectada. Trátase dun colector duns 8.600 metros que discorrerá polas marxes dos ríos Tella e de Santa Lucía ata chegar á nova estación depuradora, situada á beira do río Ulla. Con este colector recolleranse as augas residuais das parroquias de Cacheiras, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Recesende, Reis, Teo, Vaamonde e Vilariño.

A EDAR de Valiñas, incorporada nas propostas do Plan Xeral, e culminada recentemente, ten capacidade para tratar as augas producidas por 11.500 habitantes equivalentes e foi proxectada de tal maneira que se poida ampliar ata dar servizo a 19.000 habitantes equivalentes. A infraestrutura conta cun sistema de pretratamento, reactor biolóxico con aireación prolongada con nitrificación-desnitrificación, decantador secundario e esterilización por hipoclorito sódico. Tamén se incluírá unha liña de fangos para tratar estes refugallo das augas residuais.

As estacións depuradoras, descritas anteriormente, permitirán cubrir a depuración de 48.000 habitantes equivalentes. Será necesario, polo tanto, aumentar a capacidade destas ata o máximo para resolver as necesidades de depuración da totalidade dos crecementos previstos nas determinacións do presente PXOM. O grao de capilaridade actual da rede de saneamento é insuficiente para dar servizo ás novas implantacións previstas, sendo necesario acometer unha profunda renovación das infraestruturas e a ampliación e reforzo dos servizos, fundamentalmente no agregado Montouto-Cacheiras.

En consecuencia, o Plan Xeral proxecta diversas obras nas redes de saneamento:

- Renovación e redimensionamento dos colectores xerais que discorren polos ríos Tella e Rego da Auga, nos treitos Montouto-Cacheiras-Palloza e Vilar-Recesende-Palloza.
- Ampliación da capilaridade das redes de saneamento.
- Implantación xeral dos sistemas separativos.

Neste punto cómpre indicar que no tempo transcorrido no proceso de tramitación do Plan Xeral foron executadas grande parte das actuacións que nel se contemplaban, relativas á mellora do sistema de saneamento municipal.

- Desta forma, na actualidade xa foi concluída a nova EDAR de Valiñas xunto co novo colector xeral de saneamento desde A Palloza, o que permitiu a eliminación da obsoleta EDAR de A Palloza, lugar no que se ten redactado un proxecto de recuperación ambiental do Río Tella, que será executado próximamente.
- Por outra parte foron acometidas diversas actuacións previstas de mellora das condicións de saneamento nos ámbitos dos núcleos rurais, xa previstas no documento do plan Xeral, tanto no que respecta na mellora da capilaridade da rede, como no relativo ás conexións da rede miúda coa rede de colectores principais; actuacións que se recollen pormenorizadamente na actualización producida nos planos de Información Urbanística e de previsións de Ordenación do Plan Xeral, relativas ás actuacións de infraestruturas hidráulicas.
- Por último, o Concello de Teo decidiu acometer unha importante actuación de diagnóstico e ordenación do seu sistema de infraestruturas, encargando a redacción dun Plan Director de Infraestruturas, que se atopa nas últimas fases da súa elaboración, contándose cun completo diagnóstico das redes e sistemas que se incorporan á actualización da Información Urbanística do Plan Xeral.

A programación do plan establece, así mesmo, o ritmo axeitado na programación dos novos crecementos, priorizando as implantacións de completamento das tramas urbanas nos agregados Reborido-Calo e Os Tilos-Montouto-Cacheiras. Programación, polo tanto, que establece a eficacia diferida nos solos urbanizados non delimitados, supeditada ao axeitamento desta infraestrutura con capacidade e cobertura territorial suficientes.

Por outra parte, cómpre valorar que a conexión do saneamento a unhas redes centralizadas esixe uns excesivos incrementos nos consumos enerxéticos e nos custos económicos e ambientais das obras infraestruturais necesarias, polo que é preciso avanzar na optimización completa dos sistemas de saneamento e depuración de cara a acadar un modelo ambiental, social e economicamente sustentable, reducindo a contaminación e promovendo o aforro e a eficiencia no uso dos recursos. Neste contexto, a progresiva redución en orixe das augas e contaminantes a tratar (implantando tecnoloxías de aforro e reciclaxe das augas), e a aplicación de sistemas ecoeficientes baseados nas tecnoloxías de depuración natural e de baixo custo, xunto coa implantación das alternativas de saneamento e depuración semi-descentralizadas que permiten unha mellor acomodación ás específicas necesidades de tratamento dos efluentes e á compartimentación xeográfica do termo, evitando o transvase intercuncas, deben representar as opcións de futuro.

No que respecta ao saneamento e depuración das implantacións industriais, cunhas específicas necesidades de tratamento dos efluentes, estas deberán resolver a depuración das augas de xeito individualizado, non podendo, polo tanto, conectarse directamente aos colectores xerais ou verter nos ríos, sen un pretratamento axeitado (preferentemente con procesos anaerobios). Cómpre lembrar, de novo, que os obxectivos de depuración das augas residuais teñen que ser coherentes coas necesidades de depuración dunha zona vulnerable (a rede hidrográfica dos ámbitos propostos está constituída por regos tributarios dos ríos Santa Lucía e Ulla, declarados espazos naturais protexidos). Ademais, no SUD-9 "Parque Empresarial de Teo", en función do seu emprazamento na cabeceira de varias subcuncas (cunhas redes fluviais de escaso caudal), así como do volume dos efluentes agardados pola súa grande extensión, estímase que estes excederán a capacidade de autodepuración dos regos, orixinando un severo impacto ambiental. Serán precisas diferentes medidas correctoras para previr e reducir efectos negativos nos ecosistemas acuáticos e nos recursos. Así, nos efluentes convenientemente tratados estudarase a viabilidade da súa reutilización nos procesos industriais. En todo caso, estes efluentes deberán conducirse aos colectores xerais das respectivas subcuncas que terán que ser convenientemente dimensionados e ampliados ata o ámbito, con anterioridade á súa posta en funcionamento. Así mesmo, no tratamento das augas de chuva débense valorar como prioritarios os sistemas de recollida e infiltración no terreo, polos seus negativos efectos sinérxicos e acumulativos.

Abastecemento de auga potable:

O abastecemento de augas do municipio de Teo basease fundamentalmente na captación de augas no río Ulla. Ademais, algúns núcleos rurais e as parroquias meridionais, non conectadas ás redes de distribución, fornécense de fontes e mananciais situados nos montes. Este dato da conta da importancia de garantir o equilibrio ecolóxico natural destes ámbitos fonte de recursos.

A depuradora localizada en Pontevea (Teo) ten unha capacidade de 4.000 m³ diarios, que tras pasar por un depósito intermedio en Rial do Mato (Reis), conduce a auga á Póboa, onde un depósito de 2.000 m³ fornece non soamente ás áreas urbanas de Calo, Cacheiras, Montouto e Os Tilos, senón tamén a áreas das parroquias de Calo, Luou e Oza, así como ao núcleo urbano da Ramallosa. A rede de subministración de auga potable alcanza, polo tanto, practicamente á totalidade da zona urbana e periurbana inmediata.

A administración municipal está a desenvolver diferentes proxectos técnicos de ampliación das redes de abastecemento. As novas redes de servizo proxectadas conectadas, ben á conducción xeral existente entre os depósitos de Rial do Mato, da Póboa e de Vilar de Calo, ou ben ás redes xerais de distribución, ademais de ampliar a capilaridade das redes nos agregados urbanos, cobren amplos sectores das parroquias meridionais.

O PXOM incorpora diversas actuacións que perseguen a racionalización dos recursos hídricos garantindo o abastecemento. Así, para resolver as actuais deficiencias do servizo e en previsión das necesidades derivadas dos novos desenvolvementos urbanos proxecta as seguintes actuacións:

- Reforzar a captación de augas no Ulla.
- Aumentar a capacidade do depósito de Cabanelas.
- Executar un novo depósito na Póboa, complementario do actual.
- Reforzar a conducción xeral entre ambos depósitos.
- Modernizar e completar as redes, aumentando a súa capilaridade, coa súa extensión a todo o ámbito urbano.

Actuacións que deberán ser executadas, no curto prazo, para asegurar o abastecemento de auga potable no municipio.

Ademais, contempla a ampliación do ámbito do servizo municipal de abastecemento, en aplicación das directivas europeas, a todo o sistema de núcleos municipais, abastecendo, en condicións de boa calidade e dispoñibilidade do recurso, aos núcleos afastados da rede de servizo urbana, por medio de pequenas captacións independentes mancomunadas e dotadas de contadores para cada usuario. Nestas deberase, polo tanto, procurar a instalación de estacións de tratamento de auga e, no seu defecto, realizar controis periódicos da calidade da auga.

Os proxectos de abastecemento deberán evitar o transvasamento de augas entre sistemas de explotación. En canto ás calidades de auga e garantías de retorno para usos industriais estarase ao disposto no Art. 2.8 e 2.9 do PHGC.

Complementariamente, é necesario que nas obras de ampliación do depósito da Póboa se contemplen medidas de integración paisaxística co gallo de diminuír a intrusión na paisaxe derivada do seu emprazamento, así como revalorizar os ríos como espazos de lecer da poboación de xeito compatible coa súa recuperación ambiental.

A xestión dos residuos.-

Os actuais servizos de recollida e tratamento de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) no municipio non presentan mellores comportamentos que os referidos para as infraestruturas hidráulicas, dotacións, etc. O tratamento dos RSU consiste na entrega dos residuos que non son separados para a súa reciclaxe a SOGAMA, S.A.

A capacidade e viabilidade na xestión do incremento do volume de residuos no municipio está vinculada, xa que logo, á deste complexo. Por outra parte, si ben a cobertura territorial da recollida semella axeitada, non ocorre o mesmo coas dotacións que son moi baixas e deficientes os servizos (a recollida selectiva acada porcentaxes moi baixas), cuns baixos niveis de eficiencia. A administración municipal, vistas as novas esixencias lexislativas en materia medioambiental e as necesidades derivadas do desenvolvemento urbanístico proposto (suporá uns incrementos notables na poboación urbana e, xa que logo, na produción de lixo), deberá definir os mecanismos e procesos máis axeitados para acadar a xestión integral dos residuos.

Un primeiro paso na dirección correcta vense de producir recentemente coa adecuación, selado e clausura do Vertedoiro Municipal da Lagoa. Ademais, estase a desenvolver neste a instalación dun “Punto Limpo” para seleccionar e almacenar os produtos resultantes da recollida selectiva, e asegurar o seu axeitado tratamento (actuación recentemente concluída e en funcionamento). Seguindo con esta liña, nas novas implantacións industriais deberase reservar, así mesmo, unha superficie mínima de 2.000 m² para a instalación de novos Puntos Limpos, de xeito que acheguen o servizo ás áreas urbanas en desenvolvemento.

A redacción dun Plan Municipal de Recollida de RSU que defina a planificación e xestión axeitadas ao territorio, desenvolva a recollida selectiva e os sistemas integrados de xestión, e promova a compostaxe, debe ser unha acción a acometer no curto prazo. Para lograr un servizo eficiente e de calidade, debe tamén estudiarse neste, a viabilidade do establecemento de servizos mancomunados.

2.3. FICHAS RESUMO DAS NOVAS IMPLANTACIÓNS E PROPOSTAS

ÁMBITO	SUD-1 REBORIDO NORTE
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 66.084 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,55 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais exteriores existentes na estrada N-550.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Planalto interfluvial do Reborido, pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario-Forestal. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: NU/MIR/NT VALOR PRODUCTIVO: Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Baixo VALOR AMBIENTAL: Baixo FRAXILIDADES: Edáfica Patrimoniais.- Camiño de Santiago.	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Compatibles.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Acondicionamento do Camiño de Santiago.	

ÁMBITO	SUD-2 ENSANCHE CALO NORTE
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 239.695 m². EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,55 m²/m² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Outeiro da Toxeira, pendente moderada. Abas da valgada do Rego do Rodullo, pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario/Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: NU/NT VALOR PRODUCTIVO: Alto/Baixo VALOR PAISAXÍSTICO: Baixo VALOR AMBIENTAL: Medio/Baixo FRAXILIDADES: Rego do Rodullo Edáfica	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade baixa) Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Preservación do Rego do Rodullo, integrándose na ordenación co sistema de espazos libres públicos. Establecemento dunha Zona Verde na área de fisiografía máis complexa do Outeiro da Toxeira.	

ÁMBITO	SUD-3 ENSANCHE CALO SUR
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 119.760 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,55 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Outeiro da Toxeira, pendente moderada. Abas da valgada do Rego do Rodullo, pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario-Forestal/Residencial-Industrial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: MIR/NU/NT VALOR PRODUCTIVO: Alto/Baixo VALOR PAISAXÍSTICO: Baixo VALOR AMBIENTAL: Medio/Baixo FRAXILIDADES: Edáfica	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade baixa) Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Establecemento dunha Zona Verde na área de fisiografía máis complexa do Outeiro da Toxeira.	

ÁMBITO	SUD-4 MONTE DO SIXTO
DESCRICIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes con usos mixtos residenciais e terciarios. SUPERFICIE: 196.057 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,50 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Outeiro da Póboa. Pendentes suave e moderada. Valgada do Rego da Auga. Pendente suave. USO ACTUAL: Forestal. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA*: SAUI-2/NT VALOR PRODUCTIVO: Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Medio baixo VALOR AMBIENTAL: Medio FRAXILIDADES: Rego da Auga. Edáfica. Patrimoniais.- Xacementos arqueolóxicos.	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Preservación do Rego da Auga coa súa integración nunha zona verde, Parque Fluvial do Rego da Auga, que posibilite a restauración ambiental do río e da servidume de uso público do DPH. Estudiaranse os xacementos arqueolóxicos e valorarase a necesidade da súa preservación e integración nunha zona verde.	

ÁMBITO	SUD-5 REGO DE AUGA
DESCRICIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 155.284 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,55 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes na estrada AC-841.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Valgada do Rego da Auga, abas do monte do Sisto. Pendente suave. USO ACTUAL: Forestal/Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA*: SAUI-2/NU/URTA VALOR PRODUCTIVO: Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Medio baixo VALOR AMBIENTAL: Medio FRAXILIDADES: Rego da Auga. Edáfica.	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (+) Socioeconómicos.	
VALORACIÓN GLOBAL: Compatibles.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Preservación do Rego de Auga coa súa integración nunha zona verde, Parque Fluvial do Rego de Auga en Montouto, que posibilate a restauración ambiental do río e da servidume de uso público do DPH.	

ÁMBITO	SUD-6 ENSANCHE CACHEIRAS NORTE
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 91.284 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,55 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Planalto interfluvial. Pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario/Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: NU/URTA VALOR PRODUCTIVO: Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Baixo VALOR AMBIENTAL: Medio baixo FRAXILIDADES: Edáfica	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade baixa) Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Compatibles.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA	

ÁMBITO	SUD-7 REGO DA RIBEIRA
DESCRICIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 41.571 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,55 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Valgada do Rego da Auga. Pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: NU/PF VALOR PRODUCTIVO: Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Medio VALOR AMBIENTAL: Medio FRAXILIDADES: Rego da Auga e Brañas de Atán. Edáfica.	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (+) Socioeconómicos.	
VALORACIÓN GLOBAL: Compatibles.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Preservación do Rego da Ribeira e as súas brañas. Formalización dunha zona verde, Parque Fluvial do Rego da Ribeira en Cacheiras, no contorno da servidume do DPH.	

ÁMBITO	SUD-8 ENSANCHE CACHEIRAS SUR
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 59.334 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,55 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Planalto interfluvial. Pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario/Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: NU/URTA VALOR PRODUCTIVO: Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Baixo VALOR AMBIENTAL: Medio baixo FRAXILIDADES: Edáfica	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade baixa) Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Compatibles.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA	

ÁMBITO	SUD-9 PARQUE EMPRESARIAL TEO
DESCRICIÓN-XUSTIFICACIÓN Implantación de carácter industrial-empresarial, en continuidade co asentamento industrial e de servizos da Estivada. SUPERFICIE: 692.550 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,50 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes no agregado urbano Montouto-Cacheiras.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Lombas e Outeiro da Póboa, Montes de Busía. Pendentes suave e moderada. USO ACTUAL: Forestal. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA*: MF/NU/NT VALOR PRODUCTIVO: Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Medio VALOR AMBIENTAL: Medio alto FRAXILIDADES: Edáfica. Degradado. Visual.- Paisaxe do asentamento tradicional da Póboa e das concas visuais de Santiago. Patrimoniais.- Xacementos arqueolóxicos.	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Incremento da taxa de escoamento, aumento do risco de contaminación. (-) Redución da superficie forestal do municipio. (-) Fragmentación do territorio e perda de permeabilidade ecolóxica. (-) Incremento de presión sobre hábitats naturais. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade media) Cambio dos usos do solo. Intrusión visual no ámbito noroeste. Alteración da paisaxe tradicional. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Implementar as medidas contidas no informe sobre a adecuación das infraestruturas e servizos. Desenvolvemento da actuación en bancais con revexetación, mediante hidrosementeira, dos noiros e tamaras. Establecemento das Zonas Verdes na área de fisiografía máis complexa do Outeiro da Póboa. Integración na paisaxe do ámbito situado ao noroeste co establecemento dunha limitación de alturas e cores nas edificacións e pantallas vexetais. Estudiaranse as alternativas de conexión co viario do Cinturón Circunvalatorio Exterior de Santiago, de xeito que se minimice a fragmentación do territorio. Estudiaranse, ademais, os xacementos arqueolóxicos e valorarase a necesidade da súa preservación e integración nas zonas verdes de sistema xeral.	

ÁMBITO	SUND-1 REBORIDO ENSANCHE
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 41.100 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,3 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Outeiro das Galáns, pendentes suave e moderada. Valgada do Rego do Rodullo, pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario (30%)-Forestal (50%)-Ermo/Residencial-Industrial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: NT/PA VALOR PRODUCTIVO: Alto/Baixo VALOR PAISAXÍSTICO: Medio/Baixo VALOR AMBIENTAL: Medio/Baixo FRAXILIDADES: Rego do Rodullo Edáfica	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade baixa) Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Preservación e restauración ambiental do Rego do Rodullo. Formalización dunha zona verde no contorno da servidume do DPH.	

ÁMBITO	SUND-3 OS TILOS II
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 117.124 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,30 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes nos Tilos.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Valgada dos Regos de Covas, pendentes suave e moderada. Abas de Montouto, pendente moderada. USO ACTUAL: Agropecuario-Forestal/Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA*: NU/NT VALOR PRODUCTIVO: Medio/Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Medio/Alto VALOR AMBIENTAL: Medio FRAXILIDADES: Regos de Covas. Arboredo autóctono. Edáfica. Visual.- Paisaxe do asentamento tradicional de Covas.	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica. (-) Eliminación de vexetación autóctona. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade alta) Cambio dos usos do solo. Intrusión visual. Alteración da paisaxe tradicional. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Preservación integral do Rego de Covas e formalización dunha zona verde no contorno da servidume do DPH, de tal xeito que integre ao arboredo autóctono existente. Integración paisaxística baseada nunha axeitada acomodación topográfica da urbanización, diminuindo a densidade e altura das edificacións conforme se ascende na ladeira, fragmentando, ademais, a edificación para evitar o efecto cercado. Formalización dos viarios principais, seguindo as liñas de menor pendente do terreo, a xeito de paseos arborados.	

ÁMBITO	SUND-4 CARBALLAL SUR
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 155.561 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,30 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión e ampliación das redes infraestruturais existentes no ámbito.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Valgada dos Regos de Carballal e Fixó, pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario-Forestal/Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SAUR-2/NU/URTA VALOR PRODUCTIVO: Alto/Baixo VALOR PAISAXÍSTICO: Baixo VALOR AMBIENTAL: Medio/Baixo FRAXILIDADES: Rego de Carballal e Fixó Arboredo autóctono. Edáfica	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade baixa) Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Preservación integral do Rego de Fixó e formalización dunha zona verde no contorno da servidume do DPH, de tal xeito que integre ao arboredo autóctono existente. As pequenas masas de árbores caducifolias autóctonas deberán ser preservadas e incorporadas nas zonas baldeiras de edificación.	

ÁMBITO	SUND-6 EXPANSIÓN MONTOUTO SUR
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 45675 m². EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,3 m²/m² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes no perímetro do ámbito; renovación, reforzo e ampliación dos servizos e infraestruturas do agregado Montouto-Cacheiras.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Outeiro de Montouto, pendente forte. Valgada do Rego da Auga, pendentes suave e moderada. USO ACTUAL: Forestal. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA*: NU VALOR PRODUCTIVO: Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Medio VALOR AMBIENTAL: Medio FRAXILIDADES: Edáfica. Visual.- Outeiro de Montouto.	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Alteración na hidroloxía superficial. (-) Incremento da taxa de escoamento. (-) Redución da superficie forestal do municipio. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Establecemento dunha Zona Verde na área de fisiografía máis complexa do Outeiro de Montouto. Establecemento de Zona Verde de Sistema Xeral, Parque Urbano do Outeiro de Montouto.	

ÁMBITO	SUND-7 CASCALLEIRA
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 117.390 m². EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,3 m²/m² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes na N-550.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Outeiro de Fundexos, pendentes suave e moderada. Valgada do Rego de Fundexos, pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario-Forestal/Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: NU/URTA/NT VALOR PRODUCTIVO: Alto/Baixo VALOR PAISAXÍSTICO: Baixo VALOR AMBIENTAL: Medio/Baixo FRAXILIDADES: Rego de Fundexos Edáfica	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade baixa) Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Preservación integral do Rego de Fundexos e formalización dunha zona verde no contorno da servidume do DPH, de tal xeito que integre ás áreas do Outeiro de Fundexos cunha fisiografía desfavorable ao asentamento.	

ÁMBITO	SUND-8 CIDADE XARDÍN CACHEIRAS
DESCRICIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 401.550 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,3 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes no perímetro do ámbito; renovación, reforzo e ampliación dos servizos e infraestruturas do agregado Montouto-Cacheiras.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Planalto interfluvial de Cacheiras, relevo achaiado. Valgada do Río Tella, pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario (80%)-Forestal (10%)/Residencial/Dotacional. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: NU/NF/PA/PF/PR/URTA/NT VALOR PRODUCTIVO: Alto/Baixo VALOR PAISAXÍSTICO: Medio VALOR AMBIENTAL: Medio/Baixo FRAXILIDADES: Río Tella Edáfica Visual.- Asentamentos tradicionais das parroquias de Cacheiras e Recesende.	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade media) Cambio dos usos do solo. Alteración da paisaxe tradicional. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Protección da paisaxe dos asentamentos tradicionais. A implantación deberá resolver a integración e harmonización cos tecidos rurais preexistentes.	

ÁMBITO	SUND-9 A RIBEIRA LESTE
DESCRICIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 61.657 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,3 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes no perímetro do ámbito; renovación, reforzo e ampliación dos servizos e infraestruturas do agregado Montouto-Cacheiras.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Valgada do Rego da Auga. Pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario/Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA*: NU/PF VALOR PRODUCTIVO: Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Medio VALOR AMBIENTAL: Medio FRAXILIDADES: Rego da Auga. Edáfica. Visual.- Asentamento tradicional da Ribeira.	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade media alta) Cambio dos usos do solo. Alteración da paisaxe tradicional. (+) Socioeconómicos.	
VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Preservación integral do Rego da Auga. Formalización dunha zona verde, Parque Fluvial do Rego da Auga en Cacheiras, no contorno da servidume do DPH. Protección da paisaxe do asentamento tradicional da Ribeira.- A implantación deberá resolver a integración e harmonización cos tecidos rurais preexistentes.	

ÁMBITO	SUND-10 CATRO-CAMIÑOS
DESCRICIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 70.060 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,3 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes, renovación, reforzo e ampliación dos servizos e infraestruturas do agregado Montouto-Cacheiras.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Planalto interfluvial. Pendente suave. USO ACTUAL: Agropecuario-Forestal/Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: NU/PA/NT VALOR PRODUCTIVO: Medio/Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Medio VALOR AMBIENTAL: Medio/baixo FRAXILIDADES: Edáfica	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade media) Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Compatibles.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA	

ÁMBITO	SUND-12 ÁREA MIXTA TERCIARIA/INDUSTRIAL PORTOAMENEIRO
DESCRICIÓN-XUSTIFICACIÓN Implantación dun área de localización de "industria escaparate", comercio e servizos, vinculada á estrada AC-841. SUPERFICIE: 142.597 m². EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,5 m²/m² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes na AC-841 e no río Tella, renovación, reforzo e ampliación dos servizos e infraestruturas do agregado Montouto-Cacheiras..	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Planalto interfluvial de Cacheiras, relevo achainado. Valgada do Río Tella, pendentes suave e moderada. USO ACTUAL: Forestal/Industrial-Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SAUI-1/NU/MF/PF VALOR PRODUCTIVO: Alto/Baixo VALOR PAISAXÍSTICO: Medio VALOR AMBIENTAL: Medio baixo/Baixo FRAXILIDADES: Río Tella Arboredo autóctono Edáfica Valores patrimoniais	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Aumento do risco de contaminación. (-) Redución da superficie arborada do municipio. (-) Fragmentación do territorio e perda de permeabilidade ecolóxica. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade baixa) Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Formalización dunha zona verde no contorno da servidume do DPH do Río Tella, de tal xeito que integre ás áreas con fisiografía desfavorable, o arboredo autóctono perifluvial e poña en valor os elementos do patrimonio etnográfico existentes. Implementar as medidas contidas no informe sobre a adecuación das infraestruturas e servizos.	

ÁMBITO	SUND-13 A RAMALLOSA NORTE
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes. SUPERFICIE: 113.194 m². EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,3 m²/m² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes na Ramallosa.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Planalto interfluvial, relevo achaiado. Valgada do Río Tella, pendentes suave e moderada. USO ACTUAL: Forestal/Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: NU/MF/PF/URTA VALOR PRODUCTIVO: Alto/Baixo VALOR PAISAXÍSTICO: Medio VALOR AMBIENTAL: Medio baixo/Baixo FRAXILIDADES: Río Tella Arboredo autóctono Edáfica Patrimoniais.- Achados arqueolóxicos.	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Redución da superficie arborada do municipio. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade media) Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos.	
VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Formalización dunha zona verde no contorno da servidume do DPH do Río Tella , de tal xeito que integre ás áreas con fisiografía desfavorable e o Arboredo autóctono. Avaliarase a posibilidade da existencia de achados arqueolóxicos e valorarase a necesidade da súa preservación e integración nunha zona verde.	

ÁMBITO	SUND-mp.15 O FERREIRIÑO
DESCRICIÓN-XUSTIFICACIÓN Concentrar, completar e encher as tramas urbanas existentes xurdidas ao marxe do planeamento. SUPERFICIE: 62.500 m ² . EDIFICABILIDADE BRUTA: 0,10 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais proxectadas, colector xeral da rede de saneamento no Río de Santa Lucía, e coa rede de abastecemento proxectada na parroquia de Reis.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Valgadas dos Ríos do Chao e de Santa Lucía, pendentes suave e moderada. Outeiro do Ferreiriño, pendente suave e moderada. USO ACTUAL: Agropecuario/Residencial. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: NU/PF VALOR PRODUCTIVO: Baixo VALOR PAISAXÍSTICO: Medio VALOR AMBIENTAL: Baixo FRAXILIDADES: Río de Santa Lucía Edáfica	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial moderados. (-) Aumento do risco de contaminación. (-) Redución da superficie arborada do municipio. (-) Degradación paisaxística. Cambio dos usos do solo. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Compatibles.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Establecemento dos corredores ambientais dos Ríos do Chao e de Santa Lucía. Preservación da área de fisiografía máis complexa do Outeiro do Ferreiriño, de tal xeito que se garante a protección fluvial e amortigüe, no contorno dos ríos, o negativo impacto na paisaxe do espazo natural do Ulla. Integración paisaxística baseada nunha axeitada acomodación topográfica da urbanización, diminuindo a densidade e altura das edificacións conforme se ascende na ladeira, fragmentando, ademais, a edificación para evitar o efecto cercado. Formalización dos viarios principais, completando os existentes, a xeito de paseos arborados.	